

ADRA

Nº18

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego

Santiago de Compostela 2024



Vidas migrantes: da historia individual ao relato colectivo. Xesús Fraga • **Historias de emigrantes.** Bieito Iglesias • **"Fuxide de aí". Relato emocional da emigración de mulleres courelás.** Neves Arza Arza, Begoña Bas López, Laura Cruz López • **Voces silenciadas. A traxedia das mulleres afgás.** Rahila Raya • **Da Unión de Visantña a Malabo.** Tiffany López-Ganet • **A emigración galega dos anos oitenta a EE.UU.: identidade, etnia e o rol dos centros de emigrantes no proceso de asimilación socio-cultural.** Anxo X. Brea Lestón • **Donas de seu? Unha mirada ás experiencias de emigración das mulleres galegas en Buenos Aires. S.XX.** Ruy Farías • **A transcendencia da migración galega na formación do anarquismo cubano.** Javier Colodrón Valbuena • **Os galegos en Lisboa no século XIX vistos polos estranxeiros.** Madalena Romão Mira • **Os "puntos cegos" da violencia machista** Sílvia Pérez Freire

ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Nº 18 - Santiago de Compostela 2024

ADRA · Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Museo do Pobo Galego - San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela

Consello de Edición:

Fátima Braña Rey
Begoña Bas López
Rosa Méndez García
Virtudes Pardo Gómez
Mercedes Rozas Caeiro

Colaboracións:

Gualteria Pintos Barreiro

Deseño e maquetación:

Juan Feáns

Impresión:

Tórculo Comunicación Gráfica

Asesoramento lingüístico:

Traducións ao Galego: (Mira, Farias, Colondrón, Raya)
Bieito Iglesias

Depósito Legal: C-2367-2005

ISSN: 1886-2292

Obra da portada:

Sebas Anxo
A casa de todos/as
"Collage" Técnica mixta s/papel
Instagram: @sebasanxo_obra

© da edición: Museo do Pobo Galego

© dos textos: As autoras e autores

ADRA é unha revista con periodicidade anual que comezou a súa andaina no 2005 co espírito de crear un soporte para a publicación de artigos de coñecemento científico e cultural desde Galicia.

Tentando chegar a unha ampla audiencia ADRA distribúese a través de intercambio con máis de 150 bibliotecas europeas.

Os temas que se abordan son todos aqueles relacionados coa realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego. A lingua da Revista é o galego. Os artigos que publica son orixinais e inéditos e foron sometidos a unha avaliación por pares mediante o sistema dobre cego, con garantía de anonimato.

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores.

O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

Esta revista está incluída nas seguintes bases de datos:

IN_Recs (Universidad de Granada): <ec3.ugr.es/in-recs/ii/Antropologia-2010.htm>

Dialnet (Universidad de La Rioja): <<http://dialnet.unirioja.es/>>

5

Vidas migrantes: da historia individual ao relato colectivo
Xesús Fraga

19

Historias de emigrantes
Bieito Iglesias

25

“Fuxide de aí”. Relato emocional da emigración de mulleres courelás
Neves Arza Arza, Begoña Bas López, Laura Cruz López

39

Voces silenciadas. A traxedia das mulleres afgás
Rahila Raya

55

Da Unión de Visantóna a Malabo
Tiffany López-Ganet

65

A emigración galega dos anos oitenta a EE.UU.: identidade, etnia e o rol dos centros de emigrantes no proceso de asimilación socio-cultural
Anxo X. Brea Lestón

81

Donas de seu? Unha mirada ás experiencias de emigración das mulleres galegas en Buenos Aires. S. XX
Ruy Farías

101

A transcendencia da migración galega na formación do anarquismo cubano
Javier Colodrón Valbuena

113

Os galegos en Lisboa no século XIX vistos polos estranxeiros
Madalena Romão Mira

131

Os “puntos cegos” da violencia machista
Silvia Pérez Freire

Vidas migrantes: da historia individual ao relato colectivo

Xesús Fraga

Xornalista e escritor
xesus.fraga@gmail.com

Resumo:

Catro anos despois da publicación de Virtudes (e misterios), neste artigo preséntase as motivacións e decisións que deu lugar á novela. Un proxecto demorado que leva ao autor a internarse nun territorio que lle resulta descoñecido porque cada libro precisa un conxunto de esixencias e regras de seu que, en moitas ocasións, hai que ir descubrindo segundo se avanza (ou retrocede). Levou tempo saber que o libro que se quería escribir abordaba unha parte da miña historia familiar no que se intercalan experiencias familiares. Este artigo permítenos ver os procesos da escritura, así como as liñas comúns do fenómeno da migración en Galicia nos anos 50 do século XX.

Palabras chave:

Escritura, migración galega, Londres.

Abstract:

Four years after the publication of Virtues (and mysteries), this article presents the motivations and decisions that gave rise to the novel. A delayed project that leads the author to enter a territory that is unknown to him because each book needs a set of requirements and rules of its own that, in many cases, you have to discover as you move forward (or backtrack). It took time to know that the book I wanted to write addressed a part of my family history in which family experiences are interspersed. This article allows us to see the processes of writing, as well as the common lines of the phenomenon of migration in Galicia in the 1950s.

Keywords:

Writing, Galician migration, London.

I

O proceso de escritura de *Virtudes (e misterios)* estendeuse algo máis dun decenio. Eu sabía que se demorara moito máis do que inicialmente contaba, pero fíquei abraiado cando me decatei de que superara os dez anos. Foi unha casualidade: cando empezabamos a saír do confinamento pandémico que marcou boa parte do 2020, unha amiga devolveume uns libros que lle prestara moito antes. Dun deles, *El día de mañana*, de Ignacio Martínez de Pisón, sabía que estaba dedicado, pero xa esquecera o que o seu autor escribira. Así que abrín a primeira páxina e lin: «Para el gran Xesús Fraga, amigo ya antiguo, para que se anime a terminar su novela familiar. Con abrazos, BCN, 2011». Esa novela familiar á que el aludía era, claro, *Virtudes (e misterios)*, que foi publicada por vez primeira en galego en marzo do 2020: xa que logo, nove anos despois da dedicatoria, da que se deduce tamén que o libro xa levaba tempo en marcha.

Non son poucos os factores que se alían para ir sementando de atrancos os camiños na creación non profesional: a necesidade económica dun outro traballo e a conciliación familiar, sen ir máis lonxe. Logo conta a capacidade de cada un para resolver as pexas e trasacordos singulares de cada disciplina ata concluír a obra. Neste caso, os retos que supón un libro: saber —ou máis ben intuír— que se quere contar e saber —ou de novo, intuílo— como. Por máis libros que un teña escritos, cada vez que afronta un novo debe internarse nun territorio que lle resulta descoñecido, onde as guías que lle foron útiles no pasado aquí poden perder parte ou toda a súa capacidade orientadora, porque cada libro precisa un conxunto de esixencias e regras de seu que, en moitas ocasións, hai que ir descubrindo segundo se avanza (ou retrocede). Eu tardei tempo en saber que o libro que precisaba escribir abordaba unha parte da miña historia familiar. O punto de partida era eu mesmo, pero debía mirar atrás para chegar a ese punto: eu nacera en Londres porque alí estaban meus pais emigrados, que, á súa vez, tomaran a decisión porque xa miña nai estivera antes varios anos, seguindo os pasos da súa, obrigada a marchar logo de que non houbera noticia dos cartos que prometera enviarlle o home cando, seis anos antes, embarcara no Santa María a Venezuela; neses seis anos tamén comezaban a ser máis escasas as noticias do propio avó, ata un silencio case absoluto. Sabía que quería contar: o decisivo cambio de rumbo que introduciu a emigración na miña familia, deixando unha pegada que se prolongaba en tres xeracións consecutivas.

Saber como contalo era máis difícil. Resumindo moito, presentábanseme dúas posibilidades: novelar eses feitos biográficos ou relatalos sen necesidade do disfrace da ficción. Escollín esta última. Decidilo así implicaba tamén unha decisión,



digamos, moral: ser fiel, ou intentalo en grao máximo, á veracidade do relato, o cal non supuña ter que contalo todo, senón saber ata onde había que contar. Fun consciente deste requisito cando, nos inicios mesmos das conversas na familia para saber máis, foi evidente que ese feito orixinal, a decisión do meu avó de emigrar a Venezuela en 1955, creara un trauma cuxas feridas só cicatrizaran en aparencia. Xa que logo, o relato ao que me obrigaba o meu compromiso coa historia debía ser coidadoso, coa memoria dos mortos e os sentimentos dos vivos, para non reabrir esas amarguras de xeito gratuito: de ter algún sentido, este debía ser catártico, tal e como pode actuar unha creación artística, distanciándonos da nosa experiencia ou ofrecéndonos un espello no que nos vexamos reflectidos dende un outro ángulo novo e ofrecernos unha mellor comprensión ou conforto dos transos complexos do noso espírito.

Manexar esa información sensible, sortear as trampas da memoria, ser honesto cos furados que aparecían aquí e acolá e impedían dispoñer dunha visión completa dun episodio foron algunhas das esixencias que me impuxo a escrita de *Virtudes (e misterios)*. Tamén me ofreceu non poucas recompensas. A facultade para entender ou polo menos ver con outros ollos as circunstancias que moldearan a parentes máis achegados ou máis distantes foi a máis importante. E non foi feito menor a certeza de que a impresión da emigración en nós era moito máis fonda e dilatada do que eu pensaba. Non só meu avó marchara a Venezuela, a súa muller e meus pais a Londres, onde eu viñera ao mundo. Por parte de nai, un irmán da miña bisavoa embarcara a Bos Aires mediada a década dos vinte, sendo el case un neno, para non volver nunca máis: na derradeira carta que se conserva del, pouco antes do seu pasamento, fala das netas que se veñen de graduar, unha

como mestra, a outra en corte e confección; unha das irmás da miña propia avoa xa a precedera na emigración, seguindo ao home seis meses despois de que el saíse nunha expedición de galegos á República Dominicana, coas dúas fillas —a segunda, unha meniña de meses— e a máquina de coser Alpha. E por parte de pai, había relatos dun tío avó que, logo dunha lea de verbena na que pensara que matara ao contrario —non fora letal—, escapou o máis rápido que puido; cando se detivo estaba en Francia, país do que tampouco habería volver.

Darlle coherencia e organización a ese relato custou moitas páxinas guindadas á papeleira mentres non atopaba un norte cara ao que me dirixir. Cada etapa no camiño trae un medo de seu. Tiña algún sentido todo o que levaba escrito? Tiña claro que aquela era a historia máis importante que como escritor podía ofrecer: estaría á altura das vidas dos meus devanceiros ou fallaría no intento? Quedábame o consolo de saber que, polo menos, a eles interesárialles ver como retratará os nosos vencellos e avatares. Pero e que pasaría se se publicaba? Sería quen de traspasar a mera anécdota doméstica ou un costumismo para conectar coas emocións de persoas totalmente descoñecidas?

Ao cabo, tantos anos despois da súa orixe, o libro atopou editora. Chegou ás librarías xusto na mesma semana de marzo do 2020 na que o goberno español decretaba o confinamento por culpa da pandemia de coronavirus: entrou en vigor xusto o día despois da data prevista para a primeira presentación: loxicamente, o acto suspendeuse. A edición en castelán, programada para unhas semanas máis tarde, adiouuse sen data. Dei por feito que entraría nunha sorte de limbo do que quizais lle custaría saír cando a situación sanitaria regresase á normalidade. Porén, os libros, unha vez saen do prelo, cobran vida propia: xa non pertencen a quen os escribiu, senón que procuran o que lles dá verdadeiro sentido, que alguén os abra, que dialogue con eles e que, a través da súa lectura, os faga seus.

E iso, para a miña sorpresa, foi o que aconteceu. Comezaron a chegar, por diversas vías, impresións desas lecturas. Algunhas eran chamadas telefónicas, outras eran cartas e, por fin, cando se levantaron as restricións de movemento e de reunión, en encontros azarosos, en clubs de lectura, en viaxes e actos. Refírome unicamente a lecturas anónimas ou sen ser concibidas para un fin expreso, como unha presentación ou unha crítica para un medio de comunicación. E todas tiñan algo en común: o relato da nosa historia, a historia da nosa familia, singular e aparentemente intransferible, removera lembranzas e emocións que coa súa lectura se vencellaban ás experiencias de quen se internara nas páxinas do libro. Había coincidencias, como os principais destinos migratorios —Venezuela e o Reino Unido— que centraban o relato, ou que noutras familias tamén fosen as xeracións de



avós e avoas os que, coma os meus, deixaran o mundo que coñecían por outro que nunca viran, parafraseando a Rosalía. Pero había moitas máis diverxencias: contactaban persoas que viviran a emigración en primeira persoa, pero tamén as fillas ou as netas. E non só aos mesmos países que nós: a Alemaña, a Francia, a Suíza. Dalgún xeito, a nosa familia convertérase en espello da súa, ofrecéndonos esoutro ángulo que permitía

revelar trazos inesperados, facer conexións novas, recoñecerse nun retrato alleo dun xeito máis doado que facelo no propio. «Cando len sobre a túa avoa, non a ven a ela, senón que están imaxinando a súa», explicoume un amigo un día que conversabamos sobre este tipo de respostas lectoras.

Aquel empeño que tanto puxera en tratar coa maior sensibilidade posible a nosa historia para non reabrir feridas, buscando, de poder conseguilo, un propósito cártico, acabara por acadalo en ás familias que, polo motivo que fose, lles remexeran fondamente as circunstancias da nosa emigración. Había, nesas respostas, algo de revelación, de sensación de ter atopado as palabras que expresaban o que sentían ou, tamén, que intuían que sentían pero non o sabían. «Había tempo que non lía algo que me removese deste xeito e creo que á vez me serviu de terapia», escribiu-me unha muller, das primeiras persoas en facelo. «Chorei moito, eu que non choro case nunca, porque me rompeu diques que coutaban sentimentos enquistados», afirmaba. Creo que esta lectora, que viviu a súa propia emigración en anos inmediatamente posteriores a miña nai, atopara en *Virtudes (e misterios)* unha experiencia análoga, na que se mesturaban o traballo e o sacrificio, as oportunidades para acceder a unha educación que na Galicia do seu tempo estaba vedada a unha muller humilde de clase traballadora, angueira que representa, no libro, o personaxe de miña nai:



«Con quen me identifiquei totalmente foi con Isabel. Tantas cousas en común! Segundo ía lendo a súa historia, ía revivindo a miña e íaseme reabrindo unha cicatriz mal curada da que non era moi consciente». Confío, e así o deducín polo resto da carta, que a lectura reabriu ese sentimentos non para deixar a ferida ao aire, senón para axudar a pechala dun xeito conciliador e reparador.



Outras comunicacións facían fincapé no esgazamento co que a emigración pode actuar: non só unha separación de seres queridos, senón tamén no máis íntimo da personalidade. «Eu tamén son filla de emigrantes e, aínda que non nacín alí, vivín toda a miña infancia e parte da miña adolescencia en Australia. Coma ti, á volta a España non foi o esperado. Estiven moitos anos sen saber de onde era»,

relatoume unha xubilada. Sobre esta frase, malia a súa aparente sinxeleza, pairan moitos dos dilemas derivados da emigración: un preguntarse e unha transformación da identidade propia, a necesidade de saberse aceptado, un camiño de ida e outro de volta, inseparables no que operan na máis importante escala, a humana. Igual que a miña avoa Virtudes era Betty en Londres, e igual que eu era Tony e non Xesús, había quen me citaba os novos nomes que, como nun renacer simbólico, a emigración escollía para quen entraba nela. «Entendo moi ben esa esquizofrenia que a emigración provoca», analizou un lector, quen partía desa dimensión do





íntimo para tratar de ver as súas causas nun gran personaxe colectivo: «Dalgún xeito o teu libro conta a historia do franquismo e personaxes como os da túa avoa e a túa nai son paradigmáticos daquilo que Unamuno chamou Intrahistoria, por máis que a súa historia medre no exterior».

Non podían faltar, xaora, as coincidencias máis literarias. A máis requintada, a dunha lectora afincada en Cataluña, a onde emigrou a xeración que a precedeu dende Andalucía. Ela seguiría os pasos da irmá maior e en 1967, aínda cos 17 feitos, marchou a Londres para traballar como au pair nunha familia inglesa malia non saber nin unha palabra do idioma (fora a afortunada da familia: ata os 14 puido estudar nun colexio

dunha cooperativa obreira). Un ano máis tarde entrou como enfermeira auxiliar no St Mary Abbots, o mesmo onde nacería eu e onde xa traballaba a miña avoa. «A cociña estaba en mans de Galicia. Creo que todo o persoal era galego», evoca. «En todo momento foron moi amables e agarimosos: engordei dez quilos. Almorzo, café de media mañá, merenda e cea eran visitas que non perdoaba. É posible que fose a súa avoa a que con gran viveza berraba que lle servisen un pouco máis no prato a aquela filliña española?». Non intimou máis coas galegas por timidez, pero subliña que sempre semellaban estar de bo humor e ela cría «levitar» cando a saudaban en galego ou español. Tempo despois abandonou os estudos de enfermaría e regresou para dedicarse ao ensino do inglés: outra coincidencia, desta vez con Isabel.

Pero non só se sentiron interpelados polo libro quen foron protagonistas directos da emigración. Tamén reaccionaron os que ficaron atrás, fillas e netas de emigrantes que só podían albiscar un chisquiño da vida dos que marcharan cando volvían de vacacións, cargados con agasallos, por suposto, ou deducila a partir de cartas polo xeral escritas con grallas, aproveitando o fino papel avión ata as marxes, como adoitan facer quen tiveron que deixar a súa instrución a medias ou case empezada por culpa de nacer nunha familia pobre en tempos nos que a escolarización non era, na práctica, un dereito de aplicación universal. Tamén pode-

rían inferir cousas grazas ás pintorescas historias que relataban nun galego que conservaba a súa cerna e prosodia, pero tamén permeable á incorporación de palabras na lingua propia da sociedade que os acollera, como doutras linguas dos países exportadores de man de obra —Portugal, Grecia, Italia, o Caribe, América Latina—



cos que coincidían en aloxamentos, empregos ou igrexas. Como imaxinar, por exemplo, a vida dunha muller, nai solteira, que en 35 anos de emigración en Londres nunca revelou alá a existencia dunha filla galega? E que durante o seu retorno polas vacacións á súa vez agochou a relación da parella coa que convivía na capital británica? Velaí unha dobre vida das que só podemos reconstruír fragmentos apañados como faragullas sobre os que construír, coa axuda da fantasía propia e da allea —un dos motivos polos que lemos—, esoutra existencia que nos foi negada, e que implica tamén a negación dunha outra vida para nós de non darse esa duplicidade.

Podería pensarse que *Virtudes (e misterios)* tería como principal activo ofrecer unha ollada sobre un período e aspecto concretos da emigración galega, nomeadamente a que tivo como destino o Reino Unido na década dos anos 60 do século pasado. E, como feito pasado, concluído e, xa que logo, susceptible de ser visto e narrado coa perspectiva que outorga a distancia temporal: por máis que os seus efectos se prolonguen ata o presente, non deixa de ser, por simplificar, unha «novela histórica». Porén, sería unha conclusión enganosa. En Galicia segue a haber emigración: chegan aquí doutros lugares, pero dende aquí tamén hai xente que marcha. É certo que a nova emigración diferénciase en moitos aspectos da que viviron as dúas xeracións anteriores: ensino medio e universitario, ampla formación específica, así como cultura xeral e mais idiomas. Tampouco o mundo é o que era: as comunicacións, tanto no transporte como a revolución dixital, permiten que alguén que marcha poida saber moito máis do seu destino do que sucedía hai apenas cincuenta anos. E tampouco é o mesmo viaxar a bordo dos barcos da Compañía Trasatlántica Española que facelo nun voo barato de Ryanair.

Pero hai cousas, como os puntos fixos para as matemáticas, aqueles que non cambian de valor sometidos a transformacións, senón que permanecen inmuta-

bles. Balizas que marcan os camiños da emigración: necesidades laborais e, por dicilo dalgún xeito, espirituais; morriñas e estrañamentos; procesos dialécticos, convivencia cultural; retornos económicos, de ideas, de persoas. Outro deses puntos fixos é a arañeira de complicidades que se tece entre migrantes, da mesma procedencia de orixe ou doutras distintas. Como me escribiu unha lectora galega desa nova xeración migratoria: «Agora son outros tempos, pero eu tamén recorrín á amiga dunha amiga que estaba emigrada aquí [en Londres] por se me podía botar un cabo. Realmente, axudoume moito, porque, sen coñecerme, me meteu na súa casa».

Estas lecturas, e outras, despexan a maior das dúbidas que me axexaban mentres escribía o que sería *Virtudes (e misterios)*. Non é casual que o título chegou case no último intre e que, durante o longo proceso, o arquivo se chamase *A miña familia e outros emigrantes*. Estas lecturas, xenerosas e cómplices, evidencian que o tratamento literario da emigración en Galicia non está esgotado. Nin moito menos. Existía, e existe, unha necesidade, quizais máis nun eido do subconsciente que na esfera da conversa pública, de afrontar este relato colectivo dende esas historias individuais que, tamén, son as de todos. O máis interesante deste diálogo co libro non é tanto que actúase a xeito de espello, senón que actúase en si mesmo coma un mecanismo de cata para dar co manancial soterrado das experiencias e lembranzas de quen lía. Precisamos de máis historias migratorias, xurdidas da imaxinación ou da memoria —que, no fondo, proveñen da mesma fonte—, que se movan nas coordenadas polas que nos orienta a literatura: pasado, presente e futuro.

E a miña familia? Debo dicir que acolleron o resultado con entusiasmo. Para min foi reconfortante saber que contaba coa súa aceptación, pero aínda o foi máis ver que a súa historia, contada con esforzo e vontade, estaba recollida nun libro. Un libro. Pertencentes á xeración para quen a letra impresa —as enciclopedias, os manuais, os periódicos— viña revestida coa dignidade e altura que se lle supón ao coñecemento, verse negro sobre branco foi un motivo de orgullo do que me sentín moi contento: deume fe, nestes tempos líquidos e confusos, na capacidade do libro para manter unha posición de primacía como artefacto de transmisión cultural e, máis aínda, para emocionar e comover.

II

Durante ese longo período de escrita mantiven diversas conversas con parentes para reconstruír os tempos que me precederan, para entender os seus sentimentos e poñer en perspectiva as súas lembranzas. Tamén falei con outras persoas ache-

gadas a nós, tamén emigrantes, contemporáneos da viaxe da miña avoa, compañeiras de fatiga naquel Londres onde se espallaban, aquí e acolá, retallos de Galicia. Neses diálogos había un nome que aparecía unha e outra vez: Montserrat. Montserrat, e tamén Begoña. Así se chamaban os barcos xelmegos da Compañía Trasatlántica Española que levaban e traían a moitos emigrantes galegos que elixían o Reino Unido como destino. Cando os lembraban, había unha evocación, quizais involuntaria,



deses buques como propios doutra época, xa clausurada: animais mitolóxicos dunha era anterior á que asistiran como espectadores, testemuñas que podían certificar a vertixe dos cambios no mundo nos últimos decenios.

Conforme escoitaba esas palabras e outras asociadas —Montserrat, Begoña, Covadonga—, que se repetían igual que un mantra, ficaba engaiolado polo seu feitizo. Cantas historias migrantes podían ter trasladados eses barcos? Non só unha por cada pasaxe, senón moitas máis, multiplicadas polas travesías. Porque con cada embarque, con cada desembarque, na banda de acó ou na de aló, a persoa era diferente. Non é o mesma quen marcha que quen volve. E, segundo se repite ese tránsito, se suman as transformacións ás que opera de por si toda experiencia vital. Na pescuda da miña familia eu comprobaba como a emigración modificara os rumbos de tres xeracións diferentes: homes inxenuos atrapados sen posibilidade de romper unha gaiola de soños de vindicación e plenitude; mulleres que, nin casadas nin viúvas, deben partir rumbo ao descoñecido cunha única certeza, o esgazamento e o sacrificio; nenas que medran sen pai e coa nai lonxe, de quen van sabendo polos envíos de obxectos tan necesarios para unha vida cotiá digna; rapaciñas que se forxan un futuro inesperado traballando duro en oficios de servidume co estudo de idiomas; meniños que medran nunha terra allea que, porén, senten como súa, mentres que a que debería ser a súa por xenealoxía os trata como alleos...

O 12 de abril de 1967, Bernardo Pérez, emigrante galego no Reino Unido, escribiu na súa axenda, baixo a palabra *Wednesday*: «Hoy salimos de vacaciones

para Cariño en el Montserrat». Dous días despois, o venres —*Friday*—, consigou: «Hoy llegamos a Cariño a las ocho de la tarde». Nesa travesía curta en tempo pero rica en experiencias ofrecíase un territorio fértil para explorar unha veta emocional da nosa emigración. O barco actúa como unha ponte que cruza unha terra de ninguén, mellor dito, unhas augas anónimas, nas que non son galegos en Inglaterra nin son emigrantes na casa de vacacións. Era, xa que logo, un espazo acoutado para extraer del os sentimentos propios dunha xeira migratoria: medo, ilusións, sufrimento, esperanza, desazo, morriña, necesidade, aspiracións, orgullo, dignidade. Canda eles viaxaban obxectos nos que as travesías tamén obraron transformacións análogas: vistas agora, son depositarias e custodias desas mesmas e outras emocións, artefactos que, igual que os barcos, semellan provir dunha era cronolóxica remota, testemuñas que confirman que en verdade existiu esa vida emigrante, complementarias da memoria e, ás veces, a única pegada da que dispoñemos, cando a persoa xa non está connosco pero o obxecto fica como un recordatorio de quen o posuíu algún día.

Pouco a pouco, nun proceso inverso ao tecido da arañeira solidaria da emigración, fun desenguedellando ese nobelo de lembranzas e pezas que, moitas veces, ficaran nun esquecemento do que cumpría sacalos, coma o arqueólogo que pescuda e atopa. Outras veces esas mesmas lembranzas e pezas formaban parte da paisaxe cotiá das persoas, presentes no seu maxín ou como adornos nas súas casas, e o traballo consistía en atopar o que un novelista chama o detalle revelador, ese intre ou cousa que representa moito máis do que encerran os seus límites físicos. Había que contextualizalos, interpretalos e presentalos como parte dun relato máis amplo, ese mesmo do que levamos tempo a falar, o da nosa emigración colectiva. Por exemplo, ese mesmo Bernardo que anotou a partida a Galicia e a chegada no *Montserrat*, tamén gardou a primeira libra que gañou como emigrante a súa muller, Pilar Arcos. Nese billete, a carón dunha representación da mítica loitadora Boadicca, escribiu: «La primera de Pilar». Tamén ela, unha muller loitadora, que, en conxunción con Bernardo, traballaron arreo para gañar esas libras que lles permitisen completar unha aspiración, a de se construír unha casa de seu no seu Cariño natal. A súa filla, logo do pasamento de pai e nai, atesourou esa primeira libra, cuxo valor vai moito máis alá do monetario: representa os esforzos e sacrificios de quen habitou un país alleo para ter unha casa no propio.

Como as faragullas que os nenos do conto infantil ían guindando polo camiño para non se perder cando chegase o intre de regresar, fun apañando ese rastro en obxectos que se converteran en metáforas, con toda a potencia dos símbolos. Velaí a máquina de escribir de Isabel, a súa primeira compra que se permitiu cos cartos gañados como limpadora e axudante de cociña nunha residencia para



maiores rexida por unha orde relixiosa; a mecanografía como un camiño á formación e a un posto de traballo, dos poucos aos que na España daquel tempo podía aspirar unha rapaza, o de secretaría: unha máquina na que logo eu, lonxe dese Londres natal, escribiría os meus primeiros contos en folios aos que debía engadir, con bolígrafo de tinta negra, os eñes e os tiles dos que o aparello carecía. Velá a vaixela que foi mercado Elena, peza a peza, cuns cartiños que ía separando das remesas que enviaba á familia en Galicia, International Money Orders dos que fican aínda copias impresas. Esa vaixela entende moi ben o xogo de té que trouxo Mary cando regresou definitivamente de Inglaterra logo de tres anos felices e fecundos para a súa economía, xa que o mozo co que ía casar non quería emigrar, por moito que ela lle falase de mellores traballos e mellores salarios: ese xogo de té formou parte do seu enxoval de noiva. As novelas de Agatha Christie de José Luis contan moito máis do que di o seu argumento: no barco que o levaba a Inglaterra levaba con el senllas copias do mesmo título, un en inglés e o outro en castelán, dos que ía lendo a mesma frase alternativamente nun idioma e mais noutro, o que foi un chanzo ben sólido para a aprendizaxe da lingua do seu outro país coa mesma confianza, expresión e dicción que se naceuse alá. Discos dos Beatles, fotografías de emigrantes vestidas con pantalóns, prenda aínda tabú para unha muller en moitas zonas da Galicia dos anos 60, osiños de xoguete que falan dunha infancia case británica, contratos de traballo, pasaportes —válidos para todos os países do mundo agás a URSS e análogos—, carnés de centros galegos, cámaras de fotos coas que retratar á filla que ficara atrás, porque o Reino Unido rexeitaba as mulleres e matrimonios de emigrantes que querían levar á crianza na súa nova vida...

O Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega tivo a xenerosidade de sintonizar coa proposta destoutro relato migratorio, centrado nun país, o Reino

Unido, do que pouco se ten falado en comparación con outros, e dende un enfoque orientado ás peripecias vitais e as emocións. Coa colaboración imprescindible do deseñador Xosé Barro, a montaxe do persoal da empresa Expo.gal e a amabilidade de emigrantes, empresas consignatarias, museos, institucións públicas e privadas, foi posible armar unha exposición, *As xeracións do Montserrat*, que se puido ver na Coruña, Vigo e mais Ferrol. Confluíron nestes espazos historias que a bo seguro se cruzaron alén de Galicia, no Reino Unido, mar por medio, sen a coñecerse. E fican documentadas no catálogo que complementa a mostra, no que intenta ser tanto unha reivindicación coma unha homenaxe modesta, incapaz de emular nin un chisquiño as emocións que transmiten esas vidas coas que a Galicia contemporánea contraeu unha débeda difícil de saldar.

Historias de emigrantes

Bieito Iglesias

Catedrático de lingua e literatura galega no Ensino Medio e escritor
bieitoiglesias@yahoo.es

Resumo:

A emigración é un factor constitutivo da identidade da Galiza contemporánea e da experiencia individual. O texto invita a recoñecer facer e sentir da ruralía autárquica galega, un mundo cosmopolita constituído polas resultado das migración das persoas achegadas. O texto invita ao recoñecemento dos devanceiros: desde aquel que gañou a vida léndolle o xornal a un cego porteño, inventando as noticias a gusto do seu empregador; ou aquel da xastrería de Regla onde o papá Benito cosía sacos, tamén o da cana de zúcre que contaba papá Manoel alá na Cuba dos ingenios. Un texto desde a lembranza, o recoñecemento e a identificación de sermos froito de múltiples migracións.

Palabras chave:

Experiencia migratoria, Galicia rural, familia.

Abstract:

Emigration is a constitutive factor of contemporary Galician identity and individual experience. The text invites you to recognize the doings and feelings of the self-governing Galician countryside, a cosmopolitan world made up of the results of the migration of close people. The text invites the recognition of the ancestors: from the one who earned his living reading the newspaper to a blind man from Buenos Aires, inventing the news to suit his employer; or the one in the tailor shop in Regla where papa Benito sewed sacks, also the sugar cane that papa Manoel told about in the Cuba of the ingenios. A text from the memory, recognition and identification of being the result of multiple migrations.

Keywords:

Migration experience, rural Galicia, family.

A emigración é un factor constitutivo da identidade da Galiza contemporánea e da experiencia individual dos nados nesta parte do mundo. Cinxíndome ás dúas xeracións que me precederon, direi que meus avós estiveron en Cuba e meus pais na Suíza, pero, se saímos da familia nuclear, cómpre anotar cinco tíos-avós que marcharon a Bos Aires para nunca volver, un tío finado en Venezuela en 1970 e dúas tías que andaron por Zurich, París, Casablanca, Caracas e Newark antes de regresar a Ourense.

Crieime nun mundo moi viaxado e cosmopolita (o da ruralía galega autártica antes de que fose abducida polos alieníxenas, proceso que coincide co pase por televisión da serie *Los invasores*), sentindo falar dun devanceiro que ganou a vida léndolle o xornal a un cego porteño, inventando as noticias a gusto do seu empregador; e da xastrería de Regla onde o papá Benito (meu avó paterno) cosía sacos ou da cana de azucre que contaba papá Manoel (avó materno) alá na Cuba dos *ingenios*. Parentes e viciños informáronme de como se moía a cana, dos tanques de melado e da destilación do bagazo para obter augardente. Tamén dos perigos da zafra, unha seitura que obrigaba aos segadores a durmir ao serao expostos ás alimarias de dúas pernas (os bandidos), pois naquela *manigua* apenas existen bichos perigosos descontando os mosquitos e malia a mitificación do *majá*, unha cobra inofensiva.

Un emigrante coevo dos meus vellos, o Tocante, contou que o comían os mosquitos cando durmía ao raso e non encontraba máis alivio que sepultarse nunha morea de canas chapodadas. Esa estratexia que quería evitar o martirio dos ferretes dos anzóns salvouno de ficar alá nos canedos para sempre. Na alta noite espertou cos berros espantosos dos compañeiros e chantou debaixo do feixe de canas como un coello medrán. Nin sequera saíu cando cesaron os laios e caeu sobre o canaval un silencio sinistro, esperou ao abrente para sacudir o manto que o cubría e encontrouse co espectáculo estarrecente dos seitores de pescozo degolado, vítimas de salteadores criminosos que os privaran da paga semanal e da vida.

Estudei nun edificio construído en 1916 con cartos da asociación de emigrados a Cuba "Progreso de Coles", onde se estableceu unha escola laica que ensinou ata 1936, data en que foi expropiada pola ditadura. Esa escola, pagada por emigrados, xestionada pola Sociedade Agraria local e inspirada na pedagogía de Ferrer i Guàrdia chamábase *La Luz*. Cando me acolleu a min xa era "escola nacional" franquista e hoxe o predio serve de Casa Consistorial do Concello de Coles. Unha foto da sesión inaugural daquela escola iluminadora figura na portada dun libro do historiador Raúl Soutelo Vázquez -*Emigración, negocios e política na Galicia*

rural. Coles (1887-1940)-que precisa o impacto dos retornados na economía, na política e na cultura, de por parte da súa influencia nas crenzas relixiosas ou nos costumes.

Cando eu tiña tres anos, en 1960, estaba emigrada o 56% da poboación da provincia ourensá, diáspora que coas divisas remesadas convertera a Caixa de Aforros da capital miñota na máis rica en depósitos entre as entidades de aforro españolas. A arroiada emigratoria promovíase desde o poder tardofranquista, através dun Instituto Español de Emigración que organizaaba expedicións ferroviarias de conterráneos que partían cara Suíza, Alemaña ou Franza provistos de malas de cartón e de medallas da Virxe do Carme distribuídas pola igrexa nacional-católica. As divisas chegadas do estranxeiro modificaban a cidade do fondo á cima, rectificaban a liña do ceo con novos predios que inzaban como fungos (por caso a Torre San Martín, de 19 andares), promovían a creación do colexio dos Maristas gañador do concurso televisivo *Cesta y puntos* e o Festival do Miño que arremedaba Sanremo -onde triunfaban Los Mismos cantando *Una vez*- ou financiaban a marca de cervexas Sanmartín.

O franco suízo sacábanos do burato onde nos metera o Franco de Ferrol, creaba barrios inteiros, convertía o negocio inmobiliario nun xogo do monopoly, os pisos comprábanse sobre o plano e había que importar arquitectos de Madrid porque os enxebres non daban feito.

Como se vivía todo ese febricitado *desarrollismo* a pé de obra? Diría que, en xeral, con optimismo, para os ourensáns de entón corría en verdade unha década prodixiosa de xeneralización dos "futingos" e das motos (Seiscentos e Vespas), de escapadas veraneiras aos areais de Marín ou Samil, de consumo de televisores e outros electrodomésticos, de festas de pote e de míticas orquestras de baile nas rúas: La Florida, Sintonía, Satélites, Compostela, Bellas-Farto, etc. Os pescos do Miño volvéronse albaneis ou choferes de "carrito" (autobús urbano) porque o encoro de Castrelo xa non deixaba pasar as anguías pero, en troca, había diñeiro nos petos para acudir aos merendeiros dos arredores da vila e os meniños accediamos ás lambetadas (Conguitos e piruletas), ás sesións de cinema infantil e ao circo Feijóo ou da Ciudad de los Muchachos,

Non é milagre que moitos indíxenas daquela camada sexamos fans da Confederación Helvética que trouxo fartura e pagou carreiras universitarias. Amabamos os Alpes nevados, os cervos e os esquíos que viamos nos tomavistas que os pais nos traían de agasallo desde a Engadina, os cantóns alemáns ou franceses, aínda sen saber que aquel país era o da neutralidade pacífica, o dos referendos e o exército

de milicias, unha nación que prefire a historia con minúscula e iguala o valor do universo ao dunha pinga de auga. As estatísticas din que eramos uns pobretes: en 1963 as camas hospitalarias por habitante eran en Ourense 2,15 contra 4,44 no conxunto hispano, a media de médicos na pelica de touro era un por 746 habitantes e onda nós computábase un matasáns por 1.176; e a provincia batía o record de mortalidade infantil entre as corenta e oito españolas. Os traballiños dos nosos familiares ausentes (así dicían no radio en programas de cantigas dedicadas: *A Benito Iglesias Araújo en el día de su onomástica, de parte de sus padres ausentes*, *El emigrante en la voz de Juanito Valderrama*) e o valor do franco, trece pesetas ao troco, emendaron esa inopia de subdesenvolvidos que tamén non nos parecía para tanto, daquela eramos menos *progresistas* e non nos considerabamos xigantes a ombros de ananos, como se consideran os membros da clase *aspiracional* de hoxe.

En fin, de calquera xeito o fenómeno migratorio tiña unha cara B, porque non hai nada perfecto e porque todos somos fillos do azar e da fatiga. Poño por caso a experiencia da miña nai, que marchou nun tren cara ao Hotel Belvedere, alá no cantón dos grisóns, onde defendería o traballo de modista na lencería do establecemento. Foi nunha expedición do Instituto Español de Emigración e o comboio parou na antiga estación do Norte madrileña. Alí, un traballador do Instituto indicoulles que tiñan que mudar de estación para dirixirse á fronteira francesa e que antes lles esperaba un xantar nun restaurante de certa rúa capitalina. Cando aquel guieiro montou no auto e partiu, unha vez cumprida a súa misión de informar, os centos de mulleres que ían naquela viaxe perseguírono ás carreiras pola avenida, temerosas de perdérense na xungla de asfalto. O tipo escoitou pitos de claxon, volveu a cabeza e viu señoras que corrían tras do seu coche atrancando o tránsito nunha escena que talvez lle parecería cómica, mesmo lle lembraría se cadra fotogramas de cinema mudo con Buster Keaton perseguido por unha foula de noivas vestidas de branco. Tivo que apearse e acompañalas a pé pola metrópole, porque non eran noivas senón mulleres dispostas a gañar a vida nas Quimbambas sen nunca antes saíren da casa. Engadirei para redondear a historia, que a cara *mamma* aprendeu axiña a falar italiano, que botou alá dezasete anos e que quizais non tería retornado de non ser porque, xa vedraia, enfermou e volveu ao niño. Quero dicir que se *acubanou* en Suíza, como os meus avós se *acubanaron* en Cuba (o verbo *acubanarse* significa na fala auriense *afacerse*).

Eu crieime cos avós, deixei a cidade con cinco anos e fun para a aldea cando marcharon meus pais. É ben certo que os primeiros días acusei a muda de ambiente e a ausencia dos proxenitores. Era polo agosto, o ceo fervía de estrelas candentes que se vían claramente na aldea escura, escasa de farolas. Desde o corredor

contemplaba aquel ceo fugaz e unha tal marabilla non impedía que os ollos me engradasen coa morriña. A tristeza era maior porque carecía de palabras que puidesen expresala cabalmente. Trinta anos máis tarde lin un aforismo do escritor Edmond Jabès que di precisamnete o que eu sentía e non sabía dicir: *A dor é un ceo estrelado, a noite enteira está en nós.*



Bieito no ano 1962, pouco antes de marchar a súa nai para Suíza

“Fuxide de aí”.

Relato emocional da emigración de mulleres courelás

Neves Arza Arza
Profesora da Universidade da Coruña e courelá
neves.arza@udc.es

Begoña Bas López
Etnógrafa. Profesora da Universidade da Coruña, xubilada
begonabas@gmail.com

Laura Cruz López
Educatora social e Profesora da Universidade da Coruña
laura.cruz@udc.es

Resumo:

Narración en primeira persoa acerca da emigración das mulleres dunha mesma familia courelá. É un relato feito dende o sentimento, a perspectiva e a lembranza de como aconteceron os feitos da emigración dunha nai e dunha avoa. Un relato de como se viviron as súas ausencias e de como co paso do tempo collen máis forza e, asemade, compréndense mellor os feitos, os comportamentos e as vivencias.

Palabras chave:

emigración muller, Courel, historia familia, memoria.

Abstract:

“Get out of there”. Emotional short story about the migration of women from Courel, Galicia.

First-person narration about the migration of women from the same family in Courel, Galicia. It is a short story from the heart, from the perspective and the memories about the migration of a mother and a grandmother. A story about how their absence was lived, and how, over time, it became stronger. A story about how their reasons, behaviours and experiences became more understandable.

Keywords:

migration of women, Courel, family history, memory.

UN APUNTE PRELIMINAR

Varias conversas entre Neves Arza, Laura Cruz e Begoña Bas, leváronnos a unha tarde no Parque de Bonaval, Santiago de Compostela, na que Neves deu voz, sentida e reflexiva, á súa memoria e experiencia familiar.

A colaboración entre as tres continuou para elaborar este texto a partir da gravación realizada. É a transcripción case literal da súa voz e construímos este relato de maneira que sexa absolutamente fiel ás palabras e ao sentir de Neves e que teña unha estrutura que faga comprensible a súa lectura.

A AVOA, MARÍA

Barcelona

Vou empezar pola historia da miña avoa.

Eu escoitara falar a moitas mulleres de alí de que “foran de tal familia a Barcelona” “foi de ama de cría a Barcelona”. Para min era pois... iso, así... [como sen comprendelo ben] se cadra cando eu era nena, pero quedoume así un pouco... “ama de cría...” pero sen profundar moito máis. Ata despois, cando a miña avoa xa era moi maior, eu non profundei moito no vínculo con ela porque ela era unha muller moi fría e sempre a palabra máxica dela era “fuxide de aí! fuxide de aí!”. Entendín moito máis tarde tamén o de “fuxide de aí” porque era unha muller que tiña que traballar moito e traballaba fóra e traballaba na casa e entón, pois loxicamente, non tiña tempo para nós.

Sempre había ese contraste co meu avó que era o que nos traía os amorodos, que nos traía as rosas, que nos contaba os contos e estaba obsesionado con que lle tiñamos que ler “Genoveva de Brabante”¹ e todas as netas a ler “Genoveva de Brabante” e a contarnos el historias; entón era a figura máis afable e máis cariñosa, mentres que a miña avoa era máis distante e moito máis fría e eu a palabra que recordo era “fuxide, fuxide de aí”. Pero... despois foron pasando os anos e eu a ía visitar todas as tardes e empecei a coñecerla un pouco máis e a decatarme de todo o sufrimento que tivera e a dureza da súa vida.

Entón, un día falando, empezoume a contar que cando nacera miña mai en 1933 ela marchara de ama de cría a Barcelona. E tamén souben de cando foi de ama de

1. Lenda da heroína medieval Genoveva, princesa de Brabante, acusada falsamente de adulterio e condenada a ser abandonada nun bosque co seu fillo recen nacido, a quen aleitou unha cerva. O relato foi glosado en moitos libros de lendas e popularizado en moitas e diversas edicións.

cria nos primeiros anos (que isto mo contou a miña tía) os señores cos que estaba dixéronlle que levara para alí ao seu marido, que lle buscaban un traballo e o meu avó non quixo. Isto foi xa antes da guerra civil e, coa guerra, xa cambiou todo, a comunicación, a posibilidade de volver... Ela comunicábase co meu avó, supoño por carta porque outra maneira non había.

E entón a miña avoa, recordo tamén, dicía que puidemos ter unha vida mellor para todos se el tivera aceptado ir. Entón relatábame que era moi feliz alí, que a coidaban moitísimo. E ela loxicamente... ti imaxina en 1930... Eu sei onde está a casa onde viviron os meus avós, onde se criou a miña mai, *pfff...* madre mía! Como era! Como vai ser! Non? Que diferenza aquí en Courel e en Barcelona, daquela!. A casa estaba en Folgoso, Fondo de Vila, tamén coñecido como Barrio de Abaixo.

E dicía que quería ao neno que criaba coma se fose fillo dela; e a min iso facíame un dano tremendísimo porque eu vin tamén que a miña avoa, xa regresada, diferenciaba entre os seus fillos (tivo 5 fillos, a segunda xusto ao volver de Barcelona) e que á miña mai non lle tiña apegado ningún; disto que dicimos: non lle doe nada, pois non lle doía nada, polo neno que criou; e recordo que cando morreu a miña mai o que me dixo a miña avoa foi: "Bo, eh... pois era unha boa muller" e doeume *tantísimo!* Porque era iso, a falla de apegado coa miña mai e cando explicaba o vínculo e que quería tanto ao neno [ao que criara en Barcelona] que cando veu [a Courel] choraba polo neno que criou... [a filla, Lola, tiña xa nove anos]. A miña mai tivo unha vinculación afectiva enorme coa súa avoa (María), que morreu aos 104 anos e foi quen coidou á miña mai e tamén se preocupou moito de coidar moito aos outros irmáns; todos gardan un recordo da avoa marabilloso.

E a miña mai era unha persoa moi boa, moi xenerosa, sempre se preocupaba moito do seu pai e da súa mai, pero co seu pai tiña un vínculo especial que non tiña coa súa mai. E as miñas tías coinciden en que a relación da avoa coa miña mai era de frialdade, ti imaxina: pariu, marchou e cando veu... nove anos!

Eu creo que no desapego pesaba moito ter marchado porque cando dicía que quería tanto ao neno [que criou] e que choraba cando veu, ti imaxina... porque ela contaba das condicións nas que estaba alí: "estaba coma unha reina; eu solo me ocupaba de aleitar ao neno e de darlle comida máis adiante, lavar a súa roupa e máis nada". Tiña unha boa alimentación, é dicir, as súas condicións de vida melloraran moito en contraste coa vida aquí. A miña mai naceu en agosto e a miña avoa marchou en setembro, creo, para alí, así que a miña mai non a coñeceu e aleitábana outras señoras. Si, eran as cadeas de coidados xa en 1930, si.

E despois volveu. Ela pensara ir por menos tempo, pero resulta que a guerra civil fixo aí un impas; de xeito que a miña avoa volveu no [ano] 41 ou no 42, despois da guerra civil.

E esa foi así un pouco a historia, que a miña avoa vivía co recordo grato da boa vida que tivera todo ese tempo e que despois [á volta a Folgoso], loxicamente, tiña un traballo tremendísimo, unha economía de subsistencia, as mulleres dobremente castigadas; eu coa miña avoa tiven unha falta de vínculo até que despois, xa de maior, ao falar con ela comprendín moitas cousas e xustifico plenamente o de fuxir "fuxe! fuxe!".

As amas de cría, en Courel era un fenómeno... moita xente da época da miña avoa e de anos máis tarde foran de amas de cría para a burguesía catalá; e para algunha mulleres supuxo unha mellora da vida dos seus familiares moi importante. Por exemplo levaron aos fillos a estudar, aos sobriños... moitas eran mais solteiras e moitos dos que axudaron a estudar agora están instalados de novo no Courel, destes que volveron, que lles quedou un pouco de apego. Foi un fenómeno que supuxo moitas oportunidades para outras persoas de alí.

Entón, ela fixera achegas [económicas] moi importantes porque unha das fincas máis importantes que tiñan os meus avós compráranas cos cartos que gañara ela de ama de cría.

O do meu avó, claro! Meu avó era o dos cariños porque tiña unha posición moito máis cómoda: el chegaba e sentábase. Tiña gandería e era tamén tratante, que ías ás feiras.

A MAI, LOLA

Barcelona

Despois... a miña mai... que eu souben disto hai *pouquísimo* tempo a través dunha veciña.

Eu sabía que a miña mai estivera en Barcelona, que marchara de maior; era noiva do meu pai desde os catorce ou quince anos e a miña mai marchou aos 20 anos [en 1953]. E... entón tiña un traballo alí xa, nunha casa e ía cunha veciña, con Celia, uns cinco anos máis nova, e con Pilar, unha das súas mellores amigas. Leváronas ao tren, á estación do tren; seica era unha viaxe terrible, non sei cantos días che levaba pero levaba máis dun día, [o tren] de carbón,

que chegaban todas negras, [sentadas] nun banco. Contaba así estas cousas.

Entón tiñan que agardar por ela alí [en Barcelona] e uns primos do meu pai que a ían esperar equivocáronse de día e non foron. E nesa época, Celia contoumo, que a levaran para o Pavillón das Misións de Montjuïc², que despois investigamos; e dicía [Celia] que estaba a policía nas estacións mirando se había xente á que non recollían, que non a viñan buscar ou que non tiñan xustificante de que tiñan un traballo ou que tiñan un lugar onde vivir.

Isto soubémolo hai moi pouco tempo, hai uns 3 ou 4 anos, porque a miña irmá pequena comezou falar con Celia e preguntarlle por como foran os anos da nosa mai en Barcelona, e Celia comezou a contar iso e quedamos... [emociónase] porque era un tema tabú e para o meu pai segue a ser un tema do que non quere falar. Aínda llo recordei o outro día: “papá, entón...” e el: “non, diso non quero falar, é moi triste”. Entón miña mai debeulle facer un relato tremendo do que pasou alí, a saber! El sabe que foi moi doloroso e moito sufrimento para miña mai, unha experiencia... A saber o que pasou alí!

Comezamos a investigar e recompilar información sobre o Pavillón das Misións: era un pavillón da exposición de 1929 e que despois o converteran nun pavillón de indixentes e a partir do ano 52 para recrutar aos inmigrantes que viñan doutras partes de España, que chegaban a Barcelona e os clasificaban e os devolvían ás súas localidades de orixe. Eu descoñecía totalmente a súa existencia.

Imaxínate o que debeu sufrir a miña mai que nunca o contou! e o meu pai... levárona... [emociónase] e chega a unha cidade descoñecida, tan nova ela, sen coñecer máis mundo e a leva a policía ou a garda civil a un lugar onde... bueno... eu despois polo que lin... era tremendo; é dicir, onde estaba... era un lugar de clasificación, onde recollían aos mendigos, onde había xente de todo tipo, onde había inmigrantes, onde os clasificaban e onde os repatriaban e onde... era un CIE³ do franquismo en Barcelona. A miña mai creo que estivo alí catro días e de-

2. O Pabellón ou *Palacio de las Misiones*, edificio construído para a *Exposición Internacional de Barcelona* de 1929. Durante a guerra civil foi prisión e a partir de 1944 foi *Centro de Clasificación de Indigentes del Ayuntamiento de Barcelona*. Nel encerrábase a persoas que carecían ou non podían acreditar vivenda e traballo legais, especialmente inmigrantes interiores quen constituían a maioría dos alí retidos, unha vez que eran localizados pola policía armada, quen exhaustivamente os buscaba nas estacións de tren e polas rúas barcelonesas; logo de 3 ou 4 días eran devoltos aos seus lugares de orixe, *evacuados* segundo a terminoloxía oficial do franquismo.

3. Os *Centros de Internamiento de Extranjeros* (CIE) son establecementos públicos que dependen do Ministerio do Interior, onde se retén, privadas de liberdade, a persoas migrantes ou solicitantes de asilo, sometidas a expediente de expulsión de España. As persoas ingresadas nos CIE non teñen que ter cometido delito ningún, senón que a maior parte se atopan nun procedemento administrativo, derivado de non ter permiso de residencia ou traballo en regra; trátase dunha medida cautelar, orde

beu ser un *shock* terrible! Imaxínate! Para que nin a miña mai nos falara nunca diso e para que o meu pai se poña a chorar, ponse a esbagoar aínda hoxe e di que diso non quere falar, non? O que lle contou miña mai...

E nese paréntese, claro, as comunicacións eran como eran antes, e pasou por alí o parente a recollela, iso contou Celia, e levou xustificante da súa casa conforme tiña unha casa [un traballo] e conforme ela ía vivir alí. E de alí puido saír.

En Barcelona carteábase co meu pai, escribía...

Estivo en varias casas diferentes facendo a limpeza, traballando, coidando aos nenos... todo iso era o que facía. Todo o día e todos os días, todos. Ela era de traballar, traballar, traballar; era incapaz de coller un día de descanso. Como se a súa propia identidade estivera vinculada ao traballo.

E despois, aos cinco anos, marchou [volveu] para Folgoso. E da súa vida en Barcelona ela contaba: "aprendín moitas cousas: cociñar, limpar"; tiña amigas moi amigas, a súa maior amiga era Pilar, que tamén emigrou. Pero ela decidiu volver. Con Celia non tivo relación en Barcelona; si con outras mulleres máis da súa idade e con algunha primas, algunhas volveron a Courel. Relacionábanse con xente galega, pero non daba para máis.

Á volta trouxera cousas para a casa, toallas, roupa de cama... e mira que pouco gañaba que dixo que comprara un somier, algún colchón para varias camas, trouxera a roupa da voda e pouco máis, pouco máis. Non sei canto lle pagarían pero debía ser unha cousa... ínfima [nas casas de Barcelona]. Había por alí, na nosa casa, unhas toallas e aínda hai unha! imaxina cantos anos ten!, do ano 59, dunhas margaridas azuis e amarelas, é unha reliquia, é para facerlle un cadro, vamos, a esa toalla, témola aí! [risas].

Botou cinco anos en Barcelona e entre medias nunca veu. Veu para casar.

Casou no ano 59, en setembro. Eu son a primeira filla, despois a miña irmá levámonos un ano, outra miña irmá catro anos e despois a máis pequena que nos levamos moito tempo.

directa dun xuíz. A normativa europea di explicitamente que a detención debe ser sempre o último recurso e proporcionada así como que as condicións de habitabilidade e trato teñen que ser dignas, pero habitualmente non se cumpre. A mesma existencia destes centros enfronta ás ONGs, asociacións pro dereitos humanos e colectivos sociais co Goberno. Existen centros en todos os países de Europa e actualmente son 7 os existentes en España.

A MAI, LOLA (novamente)

Grenoble

A miña mai no ano 68 ou 69 marchou para Francia. Do 68 ao 74. Tiña tres nenas e eramos moi pequenas, eu a maior e eu tiña 7 anos, a miña irmá 6 e a pequena, Loli, debía ter 3 anos.

O primeiro ano foi nove meses a traballar nunha casa. Foise para Francia porque estaba alí a miña tía e o seu marido quen tiveron alí unha filla e miña mai axudaba a coidala. Naceu a miña prima Montse, que adora á miña mai porque dende que ela naceu até que se veu, miña mai coidábaa, porque a miña tía traballaba dabondo e o meu tío traballaba na Michelin.

Despois a miña mai veu e cando volveu a Francia foi para o balneario de Grenoble.

Marchaba sempre en abril e volvía en outubro, durante 6 anos. Nós eramos moi pequenas. Era lancinante, terrible... As imaxes que temos da(s) marcha(s) eran terribles. E o tempo de estar na casa era tempo de anguria pola marcha. Dicíanos: "non, aínda queda moito. Igual este ano non marchou". A miña irmá, a que me sigue, lembrábame que a segunda vez esconderámonos nun pendello e pensabamos que se non nos despediamos dela ela non marcharía. A despedida era tristísima!! Moi triste. A miña irmá pequena unha vez escondeulle o pasaporte e armouse un cristo! "Onde está o pasaporte, aí! O pasaporte! Que xa veño pronto!" E escenas así.

Tiñamos unha tía moi querida, María, a irmá maior do meu pai, que cando chegaba a hora de marchar sempre nos distraía, que nos traía non sei que, que nos levaba con ela no burro, no cabalo, entón eran uns momentos moi tristes. A miña tía era un anxo.

E despois cando viña era moitísima alegría. lámola esperar ao tren a San Clodio. Era unha festa! Era unha festa! Pero despois no intermedio era tamén moi emotivo. Cando estaba alí, como rezabamos todos, incluído o meu pai! rezando todas as noites pola miña mai para que lle fora ben, e lendo e relendo as súas cartas moitísimas veces. Era como: chegaba a noite e poñíámonos a rezar, o meu pai tamén! [remarca cunha risada] e a reler as cartas e a escribirlle as cartas. A correspondencia era moi fluída e moi importante. Era a maneira de comunicarnos, a maneira de estar próximas, entón unha carta a lías, a relías, escribiamos, reescribiamos, escribíámonos moito. Falábanos do traballo: traballaba nun hotel, nas

habitacións e tiña compañeiras portuguesas coas que se levaba moi ben e eran para ela un alivio.

O primeiro ano pasouno moi mal sobre todo pola lingua, cando estivo nunha casa. Pero no hotel xa non, coas compañeiras portuguesas e porque a tiñan moi ben considerada; e non ía estar! miña mai *supertraballadora!* Vivía no hotel e cando tiña día libre ía canda miña tía Matilde e o meu tío e coidaba tamén da miña prima Montse.

Ela di que coñeceu moitas cousas da historia de España alí porque había moitos republicanos, exiliados, xente que despois da guerra marcharon e dicía miña mai “falan fatal de Franco, que se os cárceres están cheos e tal” e claro, nós despois, dicíámoslle: “si, mamá, era así”. Tiña vínculos afectivos tamén; algúns clientes fixos que a apreciaban moito e que lle daban unhas propinas impresionantes; algunha compañeira portuguesa que tamén viña cando ela cada 6 meses. Entón, tiña boas lembranzas do hotel, con condicións laborais boas e supuxo unhas achegas moi importantes á economía familiar, moi importantes. Porque o meu pai fixera unha inversión moi forte para o taller de carpintería, entón as achegas dela foron importantísimas. Pero cando lle dicían “e si? Tan malo non é!” E ela [respondía]: “E como é posible que vostede teña tres fillas eh! e teña que deixar tres fillas e ten que vir aquí a traballar!”

Non conservamos as cartas, mudamos de casa e non sabemos que pasou con elas, desapareceron, un desgusto enorme; igual aparecen un día, non sabemos...

Miña tía Matilde contábanos que a nosa mai sufrira tamén moito en Grenoble, que iso tampouco o sabemos, non... porque unha cousa eran as cartas e o que nos contaba nelas pero outra moi distinta era a distancia, tres fillas... [emociónase] Estaba contenta no traballo pero non era o que quería, non era a vida que quería.

O PAI, URBANO

Folgozo

Miña mai en Barcelona escribíase co meu pai, do que era noiva dende os catorce ou quince anos. Antes de marchar escribían os seus nomes, nunhas pedras, nos marcos das lindes. Cando a miña mai estaba en Barcelona, unha prima escribíalle falando marabillas de Urbano, que era moi bo, moi traballador, agora xa traballa de carpinteiro... Meu pai sempre tivo moita iniciativa. Di el: “eu fixen todos os oficios” o seu avó tamén era moi traballador, tiña un muíño que naquel tempo

era importante, dedicábanse á gandería pero o meu avó era canteiro, carpinteiro, era ferreiro, o que daba uns *pluses* importantes. Entón o meu pai aprendeu a canteiro, a carpinteiro, a ferreiro. Era moi intelixente; foi á escola 3 días, montou un negocio, aprendeu a sumar e restar, ten inqedanzas culturais, le poesía e de todo, escribiu dous libros de poesía, ten unhas reflexións... Nunca emigrou o meu pai, nin o meu avó. É o máis pequeno de 11 irmáns.

Cando miña mai estaba en Grenoble, meu pai era moi cariñoso, moito, sensible, amoroso con nós... debía ser a necesidade de facer grupo. E despois dende que volveu a miña mai definitivamente, máis distante, máis autoritario, non amosaba os seus sentimentos, cambiou o seu rol para o típico de home. Non vimos recoñecemento do valor imprescindible do que fixo a miña mai para que el puidera facer todo o que fixo e mellorar substancialmente a vida da familia. Agora, dende hai pouco tempo, móstrase sensible e emociónase por todo. Vai facer 94 anos; un amor de persoa, boísimo.

A relación entre eles era moi boa, moi amorosa. Eu recordo ao meu pai sentado e a miña mai no seu colo abrazándose, bicándose, si; moi amorosa. Con ela non cambiou o rol, eu creo que so o cambiou con nós. Igual era "como xa está aquí a mai, xa ela coas nenas...". Nunca máis rezamos, nunca máis fomos a misa, xa non había necesidade, a mai xa estaba na casa e o meu pai ateo de repente [risas].

O meu pai nunca emigrou. El tiña o taller de carpintería e tiña moito traballo, non daba feito. Entón as opcións serían ir os dous ou ir ela. Ela foi a sacrificada; eu non sei como o decidiron. Que a miña mai estando alí [emigrada] non era feliz, está claro, que sufriu moitísimo está clarísimo e nós tamén, pero a que máis sufriu foi a nosa mai.

Tamén puido ter ido o meu pai a Barcelona pero nunca se lle pasou pola cabeza marchar de Courel. Eu tampouco nunca o pensara daquela. El tiña posibilidades de mellorar a vida no Courel. A marcha da miña mai foi o apoio para a marcha da tenda, da carpintería, acababa de mercar maquinaria... el foise adaptándose aos tempos, evolucionou no Courel.

Eu nunca pensara por que marchou a miña mai e o meu pai non, ata que miña prima Montse comezou a dicirme "como teu pai mandou á túa mai a Francia? Por que non marchou el?" Foi dende isto que me puxen a pensalo (antes nunca) e tamén lle teño preguntado ao meu pai e a explicación é esa: acababa de comprar máquinas para o taller entón... non sei como o decidiron: se a miña mai se opuxo moito... e non o sei. A que máis perdeu foi ela.

Gustaríame saber como o decidiron [que fose Lola quen marchara], como pensaba cada un...

OS IRMÁNS DE URBANO

Uruguai

Emigraron os irmáns do meu pai. Outros quedaron en Folgoso, eran once irmáns; emigraron dous a Uruguai; primeiro pasaron tamén por Barcelona. Son dúas historias moi diferentes: un triunfador e o outro morreu de morriña... [emociónase]. Un casou cunha alemá filla dun nazi e desenvolveuse moi ben e "triunfou". Pero o outro tío, Antonio, casou cunha muller de Courel, e as cartas que escribía... e cando viña... *pfff*, terrible, e eu [pensaba] como se pode vivir desta maneira? [emociónase]. Despois viñan moitas veces, sempre que podían e despois... o choque. O meu tío veu a primeira vez en barco a iso dos anos 70 entón tamén estaban asombrados do cambio que se estaba a producir [en Courel] porque, claro, imaxina cando eles marcharon nos anos 50, posguerra, en Folgoso eran catro casas e cunhas condicións de vivenda malísimas, moita miseria e pasaran fame. Contaba meu pai que ía coas cabras e dábanlle un puñado de castañas e un cacho de pan e aos 100 metros de deixar Folgoso acabáranse as castañas e o cacho de pan. As condicións foron tremendas. E o meu tío [Antonio] sempre me chamou a atención polos sentimentos da terra que tiña.

Esta era a emigración por parte do meu pai; outros homes da familia quedaron máis preto, en Monforte...

AS IRMÁS DE LOLA, ROSARIO, MATILDE

Barcelona. Francia

Todas as mulleres animaban a marchar porque alí eran elas das primeiras que migraron, moitísimas rapazas novas emigraron cando a miña nai, da súa idade moitísimas. As súas irmás, máis novas, tamén marcharon máis tarde. Marcharon todas e todos, menos o meu tío máis pequeno por unha incapacidade. Eran tres irmás e dous irmáns. O meu tío marchou para Francia, a miña tía Rosario marchou para Barcelona e volveu e eu coñecina; renegou de todo, absolutamente de todo, non escribía nin á nai nin ao pai, marchou un pouco anoxada da vida de miseria. Entón ti imaxina, veu cando tiña un fillo de 13 anos, non volvera nunca e non lles escribía xamais; a miña avoa sufría moito, sabía dela indirectamente; tiña malos recordos da vida do Courel.

A tía máis nova, Matilde, emigrou a Barcelona e despois para Francia e por ela foi que miña mai marchou a Francia; ela tiña un moi bo recordo da vida de aquí, afectiva, un recordo marabilloso do avó. De feito era a que se preocupaba por nós, a que viña todos os *veraus* a coidarnos. É curioso esas diferencias... A miña tía Matilde, que está agora en Valladolid, decidiu marchar para Francia cun rapaz de alí ao lado, de Santa Eufemia, decidiron marchar a Clermont-Ferrand, porque había outros que xa marcharan e estaban traballando na Michelin, na fábrica, que agora está en Valladolid, por iso están tantos [emigrados do Courel] en Valladolid.

A miña avoa probablemente animou á miña mai a marchar, despois de como lle fora a ela... Pode ser... Non o sei.

A IRMÁ DE URBANO, CRISTINA

Folgozo

Tamén era o contraste. Quen nos coidaba? Coidábanos a miña tía Cristina, irmá do meu pai, que era *superfría*, era un sarxento. *Bueno...* despois... eu tamén... co tempo entendes as cousas: ela era solteira e de repente lle cae un peso encima: tres nenas, unha casa (ela traballaba na agricultura, na gandería, pero era autónoma), entón o que lle caía... E cando volvía a miña mai, a miña tía volvía para a súa casa, aínda que ela cando nos coidaba non deixaba a súa: durmía nela e atendíaa e viña á nosa para coidar de nós. Era unha persoa moi recta, moi fría e tamén moi relixiosa, entón o domingo, a ducharse, a peitearse, a poñerse guapas e á misa; entón esguedellábanos o pelo así chas! [risas] A ver... ela tiña moita presa por facer as cousas, despois enténdelo. E outra cousa que non entendiamos era que facía filloas e non nos deixaba ir comendo filloas mentres as facía, tiñan que estar todas feitas; mentres que a nosa mai era todo amor, todo cariño, todo "as miñas nenas!" o contraste era moi importante.

Era moi esixente. Eu teño unha anécdota con ela: tiñamos labores na casa e traballabamos duro e ela tiña tamén a tenda e despachabamos nela; e non había cocíña de gas, había de leña e a miña tía mandábache facer as cousas pero nunca che dicía "ai que ben!" senón que sempre había algunha tacha e iso era o que máis enfastiaba. Dicía "vou facer cocido, entón non poden recruar os garavanzos, hai que lle atizar o lume". E eu ese día dixen: "vai estar feliz!" e eu cada pouco, atiza, atiza, atiza [risas] e non sabía que a auga evaporaba e os garavanzos queimados, ai dios!; entón rifou comigo, foi... e as descualificacións "non se vos pode encargar nada!". E iso era terrible, a falla de recoñecemento do que fas cando

o fas con toda a ilusión e para contentar á xente. Quedoume gravadísimo. Pero *bueno*, despois queríanos ao seu xeito, *clarísimamente*.

A miña avoa... viviamos enfronte pero non nos coidaba; de nós, non se preocupou nada de nada. A miña avoa tamén tiña moito traballo daquela, imaxina, non daba feito, pero eu non recordo, pero do meu avó si recordo que nos traía os amorodos, as margaridas... Da miña avoa o que recordo é que iamos ler alí, á súa casa, porque o avó nos dicía “Veña, vamos ler” e contábanos contos e tamén outras señoras que había, pero miña avoa era iso: “fuxe, fuxe!”.

Por iso, que eu recuperei a relación coa miña avoa moito máis tarde, cando ela xa deixou de traballar, cando tiña tempo para sentarse e cando empezabamos a falar e cando eu empecei a entendela mellor porque tiña unha vida moi dura. E o de “fuxir” tiña unha xustificación moi clara [risas].

A VOLTA DEFINITIVA DA MAI, LOLA

Cando volveu, eu ía cumprir 14 anos.

Foi unha alegría inmensa, inmensa! non nolo criamos, non o criamos; ela dicía “non, xa non volvo máis!”, non o criamos. Eu estaba estudando en Monforte, vivindo cunha tía. E as miñas irmás aínda estaban na casa.

Falabamos de moitas cousas: de cando estivo en Barcelona, cando estivo en Francia, pero nunca nunca! de que estivo no Pavillón das Misións, nin tampouco do mal que o pasara en Francia.

Hai 20 anos que morreu. Tiña 71 anos. Despois de estar enferma. E foi terrible porque cando empezaba a estar ben... xa, despois dunha vida tan dura... [emociónase]

En Courel marcharon todos, todos⁴.

4. Recomendamos a lectura da investigación acerca da emigración no Courel, Quiroga e Ribas de Sil realizada polo xeógrafo holandés Wim Ettema, quen recolleu a maior parte da información na década dos 70 e quen fixo lazos moi estreitos coas persoas e co territorio de Courel:

ETTEMA, WIM (2002) Emigración y cambio territorial en Galicia: los casos de los municipios lucenses de Ribas de Sil, Quiroga y Courel. Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural “Río Lor”.

Así mesmo, resultan de interese as fotografías recollidas no libro:

Río, Jesús, Carrete, Manoel [s.a] Os nosos devanceiros: Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. Asociación Cultural Alfonso II.

Voces silenciadas. A traxedia das mulleres afgás

Rahila Raya

Especialista en lingua e literatura persa
rahila.raya98@gmail.com

Resumo:

O caso da migración afgá é complexo e nel agroman moitas circunstancias. Este texto relata como, no caso afgá, entre todas esas causas, destaca a falta de seguridade persoal, especialmente para mulleres e mozas. A toma do poder dos talibán en agosto de 2021, en Afganistán ditáronse até 70 medidas en contra das mulleres e as mozas incidindo en todos os aspectos da vida pública das mulleres: a educación, ou emprego, os dereitos sobre a reprodución e á saúde, tanto física como mental, non deixando á marxe ningún aspecto da vida pública das mulleres. Todas estas medidas facilitaron o xenocidio que están a sufrir os hazaras, e ás hazaras.

Palabras chave:

Dereitos humanos, éxodo, Afganistán.

Abstract:

The case of Afghan migration is complex and there are many circumstances involved. This text tells how, in the Afghan case, among all those causes, the lack of personal security stands out, especially for women and girls. The seizure of power by the Taliban in August 2021, in Afghanistan, up to 70 measures were taken against women and girls affecting all aspects of women's public life: education, or employment, their reproductive and health rights, both physical and mental, not leaving aside any aspect of women's public life. All these measures facilitated the genocide that the Hazaras are suffering, and to the Hazaras.

Keywords:

Human rights, exodus, Afghanistan.

Trala toma do poder polos talibáns en agosto de 2021, Afganistán viuse asolagado por noticias que informaban das medidas contrarias ás mulleres e raparigas. O réxime talibán ditou sucesivamente máis de 70 decretos que limitaban a autonomía das mulleres, os seus dereitos e a totalidade das súas vidas¹. Estas restricións afectaban ao ensino, ao emprego, aos dereitos sobre a reprodución e a saúde, tanto física como mental, non deixando á marxe ningún aspecto da vida pública feminina.

Cada vez que oio falar das prohibicións que asfixian a vida das mulleres en Afganistán vénme ao acordo o último ano que morei en Herat. Na residencia universitaria na que vivín falabamos moito de libros, pero un día o tema das nosas conversas pasou a ser o medo. Sentíanse rumores de que os talibáns estaban planeando atacar a nosa residencia, malia que moita xente dicía que non podían atacar un edificio civil. Non puideron evitar a lembranza do ataque á universidade de Kabul no ano 2020, no que mataron a miña amiga Sohaila. Sabía perfectamente que outras moitas escolas femininas foran arrasadas polos talibáns. Fomos todas vítimas do pánico e cando marcharon os gardas de seguranza decidimos abandonar a residencia. Puidemos saír sen problema ningún, pero nunca esqueceré ese día no que fomos obrigadas a deixar atrás a nosa facultade.

Despois do peche da universidade de Herat fun para Kabul. Estábase a principios de agosto e aínda mantiña o contacto coas miñas compañeiras e outras universitarias. Logo da fulminante caída de Kabul algunhas de nós decidimos lanzar un toque de alarma sobre o transo que estabamos a vivir. E malia que andabamos



Facultade de literatura e humanidades. Universidade de Herat (Afganistán)

esparexidas por todo o país, difundimos unha carta conxunta, na medida en que situación o permitía. Acordamos escribir un texto coral pondo en común os nosos pensamentos. Unha vez recopiladas as nosas reflexións, enviei o documento a un contacto que tiña en España. Tratábase dun desesperado berro de socorro colectivo, que foi publicado en español polo *Diario.es*² e en galego no Correo Gallego. Só uns días máis tarde, os nosos medos fixéronse realidade e Afganistán caeu todo el nas poutas dos talibáns.

O colapso do goberno afgán en 2021 tivo consecuencias catastróficas para todo o país, pero quen máis o sufrirían serían as mulleres e os nenos. Cando se esbarrou o goberno, déronse á fuga todos os altos cargos e os talibáns tomaron o poder de súpeto. Armados ata os dentes co equipo que lle proporcionaran os EE.UU. ao exército nacional, agora fuxido, aterrorizaron a todo o país e en especial ás mulleres que, antes do desastre, gozaran certo grao de liberdade amparadas pola constitución. A partir dese momento ficaron confinadas na casa, priváronas de todos e calquera un dos seus dereitos e arrebatáronlles calquera posibilidade de viviren dignamente.

Os talibáns estragaron todos os avances logrados nas dúas décadas precedentes. Só un mes despois da retirada das tropas de EE.UU. e a OTAN, prohibiron que as nenas foran á escola tralo sexto curso. En decembro as mulleres xa non podían ir á universidade. Deseguida se fixo unha lista dos empregos que non podían desempeñar, incluíndo toda función pública. Pasaron logo a pechar as perruquerías, importantísimas como centros de socialización feminina e como fonte de ingresos para moitas familias. Destarte, de socato, as mulleres deixaron de participar na economía e de formaren parte da sociedade. O "Ministerio para a promoción da virtude e prevención do vicio" mesmo lles prohibiu pasearen ceibes por rúas e xardíns.

O retorno dos talibáns e subsecuente pánico provocou o aumento de matrimonios forzosos e amañados. Eu sempre me negara a casar porque primeiro quería acabar a carreira de Filoloxía Persa e ter un traballo. No entanto coa vitoria dos talibáns tiveron que trasladarme coa familia a Kabul, onde chegamos pouco antes da caída definitiva. Sen emprego e sen poder estudar, empezaron as presións para que casase. Decenas de miles de mulleres, entre as que se contaban todas as miñas amigas, defrontaron esta situación a partir de agosto do vinte e un. Algunhas aceptaron casar pero outras procuraron un camiño diferente, como fixo Gul Begum, a adolescente do libro *A filla do visir*, da autoría de Lillias Hamilton, que di nun dos seus parágrafos: "Non quero que ninguén me fale do asunto, nin sequera ti, nai. Estou orgullosa do meu pai e prefiro a escravatura a un casamen-

to deshonroso, pois teño dereito a elixir". Veláí a razón pola que aquelas que tivemos ocasión de marchar deixamos atrás as familias, os amigos e todo o noso mundo. Por iso acabei aquí, na Galiza.

Por certo que a vida baixo o réxime anterior non era perfecta, pero o regreso dos talibáns tivo un efecto dominó devastador empeorando a vida da xente do común en todos os aspectos. O país sufriu unha creba severa desde 2021. Segundo un informe recente do Banco Mundial³ case a metade da poboación vive por baixo do limiar da pobreza. A inseguranza alimentaria é a principal coita da xente, pois quince millóns de persoas carecen dunha mantenza básica apropiada. Esta crise económica non apareceu da noite para a mañá, ocasionouna unha complexa rede de factores, aínda que o principal foi sen dúbida a toma do poder dos talibáns.

A International Organization for Migration (IOM) informa de que, nos últimos cinco anos, sete millóns de afgáns fuxiron do país, emigrando o 85% á nacións veciñas (principalmente a Irán) e case un millón a Europa⁴. Ao longo da historia as migracións obedeceron a causas distintas: mudas climáticas, busca de novas oportunidades económicas, inestabilidade, falta de seguranza...O caso de Afganistán é unha mestura dalgúns destes factores, pero o determinante non foi a carencia económica senón a vida insegura. O estado funcionou alí na historia recente como un aparato que sementou o terror, infundindo medo mediante a violencia indiscriminada no canto de ofrecer seguranza e protección⁵.

Tras a toma do poder no vinte e un -xa o detentaran antes ao remate da guerra civil que seguiu á retirada soviética do 1989- os talibáns suspenderon a constitución, o estado de dereito e a seguranza xurídica, provocando que campe a arbitrariedade. O país volveuse unha xigantesca prisión, sobre todo para a poboación feminina, obxecto preferente da obsesionante inquina do goberno.

A culminación desta escalada de ataques aos dereitos das mulleres foi a promulgación, en agosto de 2024⁶, da "Lei para a promoción da virtude e prevención do vicio". Aínda que limita os dereitos de toda a poboación, baseándose en delirantes e paranoicas interpretacións das leis musulmanas sistematizadas na *sharia*, o obxectivo principal buscado é a discriminación da muller. No seu artigo trece ataca a súa dignidade e liberdade: non somente obriga a tapar en público o corpo e a cara senón que impón unha restrición drástica da expresión pública. Non só os rostros, tamén as voces fican prohibidas, as fémias deben permanecer en silencio nos espazos públicos. Non falamos das mesquitas, nas que xa non podían falar, senón de calquera sitio fóra do lar. Négaselles así un dereito humano fundamental, converténdooas en seres marxinais no seu propio país.

Apesar da chamada de atención contra esta nova lei, por caso a campaña dun grupo de mulleres españolas que piden a imputación do réxime polos tribunais internacionais⁷, porén a maior parte dos crimes contra as mulleres dos talibáns son practicamente descoñecidos.

Antes desa recente lexislación, os talibáns non se contentaron con privar as mulleres de toda oportunidade educativa ou laboral, tamén azoutaron a moitas en público⁸, detiveron, torturaron e violaron nos cárceres. Numerosos informes e testemuños de vítimas indican que son violadas en grupo aquelas mulleres e rapazas arrestadas por non vestir o *hijab* imposto. Algunhas lograron sobrevivir pero a maioría foron asasinadas e guindadas ás canles trala violación⁹. Un informe do US Department of State de abril de 2024 denuncia que "de noventa presas das provincias de Jawzjan, Faryab e Samangan, dezaseis quedaron preñadas en violacións múltiples e logo foron obrigadas a abortar".¹⁰

A taxa de suicidios entre a poboación feminina medrou significativamente¹¹, sobre todo entre as detidas. O caso dunha delas, Tahera de dezanove anos e natural da provincia de Bamiyan é especialmente doloroso. Arrestada polos talibáns na aldea de Tagab Barg, no distrito de Panjab, violárona no curso da detención. Grazas á mediación dos anciáns líderes locais liberárona pero o trauma dos abusos, a vergoña e o estigma conducírona ao suicidio¹².

A situación das mulleres hazara

Dacordo co World Happiness Report 2024, Afganistán está catalogado como o país máis desventurado do mundo¹³. Segundo certo inquérito do Instituto Gallup é o único país no que a esmagadora maioría (92%) de homes e 96% de mulleres sofre privacións que volven a vida inaturable¹⁴. Porén, dentro desa escala de infelicidade, a comunidade hazara bate todos os records, singularmente as súas mulleres. E iso é así porque os talibáns, que desprezan a muller en xeral, desprezan aínda máis ás da minoría hazara polos catro pecados que cometen: o de ser hazara, muller, xiíta e desexosa de estudar.

Os hazara supoñen o 20% da poboación de Afganistán, son de confesión xiíta e de lingua persa. Históricamente foron marxidados e considerados como o "outro" dentro da "nación" afgá, de maioría sunita e etnia pastún¹⁵. Este proceso de marxinação implicou graves consecuencias como a perda da autonomía e o xenocidio a principios do século XIX, baixo o goberno brutal do emir Abdur Rahman Khan, protexido polo imperio británico¹⁶. Afganistán edificouse sobre os ósos dos hazara, vítimas de persecución e masacres¹⁷.

Nas dúas últimas décadas, a constitución de 2004 garantía teoricamente a liberdade e igualdade de dereitos para toda a cidadanía, e os hazara viron no acceso ao ensino o seu principal instrumento igualitario. E aínda que o ensino afgán dista de cumprir os mínimos estándares de calidade internacional, loitaron por acceder a el¹⁸ malia que os talibáns e outros grupos radicais islamistas se incomodasen. Nestes últimos anos os hazara foron atacados por toda parte¹⁹, mesmo nos centros de ensino, recintos deportivos ou maternidades hospitalarias²⁰.

A degradación das condicións dos hazara puxo no foco a violación dos dereitos humanos no Afganistán. Organizacións como o United States Holocaust Memorial Museum deu a voz de alarma sobre atrocidades diversas e pediu unha intervención inmediata²¹. Algúns peritos definiron como "xenocidio lento" a situación que padece esta comunidade²².

Os talibáns intensificaron a persecución contra os hazara. A principios de ano empezaron a prender arbitrariamente mulleres e nenas no enclave hazara de Dash-e Barchi, situado no oeste de Kabul²³, en Ghazni²⁴ e Daikundi²⁵, "por non levar o *hijab* axeitado". Aínda que se afirme que tales atropelos se deben a unha interpretación extrema do islam, baseada no draconiano decreto de abril do vinte e dous, intitulado "decreto do *hijab*"²⁶, no entanto semella que cómpre imputalos a un afán de perseguir e marxinalizar os hazara.

Tamanna Rizaei e Fariza Akbari, dúas mulleres hazaras que foron prendidas polos talibáns en 2022, confirman que as súas detencións estiveron motivadas por razóns étnicas e relixiosas²⁷. Rizaei explica que as mulleres hazara intentaron subtilmente desafiar o control oficial. Os talibáns pecharon escolas pero as mozotiñas hazara encontraron o xeito de estudar en centros segregados. Os talibáns ditaron un severo código de vestuario, as mulleres obedeceron mais seguiron estudando. Algunhas mesmo aprenderon idiomas estranxeiros, para ampliar as súas oportunidades. No estanto cando os talibáns non conseguiron frenar o seu afán de aprender, empezaron os arrestos arbitrarios e as acusacións de usar mal o *hijab*. Rizaei insiste en que o *hijab* e o islam son excusas para continuar a opresión. Akbari foi detida co seu home, ela pensa que os arrestos se deben á súa etnia e a súa fe xiíta. Sufriu durísimos interrogatorios e, perante as súas protestas de inocencia, os carcereiros acusábana a ela e aos hazara de oporse ao réxime. Para mitigar a súa situación, Akbari finxiu converterse ao islam sunita e entón amoleceu o interrogador. Contodo non puido evitar sufrir un aborto a consecuencia do maltrato recibido.

A experiencia da detención resultou traumática para Rzaei e Akbari. Obrigáronas a xaxuar, a rezar noite e día, e castigáronas se as levaba o sono. Rizaei describe

o trato dispensado aos homes hazara, que en nada se diferenciaba do brutalismo sufrido polas mulleres. Lembra que sempre se dirixían a eles con calificativos pexorativos ("noxentos infieis"), no canto de chamalos polo seu nome. Rizaei e Akbari foron liberadas tras confesar baixo a ameaza dunha pistola que recibiran un bo trato e que a protesta contra os talibáns fora un erro. As familias asinaron un compromiso de que as protestas non se repetirían. Ambas afirman que os seus captores pediron copia dos títulos de propiedade das súas familias, amais dos documentos de identidade. Porén, outras fontes declinan que o talibáns piden diñeiro a troco da liberación das mulleres e meniñas²⁸.

Un relato pormenorizado dos testemuños dos presos confirma que os talibáns usan a tortura como medio para obter confesións²⁹, algo que Rizaei e Akbari terían sufrido nas súas carnes. Xa non é que tales detencións deixen secuelas irreversibles³⁰, acontece que para moitas supón a fin da súa vida social por causa do estigma que padecen posteriormente.

As políticas de unificación relixiosa, que intentan suprimir os diferentes credos dentro do islam, implican unha grave ameaza aos dereitos do pobo hazara. A principios de 2023 suprimiron a teoloxía xiíta dos currículos universitarios na máis das provincias hazara, como foi o caso de Bamigan³¹, e á vez expurgaron as bibliotecas de libros islámicos non sunitas e de calquera outro material de tipo relixioso. O ministro de ensino superior afirma que Afganistán é exclusivamente sunita, cousa totalmente falsa³², e nega a existencia doutras confesións. O gobernador de Herat esaxerou aínda máis na intolerancia chamándolles aos xiítas "infieis" e colaboradores de xudeus e cristiáns ao longo da historia, de paso que aumentou a financiación das madrasas sunitas de orientación yihadista³³, medidas todas para acabar coa liberdade relixiosa³⁴.

Historicamente os hazara viviron na inseguranza, meses antes de que os talibáns ocupasen o poder, xa sufriran violencias sen precedentes. Un informe da ONU acredita vinte ataques contra eles xa nos primeiros meses de 2021³⁵.

O regreso ao poder dos talibáns intensificou a persecución cunha longa restra de masacres semellantes aos xa vividos durante o seu primeiro goberno³⁶. En xullo de 2021 mataron nove hazara na provincia de Ghazni³⁷, meses despois perpetraron outra carnificina na provincia de Daikundi, asasinando 13 persoas, unha delas adolescente³⁸. Por riba impuxeron o desterro de aldeas enteiras en moitos lugares de Daikundi, Ghor ou Urogan³⁹. Baixo esta segunda xeira talibá centos de hazara pereceron en atentados terroristas do Estado Islámico da provincia de Khorosan (IS-KP)⁴⁰. O rexime non fixo nada para parar tales agresións, máis ben

parece cómplice da persecución. Por caso apoia sempre aos pastores nómades pastún contra os labregos hazara, mostrándose parcial nunha lideira que vén dos tempos do emir Abdun Rahman Khan⁴¹. que lle deu acceso aos nómades ao contigo Hazarayat. O rexime expulsa pouco a pouco os hazara das súas aldeas, sobre todo en Urozgan, provincia hazara ata 1890, que é famosa pola auga abundosa e pola terra fértil. E o mesmo acontece nas provincias veciñas de Helmand e Kandahar. En 2023, por caso, uns pastúns do distrito de Urozgan-e Khas atacaron os seus veciños hazara destruindo casas e propiedades, mesmo queimando as súas colleitas⁴². Segundo os testemuños dos alí residentes, tales desmandos leváronse a ramo en coordinación cos talibáns.

Contodo as desastrosas consecuencias que para millóns de persoas tivo o regreso dos talibáns non semella inquietar en exceso á comunidade internacional. Tal parece que se conforma con que xa non sexan un perigo para a súa seguranza e os seus intereses económicos. Deberíamos por en destaque o feito de que os talibáns e a súa violencia sempre foron un problma case exclusivo de Afganistán e Paquistán, pois nunca atentaron fóra das súas fronteiras, ao contrario que o ISIS ou outros grupos integristas aos que o rexime de Kabul presume de controlar dentro do seu territorio. Por certo que ese suposto control é falso, dentro e fóra das extremas afgás.

Tralo golpe talibán do 2021, Richard Bennet foi nomeado delegado da ONU para a supervisión dos dereitos humanos en Afganistán, coa encomenda de elaborar un informe. Para cumprir a encarga visitou o país varias veces e describiu o trato outorgado alí ás mulleres como un crime contra a humanidade. Ese xuízo incomodou aos talibáns que lle prohibiron entrar de novo no país⁴³, de maneira que agora, sen testemuñas para documentar os seus crimes, as mulleres serán máis vulnerables e as agresións contra elas nin sequera se poderán denunciar.

Os talibáns causan danos irreparables a millóns de mulleres afgás, que non só se ven privadas de dereitos senón que sofren abusos sexuais en moitos casos. Habería que preguntar se a ONU e a comunidade internacional consideran as mulleres afgás como parte da humanidade e, se é así, qué lles impide pór en marcha o R2P, ou a Responsabilidade de Protexer, pensado para a poboacións cuxos dereitos son sistematicamente violados polos seus gobernos. Conforme reza no seu terceiro apartado, a comunidade internacional ten a obriga de amparar os cidadáns dun estado cando este se mostre incapaz de facelo. Se quixer cumprir con este mandato da ONU⁴⁴, debería aplicarse dun xeito inmediato e eficaz.

Todas as sociedades encarnaron en persoas e grupos concretos a imaxe do "outro", daquel que, como non é coma nós, non merece comprensión nin com-

paixón. A empatía coas xentes martirizadas en Afganistán semella ter enfriado e outros pobos toman o relevo como vítimas nos medios de comunicación, aínda que tamén caerán cando lles toque no esquecemento.

Nada mellor que unha obra mestra da literatura universal para expresar esta idea dunha humanidade que se esgota dentro dos lindes dun pequeno grupo. Durante dous mil anos o xudeu foi o "outro", o inimigo interno do mundo cristián, e por iso William Shakespeare puxo a idea dunha humanidade unida en boca do hebreu Shylock, o Mercader de Veneza:

"Que son xudeu? Non ten ollos o xudeu? Non ten o xudeu mans, órganos, membros, sentidos, emocións e paixóns? Non se nutre da mesma comida, non se manca coas mesmas armas, non se expón ás mesmas doenzas, non cura cos mesmos remedios, non quece co mesmo verán e enfría co mesmo inverno que o cristián? Se nos cortades, non sangramos? Se nos fan cóxegas, non rimos? Se nos dan pezoña, non morremos? E se nos agraviades, non habemos vingarnos? Se somos iguais a vós no demais, tamén niso habemos asemellarnos? Se un xudeu agravia a un cristián, que docilidade mostrará este? A vinganza. Se un cristián agravia a un xudeu, cal tería que ser a súa resignación, seguindo o exemplo do cristián?"

William Shakespeare, O mercader de Veneza. Acto III, escena primeira.

(Tradución sobre a versión española de Vicente Molina Foix. Barcelona, 2006)



NOTAS E BIBLIOGRAFÍA

- 1 UN Women. 2024. In Focus: Afghan women and girls push for their rights over three years of Taliban rule.
<https://asiapacific.unwomen.org/en/stories/in-focus/2024/08/afghan-women-and-girls-push-for-their-rights-over-three-years-of-taliban-rule>.

- 2 elDiario.es 2021. Testimonio de mujeres atrapadas en Afganistán: “Prefiero que mis hijas mueran antes que caer en manos de los talibán”.
https://www.eldiario.es/internacional/testimonio-mujeres-atrapadas-afganistan-prefiero-hijas-mueran-caer-manos-taliban_129_8202176.html;
El Correo Gallego, 2021. ¡Por favor non vos esquezades de nós!
<https://www.elcorreogallego.es/opinion/firmas/chamamento-das-mulleres-de-afganistan-as-mulleres-galegas-JC8664308>.

- 3 World Bank. 2024. “Afghanistan Development Update April 2024”.
<https://thedocs.worldbank.org/en/doc/18a1ccff0457effb0a456c0d4af7cce2-0310012024/afghanistan-development-update-april-2024>.

- 4 International Organization for Migration (IOM). 2024. “The Harrowing Trek: Afghan Migrants' Near-Death Journey to Hope”.
<https://reliefweb.int/report/iran-islamic-republic/harrowing-trek-afghan-migrants-near-death-journey-hope#:~:text=The%20number%20of%20returnees%20from,hometown%20in%20Nangahar%2C%20eastern%20Afghanistan>.

- 5 Para un resumen da historia do estado afgano, ver Bermejo Barrera, José Carlos. 2024. *Afganistán: Historia de un Estado fallido*. Córdoba: Almuzara, 2024.

- 6 United Nations Assistance Mission in Afghanistan (UNAMA). 2024.
https://unama.unmissions.org/sites/default/files/25_august_2024_-_statement_on_dfa_ratification_of_morality_law_english_0.pdf.

- 7 El País, 2024. Un grupo de mujeres recoge firmas para exigir al Gobierno que lleve a la justicia internacional la causa de las afganas silenciadas.
<https://elpais.com/sociedad/2024-09-02/un-grupo-de-mujeres-recoge-firmas-para-exigir-al-gobierno-que-lleve-a-la-justicia-internacional-la-causa-de-las-afghanas-silenciadas.html#>

- 8 Hasht e Subh Daily. 2024. [Taliban arbitrary courts; In less than three years, 715 people have been flogged in public]. <https://8am.media/fa/taliban-field-courts-in-less-than-three-years-715-people-have-been-flogged-in-public/>
- 9 Véxase The Guardian. 2024. El vídeo parece mostrar la violación en grupo de una mujer afgana en una cárcel talibán, <https://www.theguardian.com/global-development/article/2024/jul/03/video-appears-to-shows-gang-rape-of-woman-in-a-taliban-jail>.
- 10 United States Department of State. 2024. Afghanistan 2023 Human Rights Report. https://www.state.gov/wp-content/uploads/2024/02/528267_AFGHANISTAN-2023-HUMAN-RIGHTS-REPORT.pdf
- 11 Hasht e Subh Daily. 2024. [The last line of women's lives under Taliban rule; 130 women have committed suicide in the last three years]. <https://8am.media/fa/the-last-line-of-womens-lives-under-taliban-rule-130-women-have-committed-suicide-in-the-last-three-years/>
- 12 KabulNow. 2024. Young Woman Abused by Taliban Takes Her Life in Bamiyan. <https://kabulnow.com/2024/07/young-woman-abused-by-taliban-takes-her-life-in-bamiyan/>
- 13 World Happiness Report. 2024. "World Happiness Report 2024". <https://happiness-report.s3.amazonaws.com/2024/WHR+24.pdf>
- 14 Gallup. 2022. Suffering Reaches Unprecedented Levels in Afghanistan. <https://news.gallup.com/poll/391406/suffering-reaches-unprecedented-levels-afghanistan.aspx>
- 15 Véxase Hyman, Anthony. (2002). Nationalism in Afghanistan. *International Journal of Middle East Studies*, 34(2), 299–315. <http://www.jstor.org/stable/3879829>.
- 16 Véxase Kātib Hazārah, Fayz Muḥammad. [*Sirāj al-tawārikh*] The History of Afghanistan. <https://referenceworks.brill.com/display/db/hao>.
- 17 Véxase Kosha, Ali. 2024. The Building of the Afghan State: Upon Whose Bones?. Reset DOC. <https://www.resetdoc.org/building-afghan-state-upon-whose-bones/>.

18 The New York Times. 2019. They Are Thriving After Years of Persecution but Fear a Taliban Deal.

<https://www.nytimes.com/2019/03/27/world/asia/afghanistan-hazaras-taliban-peace-talks.html>.

19 Associated Press. 2021. Afghan Hazaras being killed at school, play, even at birth.

<https://apnews.com/article/islamic-state-group-shootings-05612533bbcbfa2d836d46d84b82ee92>.

20 Véxase Medecins Sans Frontieres. 2020. "They came to kill the mothers" in Kabul maternity hospital attack.

<https://www.msf.org/they-came-kill-mothers-kabul-maternity-hospital-attack>.

21 Véxase USHMM. 2021. Women and Hazara in Afghanistan Face Heightened Risk of Mass Atrocities After Taliban Takeover. <https://www.ushmm.org/genocide-prevention/blog/women-and-hazara-face-heightened-risk-of-mass-atrocities>; and USHMM. 2022. Urgent Action Needed: Hazaras in Afghanistan Under Attack. <https://www.ushmm.org/genocide-prevention/blog/urgent-action-needed-hazaras-in-afghanistan-under-attack>.

22 Forum Asia. 2023. [Statement] Afghanistan: Protect the persecuted Shia Hazaras in Afghanistan.

<https://forum-asia.org/statement-afghanistan-protect-the-persecuted-shia-hazaras-in-afghanistan/>

23 UNAMA. 2024. "Human rights situation in Afghanistan: October – December 2023 Update".

https://unama.unmissions.org/sites/default/files/english_hr_update_22jan_2024.pdf.

24 Hast-e Subh Daily. 2024 [The Taliban detained several girls in Jaghori District of Ghazni province].

<https://8am.media/fa/the-taliban-arrested-a-number-of-girls-in-ghaznis-jaghori-district/>.

25 Rukhshana media. 2024. [Increase in detention of girls accuses of not observing proper hijab; four girls in Daikundi detained].

<https://rukshana.com/increase-in-arrests-of-girls-on-charge-of-wearing-a-veil-four-girls-were-arrested-in-daikendi>

26 The Taliban's Ministry of Propagation of Virtue and Prevention of Vice (MOPVPV). 2022. "Procedure: A brief descriptive and practical outline related to Islamic hijab".

<https://mopvpe.gov.af/en/node/635>.

27 Reset Dialogues on Civilizations (Reset DOC). 2024. The Hazara's Resilience against Taliban Persecution.

<https://www.resetdoc.org/story/hazaras-resilience-against-taliban-persecution/>.

28 Vêxase Radio Free Europe Radio Liberty. 2024. Afghan Women Accuse Taliban Of Torture And Extortion Amid Dress Code Crackdown.

<https://www.rferl.org/a/afghanistan-taliban-women-torture-extortion-dress-code-crackdown/32777072.html>.

29 Etilaat Roz Daily. 2023. [In the scope of fear; A report on the experience of former prisoners in Taliban prisons.]

<https://www.etilaatroz.com/187656/>.

30 New Security Beat. 2024. Under the Veil of Oppression: The Agonizing Plight of Afghanistan's Hazara Women.

<https://www.newsecuritybeat.org/2024/01/under-the-veil-of-oppression-the-agonizing-plight-of-afghanistans-hazara-women/>.

31 Etilaat Roz Daily. 2023. [Suspending Shia theology at universities; Shia Ulema Council expressed regret].

<https://www.etilaatroz.com/169400/>.

Afghanistan International. 2023. [Taliban Higher Education Minister: All Afghans are Hanafis].

<https://www.afintl.com/202312172497>.

32 The Khama Press News Agency. 2023. Taliban imposes Hanafi-only policy in Afghan private University Libraries.

<https://www.khaama.com/taliban-imposes-hanafi-only-policy-in-afghan-private-university-libraries>

33 Afghanistan International. 2023. [Taliban Higher Education Minister: All Afghans are Hanafis].

<https://www.afintl.com/202312172497>.

34 Para un resumen detallado da inversión dos talibans en madrasas yihadistas,

véxase Reset DOC. 2024. Entrenching Extremism: The Taliban's Radicalization Agenda in Afghanistan.

35 UNAMA. 2021. Civilian casualties set to hit unprecedented highs in 2021 unless urgent action to stem violence – UN report.

<https://unama.unmissions.org/civilian-casualties-set-hit-unprecedented-highs-2021-unless-urgent-action-stem-violence-%E2%80%93-un-report>.

36 Véxase Human Rights Watch. 2001. Massacres of Hazaras in Afghanistan.

<https://www.hrw.org/report/2001/02/01/massacres-hazaras-afghanistan>.

37 Amnesty International. 2021. Afghanistan: Taliban responsible for brutal massacre of Hazara men – new investigation.

<https://www.amnesty.org/en/latest/news/2021/08/afghanistan-taliban-responsible-for-brutal-massacre-of-hazara-men-new-investigation/>.

38 Amnesty International. 2021. Afghanistan: 13 Hazara killed by Taliban fighters in Daykundi province – new investigation.

<https://www.amnesty.org/en/latest/news/2021/10/afghanistan-13-hazara-killed-by-taliban-fighters-in-daykundi-province-new-investigation/#:~:text=Taliban%20forces%20unlawfully%20killed%2013,by%20Amnesty%20International%20has%20revealed>

39 Véxase Spiegel International. 2021. The Taliban's Campaign to Rob Villagers of Their Land.

<https://www.amnesty.org/en/latest/news/2021/10/afghanistan-13-hazara-killed-by-taliban-fighters-in-daykundi-province-new-investigation/#:~:text=Taliban%20forces%20unlawfully%20killed%2013,by%20Amnesty%20International%20has%20revealed>.

40 Human Rights Watch. 2023. Afghanistan: Events of 2022.

<https://www.hrw.org/world-report/2023/country-chapters/afghanistan>.

41 Bolaq Analyst Network. 2023. The Situation of the Hazaras During the Second Year of the Taliban Rule (August 15, 2022 - August 15, 2023).

<https://www.bolaq.org/wp-content/uploads/2023/08/Bolaq-Report-Situation-of-Hazaras-During-Second-Year-of-Taliban-Rule.pdf>.

42 Kabul Now Daily. 2023. Hundreds of Hazara Families Risk Forced Eviction in Khas Uruzgan.

<https://kabulnow.com/2023/08/hundreds-of-hazara-families-risk-forced-eviction-in-khas-uruzgan-district/>.

43 Reuters. 2024. Taliban bars UN human rights special rapporteur from Afghanistan.

<https://www.reuters.com/world/asia-pacific/taliban-bars-un-human-rights-special-rapporteur-afghanistan-tolo-news-2024-08-21/>.

44 United Nations. The Responsibility to Protect.

<https://www.un.org/en/chronicle/article/responsibility-protect>.

Da Unión de Visantoña e Malabo

Tiffany López-Ganet

Arquitecta e profesora. Bubi e galega
tiffany.lopez.ganet@gmail.com

Resumo:

Con 23 anos pisei a illa de Bioko por primeira vez. Á volta comecei unha busca na que levo metida desde entón para achegarme á comunidade negra, ao pobo bubi, á miña familia e a min. Falo de orixe, de pertenza e de identidade; da que se usa para rexeitarnos e da que abrazamos para protexernos. Idealizo ese recuncho do golfo de Guinea para intentar resolver o meu conflito persoal mentres habito Galicia, a terra que me viu nacer e que, aínda estando nela, móstrase tantas veces distante e estraña.

Palabras chave:

migrante de segunda xeración, diáspora africana, Bioko, pobo bubi, racismo.

Abstract:

I was 23 years old when I stepped on Bioko Island for the first time. As soon as I got home I started a quest, in which I have been immersed since then, to get closer to the black community, to the Bubi people, to my family and to myself. I talk about origin, belonging and identity; the one that is used to reject us and that we embrace to protect ourselves. I idealize that corner in the Gulf of Guinea to try to solve my personal conflict while I inhabit in Galicia, the land of my birth, and that despite having me here, seems so often out of touch, distant, unfamiliar.

Keywords:

second-generation migrant, African diaspora, Bioko, Bubi people, racism.

Preséntome: a min e ás miñas raíces

Cheguei a este mundo grazas ao encontro na discoteca Chaston de Antonio de Visantón e Paquita de Ela Nguema. El, nacido na casa cerca do mediodía, despois de ter pasado a miña avoa María a súa dilatación na lareira a soas coa súa sogra porque era época de plantar os nabos por aquelas terras galegas. E ela, nacida o día despois do Nadal no hospital de Malabo; no mesmo hospital que traballaba a miña avoa Adriana.



Cartel da discoteca Chaston da Coruña

O meu nome é Tiffany e nacín o mércores 27 de xuño de 1990 no Hospital Materno Infantil da Coruña ás 8 e 5 da tarde. Uns días máis tarde, leváronme a Santa Cruz, e alí quedei; a excepción do ingreso por ictericia unhas semanas despois, outra temporeada no CHUAC recentemente, un ano vivindo en Portugal, outro en Canadá e moitas viaxes.

Pasei unha infancia feliz entre as acampadas libres, a vida da vila e a da finca, un escondidoiro que tiñamos a dez minutos da casa no que plantabamos, criabamos animais, bebiamos auga do pozo e durmiamos nunha caseta de obra verde *fosforito*.

Nacín en terras galegas, sempre puiden cheirar o mar e sentir a chuvia. Falo galego, a miña familia paterna está cerca e tiven sempre un piso por debaixo á miña avoa María para que me dera acceso á nosa historia. Formo parte deste recuncho do planeta Terra, compartimos toda unha vida a miña vila e eu. A outra parte sempre a tiven que imaxinar –coa axuda de miña nai, iso si.

Miña nai é a miña conexión coa illa de Bioko, esa parte das miñas raíces que pesa cada vez máis. O feito de que xorda esa necesidade de busca, ese interese pola miña orixe, ten que ver coa idea de non sentirse parte do teu entorno. Cuestiónase unha e outra vez a túa procedencia, recórdanche que non es “de aquí”, e ao final o cres (ou, polo menos, dubidas). Entón buscas outro “aquí”, a ver se encaixas mellor nel. Emprendes a viaxe ás orixes e intentas facer real todo o que imaxinas.

En febreiro de 2014 pisei Bioko por primeira vez. Pensaba que coñecer a terra que vira nacer á miña nai suporía o fin da incerteza e peche dunha etapa, pero non

fixo máis que avivar as dúbidas e levarme, incluso, a escribir unha tese doutoral para aclaralas.

CADELA DE PALLEIRO: migrante de segunda xeración

Son a unión dunha aldea de Galicia coa capital de Guinea Ecuatorial. Son unha cousa, son a outra, a metade de cada ou as dúas enteiras?, pertenzo a un sitio, ao outro, aos dous ou a ningún? A miña parella daquela acabou por denominar a miña non-raza “can de palleiro”.



Cadela de palleiro, López-Ganet, 2016



O can de palleiro presumindo como galego, Gadis, 2015

Aquí negra. Alí branca. Ás veces mulata, din. A miña suposta falta de pureza ao non ser de todo negra nin de todo branca comparábase á dos cans froito do cruce de dúas razas. Aquí utilizamos o termo palleirán ou can de palleiro para referirnos ao que noutros sitios denominan chuchó, mestizo ou “perro callejero”; un can sen *pedigrí*. Investigando sobre o tema e coa chegada do can do anuncio do Gadis, descubrín que can de palleiro xa non é sinónimo de mestizo nin palleirán, senón que se trata dunha raza autóctona galega; parece que iso algo me empoderou.

Que era mulata, ensináranme de pequena. Coñecer a historia e identificarme cunha parte dela polas miñas vivencias faime reconecerme como negra. Que non diga iso, que é negativo, relaciónano con persoa escravizada. Negra non, que hai diferenzas dentro do grupo, afrodescendente mellor. Ese termo é preferible reservalo para a poboación con descendencia africana levada nunha viaxe forzada ao outro lado do Atlántico. Mulata vén de mula, así que mellor mestiza. Pero o cadro de castas di que iso é froito da unión de español con india, non con negra. Ser mestura é ser bastarda. Pois racializada, que ao final iso é o importante, non?,

que se nos categoriza pola nosa raza. Con todo isto pode que esteamos evitando a nosa identificación con África. Non sei se podó dicir que son africana sen tela apenas pisado e pensando tanto na identidade galega. Afrogalega?



Pintura de castas, Anónimo, s. XVIII

25 DE XULLO: día de Galicia e da muller afrodescendente

Kimberlé Williams Crenshaw trouxo ao mundo o concepto de interseccionalidade para definir o complexo sistema de estruturas de opresión no que raza e xénero interactúan xerando tamén formas de discriminación tanto ou máis complexas. Somos unha superposición de identidades mais, de todas as que podería enunciar muller, –negra, galega, agora mamá, tamén lesionada medular, arquitecta ou profesora, entre outras–, as dúas primeiras sempre son as que máis pesan.

O 25 de xullo, ademais do día de Galicia, é o día da muller afrodescendente.

Para min, identidade e pertenza son sinónimos de lingua e territorio. Nacín en Galicia, estou en Galicia, síntome galega; creime na súa cultura, falo o idioma e percorro o sitio no que crecín. Saín na Repanocha e son socia do Xabarán Club, que máis probas se precisan? Sen embargo, aínda que tamén africana, ecuatoguineana e bubi (pobo autóctono da illa de Bioko, unha das actuais etnias de Guinea Ecuatorial), esa lingua e ese territorio non estiveron presentes na miña infancia.



Ligazón ao vídeo



Fotograma do vídeo "Falemos do amor",
A Repanocha (TVG), 1996.

Carné do Xabarán Club

<https://www.youtube.com/watch?v=WRRT5V3Uxr4>

Por moito que loite, estude, lea, viaxe a Bioko, entreviste e busque, non conseguirei que o bubi penetre como o fixeron os debuxos da galega ou o acento de Visantoña.

UNHA NEGRITA BAILANDO GHALLEGHO: diáspora, pertenza e desarraigo



Unha negrita bailando ghallegho, López-Ganet, 2016

Con tres anos uninme ao grupo de baile e gaitas da miña vila. "Ai, que graciosa!, unha *negrita* bailando *ghallegho!*". Así unha e outra vez. E mentres eu, veña dengue, veña *pololos*, veña pandeireta e trenzas postizas. Dícian que bailaba moi ben. Nunca o vin como nada raro; non tiña outra referencia cerca. É posible que pegara máis bailando *katyá*, un baile tradicional bubi, pero non tiveron a oportunidade de coñecelo ata chegar á vintena.

Era o meu sitio, coñecía as tradicións, recoñecía-me nesa terra. Cada revés como o deste episodio

lévanme á tensión do binarismo, ao ser dun sitio, do outro, a medias ou directamente de ningún. Pertenza, sentido de pertenza e imposibilidade de pertenza.

Cando me preguntan de onde son, a que se refiren?, ao lugar que me viu nacer, á terra de meu pai, á de miña nai, á que sento que pertenzo ou na que me gustaría morrer?

Cando migras, pensas que vas dun sitio a outro; pero nese "outro" deixas de ser. Quedas, entón –ti e os que veñan–, nunha especie de limbo chamado diáspora. Miña nai migrou e pasou a ser diáspora; eu, sen embargo, nacín nela.

Invádenos unha sensación de desarraigo á diáspora; aos que migraron, mais tamén aos fillos das persoas migrantes –segundas xeracións–, xa nacidos, criados e educados no país de destino da viaxe dos pais. Como diáspora compartimos esa sensación de limbo e desarraigo e a frecuente necesidade de volver á orixe para seguir avanzando.

“CANDO SEXAS GRANDIÑA IRÁS Á NOSA TERRA”: viaxe de volta



Ligazón ao vídeo

Fotograma do vídeo “Cuando seas mayorcita irás en nuestra tierra”, arquivo doméstico familiar, 1990
<https://www.youtube.com/watch?v=x6cpEoVPgcg>

“Temos a nosa riqueza en Guinea. Cando sexas grandiña irás á nosa terra a ver como vivimos. Vivimos ben. Temos moitos plátanos, temos moita froita, mangos, piñas...temos de todo en Guinea”.

Seguramente non se imaxinara que fora tardar tanto en pisar Bioko, pero fun e esa viaxe supuxo unha absoluta revolución en min. Con gran ilusión describía a miña avoa Quinimamá a súa terra, as árbores e os mangos que chegaría a probar cando medrara. Explicábame que eu tamén pertencía a esa illa, que iría e entendería todo. Para os bubis todo xira arredor da illa de Bioko e, por sorte, aos poucos días de nacer xa mo deixaron claro nun vídeo gravado para que me coñecera a familia de Malabo.

A pesar do paso do tempo, as súas palabras deberon quedar no meu subconsciente ata espertar e animarme a emprender a viaxe de volta. De soarme vagamente o nome pasei a idealizar esa illa. Era de supoñer que o meu sitio estaba na terra que habitaba, pero a realidade –compuesta de racismo, falta de referentes e moitas incógnitas– levábame a pensar que o meu lugar estaba noutra terra lonxe de aquí.

Fun, pero parece que tampouco foi a solución definitiva; ese tampouco era o meu sitio. As maiores rupturas a nivel cultural que sinto como bubi na diáspora son a nivel espacial –o lonxe que estou da illa de Bioko– e idiomático– o distanciamento que provoca a perda do idioma. Puiden ter visitado ese pequeno paraíso

do golfo de Guinea repetidas veces desde o meu nacemento, pero só estiven dúas veces. Tamén puideron ter aprendido a lingua a través da miña nai, pero ela tampouco a falaba.

Na casa da miña nai os nenos non falaban bubí, era cousa de maiores. Tampouco pichi –un dos idiomas predominantes da illa, especialmente en Malabo. Os seus pais prohibíanlles falar calquera cousa que non fora español –seguro que se vos fai familiar esta situación. Os seus irmáns aprenderon nas rúas con amigos o resto de linguas comúns no país; pero a miña nai chegou de primeira a España, cun par de cancións da súa infancia e expresións da súa nai que aínda resoaban na súa cabeza despois de perder a súa nenez e adolescencia traballando interna para unha familia española.

Contoume que ao sobrevoar terras galegas antes de aterrar por primeira vez púxose a chorar ao ver a súa illa no verde que deixaba baixo os seus pés. Soubo que aquel sería o seu sitio. Ata que non vin á miña nai en Malabo recoñecendo e sendo recoñecida por persoas da súa infancia, non fun consciente de que tivera unha vida antes de terme e antes de vivir en Galicia.

Creo que non foi ata emprender eu a miña viaxe que empecei a ser consciente das que houbera antes. E a que máis me urxiu coñecer foi a que emprendera a miña nai 40 anos atrás. Que sentiría ao chegar a un sitio que tiña ata na sopa na súa terra –e que supostamente tamén era a súa terra naquela época– e ver que para eles ela era unha total descoñecida? Non sabía bubí, pero sabía os ríos e provincias de España; non sabía cociñar okro soup, pero levaba interna desde nena nunha familia branca cociñando comida española.

Unha vez de volta na casa trala primeira viaxe, somérxome en lecturas, recupero o tempo perdido coa familia, retomo o contacto coa que segue en Guinea e vexo e revexo as fotos e vídeos que me conectan con aquilo. Rescato recordos, ligo ideas e doume conta de todas as tradicións bubis que vivira e pasaran case desapercibidas para min. Vivencias que ignorara no pasado recobran o seu valor no presente e facíanme sentirme parte.

Volvo a Bioko, reencóntrome coa familia, entrevisto a outras persoas bubis, entro de cheo no idioma, descubro outra forma de ver a vida e o mundo. Manteño os lazos á volta e aumentan coa rede que atopo tamén en España. Recoñézome e recoñezo as miñas vivencias familiares e historias pasadas en contos, cancións, conversas, lendas e crenzas.

Culpeime por ter tardado tanto tempo en coñecer e conectar cousas tan importantes da miña historia como as que comparto nestas páxinas e culpei á miña nai por non terme transmitido outras. Agora, comprendo mellor o pasado e gozo mellor do presente; escribindo orgullosa este texto cunha mantiña tras facerlle un corte a un quilo de castañas e soñando con repetir esa viaxe que me leve de novo ao brócoli denso e quente rodeado de bruma e mar chamado Bioko.

A emigración galega dos anos oitenta a EE.UU.: Identidade, Etnia e o rol dos centros de emigrantes no proceso de asimilación socio-cultural

Anxo X. Brea Lestón

Master Teacher do Gilder Lehrman Institute of American History
angelbrea1@gmail.com

Resumo:

Este traballo analiza a emigración española e particularmente a galega aos Estados Unidos que se produciu hai aproximadamente corenta anos, ofrecendo tanto unha narración persoal como unha análise académica. Contextualiza os inmigrantes galegos no marco máis amplo da etnia española, explorando as complexidades da súa identidade cultural e a súa clasificación baixo a etiqueta xeral "hispana". O estudo baséase na investigación relevante sobre a etnia e as diferenzas culturais para destacar os matices da experiencia deste grupo. Ademais, aborda o papel dos clubs sociais de migrantes para facilitar os procesos de asimilación e aculturación dentro da sociedade estadounidense.

Palabras chave:

Identidade nacional, transnacionalismo, inmigración, emigración, migración, patria, panetnicidade, España, Galicia, América.

Abstract:

This paper examines Spanish, and in particular Galician immigration to the United States that occurred approximately forty years ago, offering both a personal narrative and a scholarly analysis. It contextualizes Galician immigrants within the broader framework of Spanish ethnicity, exploring the complexities of their cultural identity and its classification under the general "Hispanic" label. The study draws on relevant research concerning ethnicity and cultural differences to highlight the nuances of this group's experience. Additionally, it addresses the role of migrant social clubs in facilitating the processes of assimilation and acculturation within American society.

Keywords:

National identity, transnationalism, immigration, emigration, migration, homeland, panethnicity, Spain, Galicia, America.

Hai uns anos, durante unha visita que os meus pais fixeron á cidade de Nova York, e mentres estaba na parte superior dunha das torres do World Trade Center, apuntei cara ao estado de Nova Jersey e mencionei a cidade de Newark, e como esa cidade fora un bastión de inmigrantes españois e portugueses. Para a miña sorpresa, miña nai díxome que o meu avó tamén emigrara a Estados Unidos e traballara na cidade de Newark, pero en Baltimore, no estado de Maryland. Así de sinxelo, deixei de ser o primeiro emigrante da miña familia nos Estados Unidos.

Aínda hoxe, como emigrante de primeira xeración, vivo e vin a emigración como un fenómeno humano e perenne que responde a unha fórmula sinxela: a desigualdade de oportunidades, a conciencia desa desigualdade e o acceso á mobilidade. É por interese persoal, así como por experiencia propia, que sigo interesado no estudo das comunidades de emigrantes españois, especialmente en Nova York. Non só é unha tarefa intelectual apaixonante, senón tamén un exercicio necesario de hixiene cívica.

Eu, como moitos do meu tempo, vimos de familias de emigrantes. Da parte do meu pai fixérono a Arxentina e Uruguai nos anos 50, e por parte da miña nai, a Cuba e aos Estados Unidos a primeiros do século XX. A maioría regresaron a Galiza, sendo moi poucos os que quedan no exterior.

A mediados dos anos oitenta, prodúcese un éxodo masivo de galegos das Rías Baixas do Norte aos EUA, especialmente aos estados de Nova York e Nova Jersey. Se hoxe visitásemos calquera praia o longo da Ria de Muros e Noia durante os meses de verán, veríamos que o inglés é unha segunda lingua de xuño a setembro. Esta anomalía lingüística é causada polo retorno vacacional á terra de emigrantes e os seus descendentes, e ademais o resultado dunha aculturación de varias xeracións por mais de corenta anos de permanencia nos EUA.

España en xeral ten unha importante historia na emigración, e é coñecida como un dos países con maior número de emigrados de Europa a América do Norte. A emigración dun gran número de españois durante as últimas décadas do século XIX e as primeiras do século XX foi o suficientemente significativa como para situar a España entre os pobos migratorios máis activos, por detrás do Reino Unido e Italia, e moi preto de Austria, Hungría e Alemaña¹. De todas as comunidades autónomas de España, é Galiza a que foi con diferenza, historicamente a comunidade con maior cantidade de emigrantes hacia o continente Americano.

1. Gómez, "Spanish Immigration to the United States," *The Americas* 19, no. 1 (1962): 59-78

Un estudo recente do Pew Research Center, estima que en 2021 residían nos Estados Unidos uns 990.000 hispanos de orixe española, é dicir, aqueles que son inmigrantes ou que trazan a súa ascendencia familiar a España. Os españois son en cantidade, a novena poboación de orixe hispana que vive nos Estados Unidos, representando o 1% da poboación hispana dos Estados Unidos en 2021. De 2010 a 2021, a poboación con orixes españolas aumentou un 40%, pasando de 710.000 a 990.000. Ao mesmo tempo, a poboación nacida no estranxeiro con orixe española que vive nos Estados Unidos creceu un 33%, pasando de 90.000 en 2010 a 120.000 en 2021².

Aínda que as investigacións sobre a emigración española a Estados Unidos aumentaron nos últimos tempos, concentráronse principalmente nos países latinoamericanos, que recibiron o groso do éxodo hispano-falante no período de "migración masiva" (1880-1930)³. Esta falta de investigación sobre a emigración procedente de España contrastaba co extenso traballo sobre a emigración procedente doutros países de fala española, obviando a presenza dun numeroso grupo que posuía características distintas e moi particulares. Os traballos de Martinelli e Varela-Lago sobre o tema sinalan esa preocupación, como mostra o título *Hidden in the Open*⁴, por sinalar a falta de estudos sobre este colectivo de inmigrantes. Nos Estados Unidos, o estudo da emigración española quedou por detrás doutras comunidades quizais pola invisibilidade, ou pola dispersión deses emigrantes. Esa invisibilidade reflíctese en títulos como, o citado anteriormente, "Hidden in the Open", "The Forgotten Spanish Diaspora in the U.S."⁵, "The Spanish Wave: American Forgotten Immigrants"⁶, ou a película "A Legacy of Smoke: A Documentary Project of Spanish Immigrants in Tampa, Florida"⁷.

O traballo Gómez xa sinalaba a invisibilidade dos emigrantes españois a comezos do século XX afirmando que "se non fose pola presenza dun número moi elevado de hispanofalantes de orixe mexicana e portorriqueña, os apelidos españois nos Estados Unidos serían tan escasos como os apelidos turcos e moito máis escasos que os apelidos finlandeses"⁸.

2. Moslimani, Noe-Bustamante e Shah, "Facts on Hispanics with Origins in Spain in the United States, 2021," The Pew Research Center. Last modified 2023. <https://www.pewresearch.org/race-and-ethnicity/fact-sheet/us-hispanics-facts-on-spanish-origin-latinos/>
3. Sánchez-Albornoz, ed. *Españoles hacia América: La emigración en masa, 1880-1930*
4. Martinelli e Varela-Lago, ed. *Hidden Out in the Open: Spanish Migration to the United States (1675-1930)*, (Louisville: University Press of Colorado, 2018), 33.
5. Fernández, "The Forgotten Spanish Diaspora in the US", El País, English Edition, June 26, 2018.
6. Fernández, "The Spanish Wave: America's Forgotten Immigrants", NYU January 6, 2014.
7. Argeo and Fernandez, *A Legacy of Smoke: A Documentary Project of Spanish Immigrants in Tampa, Florida*.
8. Gomez, *Spanish Immigration to the United States*, 70.

Os datos de 2016 indican que os galegos eran o grupo máis numeroso de todos os españois rexistrados no estranxeiro, representando o 21,85%⁹. Recentemente o xornal galego La Voz de Galicia publicou que os galegos están rexistrados como residentes en 70% dos países do mundo¹⁰. A diáspora ultramarina galega esténdese por todo o planeta, e forma parte dunha cultura popular do día a día e do noso humor. Por exemplo, hai bromas sobre a posibilidade de topar cun emigrante galego en calquera parte do mundo. O éxito pop dos anos 90 "Hai un galego na lúa" fai alusión á probabilidade de atopar galegos nos lugares máis remotos e insospeitados.

No que atinxe á orixe española, é importante mencionar a influencia das diferenzas étnicas e socioeconómicas entre os cidadáns españois dentro da Península Ibérica, así como o significado da súa identidade única dentro da poboación hispana dos Estados Unidos. A pesar de que todos os cidadáns de España son considerados españois, a identidade rexional xoga un papel importante no que son e como se identifican dentro e fóra do país. Soto Márquez considera que os hispanos brancos, neste caso os españois, manobran no que denomina unha "etnia bifurcada", que pon de manifesto conceptualmente a relación interfluída da brancura e a panetnicidade hispánica, poñendo en cuestión a lóxica e a estabilidade global dos seus límites nos presentes e nos futuros contextos etnoraciais dos Estados Unidos¹¹.

Nun estudo similar sobre os emigrantes galegos, Nichole Fernández descubriu que a experiencia de ter herdanza galega nos EUA como país cun alto número de emigrantes latinoamericanos, xeraba uns supostos raciais nos que os participantes formaban unha forte identidade española, concretamente galega. Os galego-estadounidenses botaron man da paisaxe e imaxinaron a historia de Galicia para actuar contra un sistema social que moitas veces os catalogaba como "hispanos" ou "non brancos."¹² De certo, continúan identificándose como "galego(a)," e despois como "español(a)" ou cidadán(a) do estado español. Por ese motivo cústalles marcar a caixa de "hispanic" tal e como define a todas as persoas de orixen hispano o censo dos Estados Unidos.

Engadindo outro elemento que contribuíu á invisibilidade dos españois, Soto-Márquez cita a metodoloxía errónea empregada na recompilación de datos

9. Golías, Palma, Pérez-Caramés, eds., "The Grandchildren of Galicia: Lived and Imagined Citizenship," *In Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-Diversity* (New York: Springer, 2018)

10. Punzón, "Solo Hay 57 Países en el Mundo Sin Gallegos," *La Voz De Galicia*, March 8, 2019.

11. Soto-Marquez, "I'm Not Spanish, I'm from Spain: Spaniards' Bifurcated Ethnicity and the Boundaries of Whiteness and Hispanic Panethnic Identity" *Sociology of Race and Ethnicity* 5, no. 1 (January 2019): 85-99,

12. Fernández. 2020. *Constructing National Identity Through Galician Homeland Tourism*, *Genealogy* 4, no. 1:

polo censo dos Estados Unidos para rexistrar inmigrantes dos países hispanos. Lembra que antes da década de 1970 non existía unha separación oficial gubernamental entre os brancos non hispanos e os hispanos de calquera nacionalidade, establecendo que esta conceptualización multirracial da categoría étnica hispana, así como os criterios culturais de pertenza ao propio grupo, lévanos a unha confusión social xeralizada sobre quen é hispano e quen non¹³.

A pesar da súa metafórica presenza indetectable, o establecemento de enclaves españois, que acabaron por converterse en comunidades estables, impulsou a creación dunha rede de clubs sociais, sociedades de socorro mutuo e outros locais sociais que aumentaron a súa visibilidade e influencia en xeral. Estas asociacións foron o resultado natural do esforzo dos emigrantes por unirse e sobrevivir, ofrecer oportunidades para establecerse na comunidade, facilitar a asimilación ao novo país, e ofrecer unha conexión coa patria.

O estudo de Nuñez Seixas sobre as asociacións de emigrantes conclúe que unha mirada a estas asociacións pode ofrecer un espello informativo a través do cal examinar estes colectivos, non só as comunidades organizadas. Malia todas as súas limitacións implícitas, un uso axeitado das narrativas producidas polas asociacións pode axudarnos a entender os patróns de asentamento, a composición socioprofesional, a orixe social das elites e o arraigamento ou imaxe no país de acollida. Do mesmo xeito, as asociacións de migrantes ofrecen unha mostra visible das concepcións e dos intereses sociopolíticos sectoriais de todo o colectivo migrante¹⁴.

Hoxe en día na zoa tri-estatal que comprende os estados de Nova York, Nova Jersey e Connecticut, existen en funcionamento cinco asociacións, ou clubs de emigrantes. En Newark, no estado de Nova Jersey, o Club España e o Centro Orensano adicanse a facer actividades sociais e culturais para unha comunidade maiormente galega. En Nova York, na illa de Manhattan, no espazo que fora nomeado "Little Spain", atópase La Nacional, unha asociación fundada no ano 1869 co nome oficial de *Centro Español-Spanish Benevolent Society* (Sociedade de Socorro Mutuo). Camiño o leste, no condado de Queens, atópanse a Casa Galicia, fundada no 1940 e visitada por Daniel Castelao, e o Centro Español de Queens, tamen coñecido como o Círculo Español. Neste intre, só o Centro Orensano e Casa Galicia están recoñecidos pola Xunta de Galicia como centros galegos. A historia e o legado destas asociacións de migrantes require un amplo estudo que está fóra do ámbito deste traballo.

13. Soto-Marquez, "I'm Not Spanish," 88.

14. Nuñez Seixas, "Migrant associations: the Spanish transatlantic experience, 1870-1970," *Social History*, Vol. 41, No. 2. 136-154.

Para ilustrar aínda máis a emigración española, presentarei a Roberto, un compañeiro galego, cuxa vida exemplifica un camiño familiar de moitos emigrantes galegos nos Estados Unidos. Roberto Martínez, ourensán de nacemento, sempre pensou que a Terra era plana, e para el tiña moito sentido. Deixou unha Galicia atrasada e pobre a finais dos anos 70 por unha Venezuela próspera. Despois de pasar uns anos en Caracas, viu as perspectivas dun futuro mellor nos Estados Unidos e voou en liña recta cara a Newark, Nova Jersey, ou iso pensaba. Durante unha pequena discusión despois dunha cea, e facendo un aceno coa man, asegúroume que o seu voo directo visto desde o avión era a proba indiscutible da planitude do planeta. Roberto representaba ao típico emigrante español daquela época, espabilado, pero de pouca escola, varón solteiro e destemido. Para aqueles como el, emigrar a un país de fala hispana non cambiaría as dificultades da emigración, pero emigrar a un país cun idioma descoñecido foi realmente unha experiencia máis difícil. Porén, a él non lle importaba, porque aterrara no lugar axeitado.

Despois dunhas semanas en América, a visa de turista de Roberto caducou e converteuse nun inmigrante sen papeis. En primeiro lugar, o seu verdadeiro nome nin era Roberto. Nunca lle gustou o seu verdadeiro nome porque era moi pouco común, e traíalle os malos recordos do pai de orixe portuguesa. Entón, de xeito extraoficial, cambiou tanto o nome como o apelido para converterse en Roberto Martínez. En segundo lugar, non tiña intención de aprender inglés nin de mesturarse cos americanos, a non ser que fose inevitable ou o favorecese economicamente.

A ideoloxía estadounidense centrouse en gran medida na noción de América como un "melting pot" ou crisol", onde os emigrantes se mesturan para crear un novo tipo de estadounidense.¹⁵ Críase que os emigrantes, co tempo, romperían todos os lazos coa súa terra natal, e os seus descendentes acabarían por incorporarse plenamente á nova sociedade de acollida. Porén, para Roberto a teoría da asimilación do "crisol" quedou moi curta. A cidade de Newark proporcionoulle todo o que precisaba: un traballo como albanel cualificado nunha economía de gran demanda, onde facía bo diñeiro. Vivía nunha comunidade que lle daba acceso a produtos e servizos nun idioma que entendía, e o máis importante, dáballe o anonimato que necesitaba. Por unha estraña razón desprezaba os portugueses, aceptaba os hispanoparlantes e ignoraba os demais. Glazer e Moynihan describen como non foi tanto o carácter distintivo dos emigrantes e os seus valores os que lles impediron fundirse e asimilarse a América, senón o carácter da sociedade

15. Glazer, and Moynihan. "Beyond the Melting Pot," In *Ethnicity*. John Hutchinson and Anthony D. Smith eds. (New York: Oxford University Press.1996).

estadounidense que non consideraba a cada grupo de inmigrantes por igual.¹⁶ Para Roberto a interacción cos americanos, e a súa cultura foi aterradora, esgotadora e improdutiva.

Cada fin de semana Roberto era un habitual de todos os clubs sociais españois da súa nova cidade natal de Newark. Lugares como o Club España, ou o Centro Orensano ofrecían unha ampla gama de servizos aos seus socios e aos emigrantes recentemente chegados. Os seus impresionantes clubs incluían aulas, restaurantes e cantinas, onde os inmigrantes podían buscar traballo e unha pensión barata, asistir a clases de música e baile tradicionais, xogar ás cartas, asistir a eventos informativos e culturais e pasalo ben nunha variedade de bailes e festivais semanais.

Cóntanos Nuñez Seixas que dende principios dos anos 80 o estudo do asociacionismo migrante suscita un maior interese por tres factores concorrentes. En primeiro lugar, houbo un cambio dunha perspectiva macrohistórica a unha perspectiva microhistórica na escala e no foco da investigación relevante. Isto implicou afastarse dos grandes números, e das perspectivas estruturais sobre a migración, cara á análise das redes sociais e dos actores individuais.¹⁷ Non cabe dúbida de que estas asociacións proporcionaron espazos para crear ou recrear identidades dende a patria.

Desde a perspectiva da asimilación, será difícil dicir se estas asociacións étnicas retrasaron ou dificultaron a integración dos inmigrantes ao crear vínculos horizontais e conexións étnicas importadas do país de orixe. Para Roberto Martínez e moitos inmigrantes coma el, estes centros sociais reproducían e recreaban os valores da sociedade de orixe, atrasando neste caso a adopción dos costumes e linguas do país de acollida.

O caso de Roberto e moitos coma el, foi o resultado dunha diáspora de españois a finais dos anos 70 e principios dos 80 que deixou un país en transición dunha ditadura a unha democracia. Aínda que as oportunidades de crecemento económico e de acceso a un emprego estable ían mellorando, esas oportunidades aínda eran escasas en Galicia, que non tiñan unha cidade importante cunha industria consolidada, como Madrid, Barcelona ou Bilbao. Esa situación ofrecía dúas solucións, unha para emigrar a un deses lugares do país, outra emigrar a un país estranxeiro, como os Estados Unidos.

Pola contra, a migración española contemporánea cara a Estados Unidos é al-

16. Glazer and Moynihan, "Beyond the Melting Pot," 23.

17. Nuñez Seixas, "Migrant Associations," 142.

tamente cualificada e non se asemella ás anteriores ondas migratorias na súa composición nin nas súas causas. O aumento da emigración española cualificada durante a primeira década do século XXI está relacionado co acceso da mocidade española, de orixe obreira ou de clase media, ao ensino universitario e de posgrao e ao desenvolvemento da ciencia en España, e tamén a irrupción da mocidade española a sectores profesionais con perfís internacionais, traslados intraempresariais e cambios nas leis de inmigración dos países de acollida.

Na miña propia experiencia, o choque de culturas e a barreira lingüística foron os maiores obstáculos para funcionar a un nivel básico, ou polo menos socializar con certa normalidade na sociedade estadounidense. Os clubs sociais e a asociación con outros inmigrantes españois serviron e seguen servindo de amortecedor para o choque cultural, de vehículo de identificación colectiva, territorial ou relixiosa e de fonte de asistencia material ou mutua no país receptor. Sempre houbo alguén que coñecía a alguén que podería axudarche a atopar un traballo ou un piso valeiro. Os clubs sociais foron o seguinte paso para normalizar unha dolorosa asimilación a través do encontro de xéneros e xeracións, e co tempo e a sorte, unha muller axeitada para Roberto.

O máis importante, a diferenza da representación da emigración solitaria e aventureira exemplificada por casos anecdóticos, como a historia de Roberto, é que a diáspora galega destaca como un proxecto colectivo. O asociacionismo galego nos países de destino, así como os intereses benévolos e oportunistas dos seus emigrantes, exprésanse de diversas formas en diferentes países e movementos históricos. Ás veces parece expresar o espírito cooperativo que se bota de menos no país de orixe, e noutras ocasións semella a máxima expresión do espírito capitalista emprendedor e individualista.

Por relevantes que sexan estas institucións transnacionais, as asociacións adoitan representar unha parte minoritaria da poboación emigrante nun lugar determinado. Ao longo da primeira metade do século XX, só o 20-25 por cento dos homes adultos emigrantes españois se converteron en membros dunha asociación étnica no seu país de acollida; e o seu perfil social non sempre foi representativo do conxunto. Os homes maiores das clases medias e medias altas estaban sobrerrepresentados. Tamén resultou ilusoria a idea de que as asociacións de voluntariado e os centros de emigrantes reflecten un espírito nacional subxacente, xa fose español, catalán, galego ou vasco. Os emigrantes de distintos puntos da Península Ibérica eran tamén obreiros, asalariados, comerciantes ou banqueiros. Moitas veces reproducíanse ou fundíanse nos patróns asociativos, sistemas de valores e modelos sociais dos segmentos correspondentes da sociedade de acollida. Será

interesante descubrir como, canto, cando e onde estes españois se fixeron máis "americanos". Pola contra, poderíamos analizar o grao en que estes emigrantes seguían sendo españois, ou máis concretamente, vascos ou galegos despois de abandonar o país de orixe.

A raza e a etnia son o complemento necesario para o estudo da migración galega a Estados Unidos. Sendo eu mesmo emigrante, podo relacionarme con algunhas das experiencias que pasaron os meus antepasados e outros, ás veces sufrindo discriminación ou sendo branco de prexuízos. As xerarquías raciais e étnicas foron reforzadas por patróns de segregación espacial que contribuíron ao desenvolvemento dos enclaves étnicos. O tamaño e a composición destas comunidades, por suposto, tamén foron moldeados polas circunstancias locais.



Figura 1. Meu avó, José Lestón Caamaño. Circa 1920.

Alguén preguntoume se me dese a oportunidade de facelo de novo, si voltaría a emigrar a os EUA. A miña resposta está ligada a un profundo sentimento de ambivalencia. Por un lado sinto unha punzada de culpa por deixar atrás o meu país e a miña xente, pero por outro sinto que as miñas esperanzas e soños se cumpriron grazas ás oportunidades que me deu este país. Estados Unidos, pola súa banda, é un xigante que aínda ofrece oportunidades de mellora económica, que segue atraendo a millóns de persoas de todo o mundo, que con perseveranza, ambición e determinación continúan enriquecendo o "home of the brave and land of the free," ou o fogar do valente na terra da liberdade.

Agradecemento especial a Isabel Mouriño pola súa desinteresada axuda na edición e as súas brillantes ideas na realización deste traballo.



Figura 2. Celebración do “Día de Galicia” coa gañadora do concurso “Raiña de Galicia”. Casa Galicia, Nova York. Circa 1970.



Figura 3. Gaiteiros no Desfile da Hispanidade, Manhattan, Nova York. Circa 1972.



Figura 4. Cea do Círculo Español, Nova York. Circa 1973.



Figura 5. Desfile de San Patricio en Kearny. Centro Orensano. Nova Jersey, 2017.



Figura 6. Festa de San Xosé. Centro Español de Queens, Nova York, 2021.



Figura 7. Tertulia e partido de fútbol. Centro Español de Queens, Nova York, 2021.

BIBLIOGRAFÍA

ARGEO, Luis and FERNÁNDEZ, James D. (2018). *A Legacy of Smoke: A Documentary Project of Spanish Immigrants in Tampa, Florida*. Whitestoneridge, April 12, Movie 51:00 <https://vimeo.com/ondemand/unlegadodehumo/108687343>

FERNÁNDEZ, James D., (2018) . *The Forgotten Spanish Diaspora in the US*, EL PAÍS English Edition, June 26.

https://english.elpais.com/elpais/2018/06/26/inenglish/1530010322_582091.html

FERNÁNDEZ , Nichole, (2020). "Constructing National Identity Through Galician Homeland Tourism." *Genealogy* 4, no. 1: 1.

<https://doi.org/10.3390/genealogy4010001>

GLAZER, Nathan and MOYNIHAN, Daniel P. (1996) *Beyond the melting pot. In Ethnicity*. John Hutchinson and Anthony D. Smith, eds. New York: Oxford University Press.

GOLÍAS, Montserrat (2018). "The Grandchildren of Galicia: Lived and Imagined Citizenship". In *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-Diversity*. Renée DePalma and Antía Pérez-Caramés, eds. New York: Springer.

GÓMEZ, Rosendo A. (1962) "Spanish Immigration to the United States." *The Americas* 19, no. 1 59–78.

<https://doi.org/10.2307/979406>.

MARTINELLI, Cancilla, Phyllis, and Varela-Lago, Ana (2018) ed. *Hidden Out in the Open: Spanish Migration to the United States (1675-1930)*, Louisville: University Press of Colorado.

MOSLIMANI, Mohamad, NOE-BUSTAMANTE, Luís, and SHAH, Sono (2023) "Facts on Hispanics with Origins in Spain in the United States, 2021" The Pew Research Center.

<https://www.pewresearch.org/race-and-ethnicity/fact-sheet/us-hispanics-facts-on-spanish-origin-latinos/>

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2016) "Migrant associations: the Spanish transatlantic experience, 1870–1970." *Social History*, 2016, Vol. 41, No. 2, 136–154

<http://dx.doi.org/10.1080/03071022.2016.1144313>

PUNZÓN, Carlos. (2019) "Solo Hay 57 Países en el Mundo Sin Gallegos." La Voz De Galicia. March 8, 2019.

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2019/03/03/solo-57-paises-mundo-gallegos/00031551620547578631602.htm>

SOTO-MÁRQUEZ, José G. (2019)"I'm Not Spanish, I'm from Spain': Spaniards' Bifurcated Ethnicity and the Boundaries of Whiteness and Hispanic Panethnic Identity." *Sociology of Race and Ethnicity* 5, no. 1: 85–99.

<https://doi.org/10.1177/2332649218766388>

Donas de seu? Unh mirada ás experiencias de emigración das mulleres galegas en Buenos Aires s. XX

Ruy Farías

Laboratorio de Investigación en Ciencias Humanas
Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas
Universidad Nacional de San Martín
ruygonzalofarias@yahoo.com.ar

Resumo:

Dentro das migracións ultramaríñas das mulleres galegas ningún destino americano foi tan importante como o arxentino, onde viviron, traballaron, conservaron e transmitiron a súa cultura. Aínda que nas últimas décadas a investigación acerca dos emigrantes galegos experimentaron notables avances, continúa sendo pouco o que sabemos sobre a problemática particular das mulleres. O presente traballo busca mostrar o valor das fontes cualitativas englobadas baixo o nome de "literatura da emigración", para iluminar as súas experiencias de emigración e integración na cidade de Bos Aires e a súa contorna ao longo do século XX.

Palabras chave:

Migracións, Mulleres, Galiza, Bos Aires

Abstract:

Within the overseas migrations of Galician women, no American destination was as important as Argentina, where lived, worked, preserved and transmitted their culture. Although in the last three decades our knowledge about migrations from Galicia to the southern country has experienced notable advances, there is still little we know about the particular problems of women of that origin. The present work seeks to show the value of a group of qualitative sources included under the name of "emigration literature", to illuminate their experiences of emigration and integration in the area of the city of Buenos Aires throughout the 20th century.

Keywords:

Migrant, women, Galiza, Buenos Aires

A emigración é o fenómeno social que máis influíu en case todos os aspectos da vida colectiva de Galiza durante a época contemporánea. Anque as galegas se expatriaron menos e máis tardiamente que os homes, foron directa e indirectamente participantes principais daquel vasto proceso. Durante a segunda metade do século XIX, foron poucas as que participaron dun éxodo que era basicamente de varóns solteiros ou casados e con idea de retornar. Mais a súa presenza nos fluxos foise incrementando, xeneralizándose a comezos do s. XX e cun forte pulo a partir da Primeira Guerra Mundial.

Na casuística que fixo que se sumasen á emigración americana, conxúganse unha serie de factores que van desde motivacións xeneralizadas a outras máis persoais.

O destino máis importante foi Arxentina. A súa presenza no país comezou a ser detectable na década de 1860, e en 1926 xa representaban o 45% dos fluxos entre Galicia e Bos Aires. No anos posteriores á segunda conflagración mundial, malia que menos intensos que na etapa das migracións masivas (1880-1930), tiveron un carácter máis familiar, o que redundou nunha maior participación relativa feminina. Así, na "última vaga migratoria" (1946-1960), o número de mulleres acadou proporcións superiores ao 50% do total, algo nunca visto nas etapas anteriores, e que tampouco deuse no resto dos destinos americanos.

A vista do antedito, resulta chocante que o tema da muller que emigrou á Arxentina siga sendo apenas abordado pola historiografía. Unha atención escasa que non pode escudarse na ausencia de fontes, que son abondosas, tanto as de cuantificación seriada (estatísticas) e nominal (bases de datos), como outras de tipo cualitativo.

O presente traballo aséntase no análise dunha serie de fontes cualitativas que englobamos baixo o rótulo de "literatura e emigración", na que a experiencia transterrada se manifesta nunha grande variedade de formas: biografías, autobiografías, libros colectivos de testemuñas, ensaios que abordan a experiencia de distintas mulleres, novelas e contos baseados nas experiencias reais das autoras, de mulleres da familia ou de amizades, que aspiran a reflectir a realidade histórica deses suxectos, amáis doutros relatos máis ou menos literarios que teñen como protagonistas ás nais e avoas galegas de escritoras e escritores arxentinos.

Quenes escribiron as súas autobiografías proceden do mundo rural galego e chegaron á Arxentina sendo nenas, como parte da "última vaga migratoria", de modo que os feitos e experiencias que eses textos relatan deben adscribirse en

xeral nas décadas de 1940-1960, marco cronolóxico que de forma maioritaria, non exclusiva, comparten co resto das fontes aquí empregadas.

As autoras das autobiografías, ensaios ou relatos con elementos de ficción, chegaron a integrar a autopercebida clase media arxentina, grazas ao seu traballo no comercio, no ensino ou no exercicio de profesions liberais (xornalismo, psicoloxía, medicina, etc.). Polo tanto, os seus textos presentan un certo nesgo social. Iso, vese compensado polas características das historias recollidas nas biografías e novelas centradas na nais ou avoas galegas, ou nos ensaios e contos baseados en experiencias reais, onde as protagonistas son mulleres “comúns”, amas de casa e/ou traballadoras do sector secundario ou terciario, máis próximas ás características socioeconómicas da primeira xeración de galegas inmigrantes no país.

Qué as motivou a escribir? En varios casos, os textos parecen destinados a preservar e transmitir, principalmente ás novas xeneracións da súa propia familia, as lembranzas dunha infancia vivida en Galicia, a historia familiar, a súa identidade étnica ou a experiencia da emigración. María Cristina Moreiras, nacida en Bos Aires de pais lucenses, compuxo *Nuestros ancestros gallegos* pensando na súa descendencia, para que “conserven o recordo das súas orixes galegas”. Do mesmo xeito, Consuelo Bermúdez, de Baio, afirma que comezou a redactar os recordos de infancia reunidos en *Un puente azul* “para salvarlos da desmemoria e ofrendarillos aos meus fillos, netos e sobriños, para acercalos un pouco máis as súas raíces”. O libro *Yo, Emigrante*, trátase dunha obra colectiva na que un grupo de galegas ou galaico-arxentinas de distintas xeneracións, decidiron contar a emigración desde o cotiá, desde as testemuñas de emigrantes que coñeceron ao longo da súa vida. Carmen Graña Barreiro, de Meis, na *La maleta del emigrante*, e a compostelana María Rosa Iglesias, mixturan a búsqueda identitaria e a catarse.

“Las señales de pertenencia, la necesaria identidad, son fundamentales en el desarrollo de un ser humano. Cuando uno tiene esas señales divididas, compartidas entre dos países, resulta difícil la ubicación en la vida. Uno es de donde es, pero vive donde vive. Y tiene que posibilitar que ese vivir sea amable, y para eso hay que poner en su sitio el pasado, amigarse con él, que la evocación acompañe pero que no duela.”

(Graña Barreiro, 2012: 32)

“A través de Aurelia, intento mostrar en carne viva los significativos conflictos y las reacomodaciones que implica la emigración para los que se

van, para los que se quedan y para los que la reciben. La historia de mi propia familia es el cimiento de Aurelia quiere oír.”

(Iglesias, 2019: 11-2)

Evocacións, decisións, partidas

Moitos dos textos fan referencia a infancia e a Galiza rural que abandonaron de nenas, á forma na que tomaron a decisión ou sobrelevaron o imperativo de abandonala, ao modo en que transitaron na viaxe, etc. Estas lembranzas adoptan en ocasións unha clave costumbrista e estereotipada e noutras un enfoque tremendista. Nestes casos as tintas se cargan sobre tópicos como a pobreza, as privacións e a miseria. Así, no relato de Gerpe Pazos, unha moza de Santa Comba, de camiño co seu irmán hacia os lavadeiros de wólfam de Varilongo onde traballaban, atoparon un anaco de pan xa votado a perder, pero que limparon e compartiron. Ou a historia de dous nenos que ían camiñando cargados de berberechos entre Borneiro e Baio, e aos que unha mañán invernal a nai de Consuelo acolle na cociña da súa casa, xunto aos seus fillos, mitigando a fame e o frío:

“Aquellos labios morados que apenas cubrían el temblor de los dientes, las manos frotándose para calentarse, los pies mal abrigados acercándose más y más a los leños encendidos... y aquel sufrimiento en la mirada... Imposible de olvidar”

(Bermúdez de Nikolín, 2012: 74).

No entanto, tamén tenden a mostrar unha infancia feliz entre esas estreiteces, e á idealización dunha paisaxe bucólica. Aínda así, teñen un valor excepcional por, precisamente, intentar transmitir unha imaxen petrificada, unha foto fixa, do que para os autores era a sociedade de orixe. En *Hasta la victoria siempre*, a biografía de Carmen Cornes, natural de Ribadumia, describese con minuciosidade o entorno da súa comarca do Salnés antes de emigrar en 1928.

En canto aos textos ambientados no primeiro franquismo, amais da realidade dunha economía de subsistencia –sobre todo na década de 1940– e do estraperlo, en *Estuvimos cantando* e *Últimas miradas antes de partir* de María García Campelo (Cambre) e de Milagros Díaz Martínez (Gondomar), apreciase como o “clima” da posguerra non era o de “paz” senon de “victoria”, cunha sociedade dividida en dous bandos claramente recoñecibles de vencedores e vencidos.

Aínda que non existe unha relación automática entre os anos de chegada a Arxentina e a recreación idealizada da nenez en Galicia, a corta idade no momento

de emigrar influíu nunha valoración máis positiva da vida alí e, polo tanto, nunha maior énfasis respecto do que perderon coa partida, como a paisaxe familiar e os afectos. Pola contra, nos relatos de quenes deixaron o país pasada xa a adolescencia, está moi presente a visión das limitadas posibilidades que lle ofrecía a gris realidade rural.

¿Foi a emigración unha elección ou algo imposto? Anque nalgún caso a partida foi percebida como algo ineludible, que excede á capacidade de decisión persoal, a maioría das testemuñas coinciden en subliñar o carácter pluricausal –tanto persoal como familiar e microsocioal– da emigración, cunha toma de decisións nun contexto de racionalidade limitada. Moitas foron as mulleres que viaxaron para reunirse con seus noivos ou maridos tras unha espera variable, a miúdo anos. Para a compostelá Esclavitud López López, a viaxe foi aceptada con resignación ante a negativa do seu home de retornar; no caso de Dolores, a oposición a emigrar ce-deu cando as cartas de seu esposo apelaron non só ao desexo de non separarse dos seus fillos, senón tamén à ameaza: “O ves ou esquecete de min”.

A miúdo, as casadas que permanecían nas aldeas cos seus fillos tiveron que asumir o papel de pai e nai, tomando ao seu cargo o traballo que antes facían os homes, e tamén toda a autoridade. Porén, o reparto de tarefas e as relacións entre os sexos podían sufrir unha nova reconfiguración cando a familia volvía a reunirse no outro lado do Atlántico. Así, por exemplo, para a mirada infantil de María Rosa:

(...) de todas las novedades que inicialmente ofreció el nuevo país, la que más me sorprendió fue la del cambio de rol de mi madre. Ella quedó sometida a la indiscutible autoridad de mi padre (...)

(Iglesias López, 2007: 170).

En relación co anterior ¿de qué modo as nenas que permanecían na aldea –futuras emigrantes– construíron vínculo afectivo co pai ausente? ¿E como sería o reencontro con esa difusa imaxe paterna tras longos anos de separación? En *El puente roto*, o relato de Isabel –alter ego da autora– amósanos os equívocos e sabores do encontro dunha pequena de casi cinco anos co seu pai, que marchara cando ela aínda non tiña un ano, despois de imaxinar moitas veces que él a recibiría ledamente, cos brazos abertos, como vira que facían seus tios coas súas fillas. Diferente foi para Milagros, quen chegou a Bos Aires con oito anos sen coñecer ao seu proxenitor máis que por fotos, que evoca aquel instante como un momento de plena felicidade, pois él abrazouna e bicouna ata o punto de causarlle pudor tanta cercanía e afecto.

Volvendo ás motivacións de viaxe entre as mulleres adultas, María Angelita, natural de Taboada, realizou a viaxe coa esperanza de reencontrarse co noivo e regresar con el. Prudencia (Zas), renunciou a casar co home que amaba debido á presión paterna para que non se marchase a vivir a outra casa próxima, pero acabou casando cun galego retornado que voltou a Arxentina, separándoa completamente da súa familia. Mais, en xeral, entre quen xa eran maiores de idade e permanecían solteiras, as chamadas “cartas de América”, aparecen como un elemento importante á hora de tomar a decisión de partir. Tamén o “efecto demostración” causado por parientes e paisanos que volvían de visita á terra, aínda maior si era unha muller. Para a tía madriña de Beatriz Carballo Regueira, foi a visita dunha coñecida á súa aldea a que desencadeou a ansia de partir:

“Era el año 1930 (...). Ostentaba una grandeza desmesurada que podía apreciarse en el lujo con el que iban vestidas ella y sus hijas. A eso se añadían las historias de derroche y prosperidad que relataba. De a poco fue entusiasmando a mi tía a que se marchara con ellas”

(Carballo Regueira, 2010a: 32-3).

En 1946 un similar destello de prosperidad encantou a Lola (Zás):

“Tenía dieciséis años cuando llegó una tía desde Buenos Aires. (...). Había emigrado sola (...) porque no se llevaba bien con el marido. A mí me impresionó mucho. La vi tan bien, tan distinta a las mujeres que conocía, tan segura. Ella decía: “Aquí siempre es lo mismo, sin un baño, sin nada. En Buenos Aires todo el mundo tiene baño”. Eso me pareció tan extraordinario que dije: “Yo también me podría ir para Buenos Aires.”

(Sampedro, 2000: 19-20).

En ocasións, a emigración aparece como a consecuencia dun impulso aleatorio, como o reflicte un estudio comparado da experiencia de varias mulleres dun mesmo entorno familiar e parroquial (Marrozos, Santiago de Compostela):

“Las circunstancias por las que María Luisa (...) emigró a la Argentina parecen ser las más originales. Por medio de una parienta que viajaba para Buenos Aires, envió una broma a su hermano: “Dile que me lleve para allá”. Pronto recibió su “carta de llamada”, y quedó atónita. Nunca se le había “pasado por la cabeza” irse pero, dándose inesperadamente la oportunidad, y luego de casarse con Pepe de Mitra, se lanzó a la aventura.”

(Iglesias López, 2007: 179).

Como trascende no libro de Celia Otero, natural de Dozón, Galicia era unha sociedade que naturalizara o feito migratorio, donde non poucas mulleres inconformistas ante a vida que adoitaba deparar ás mozas labregas casadeiras, decidiron sobreporse aos mandatos atávicos e emprender a aventura da emigración. Nisto mesmo incide a xa citada Lola quen, amais de impresionada pola promesa dun futuro diferente, marchábase:

“solita y decidida, con mis veintiún años, para alejarme de ese destino bruto de cuidar animales o convertirme en una mujer como mi madre, siempre pariendo hijos y dando de mamar”

(Sampedro, 2000: 17).

No 1927 regresa de Cuba, sen ter feito fortuna, o pai de Carmen Cornes, falecendo pouco despous nun accidente laboral. Logo diso, e con apenas 16 anos, Carme marcha a Bos Aires xunto con outras tres mozas da aldea.

O caso de María Luisa recordanos a importancia das redes sociais, fundamentais para establecerse e conseguir o primeiro emprego. As testemuñas son claras a hora de reflectir o valor da colonia de parentes e paisanos xa radicados na Arxentina, que axudaban cos “papeis” (“cartas de chamada”, contratos de traballo verdadeiros ou ficticios, etc.), e tamén axudas económicas.

A diferenza das mulleres adultas que –de grado ou a desgusto– emigraron, para as que aínda eran nenas non houbo elección posible. Seguindo a María Bjerg, é necesario preguntarse qué significado tivo nas súas vidas o feito de ser sumadas de maneira inconsulta ao proxecto dos seus pais. Para elas, e eles, a emigración era unha circunstancia penosa, saír de ese animado universo povoado por avos, tios, primos e compañeiros de xogo causáballes temor, tristeza e as veces, resistencia. Para Carmen:

“El que se va pone sus sueños en un horizonte de exilio, pero los que no tuvimos participación en la decisión de emigrar, dejamos nuestros sueños atrás en pos de los sueños de nuestros padres. Los sueños de una niña de 10 años están en el lugar donde nació, en su mundo conocido y explorado. Yo no podía imaginar un futuro que no estuviera ligado a las paredes de mi casa, a los árboles, a las montañas, ríos y mar, a mis abuelos, a mis amigos y al olor a pan caliente y a leche recién ordeñada.”

(Graña, 2012: 62-3)

Vivir na cidade

Algúns textos en maior ou menor medida abordan tamén a vida no país de destino, os choques culturais, as relacións sociais revestindo un grande interese no que ataíña á integración destas mulleres na nova sociedade.

Os primeiros tempos foron en xeral os máis difíciles pola sensación de alleo do entorno, desde o clima, o cambio do rural ao urbano, os costumes e pautas de comportamento, cando non o idioma. Xunto ás responsabilidades do ámbito familiar, deberon afrontar tamén as novas, e moi diferentes, da sociedade predominantemente urbana onde se inseriron. A decepción ao chegar á Bos Aires, parece ser a tónica xeral, e así se reflicten as múltiples testemuñas.

Desde o último cuarto do s. XIX, os patróns residenciais da colonia galega mostran unha clara concentración en algúns barrios de Bos Aires e localidades suburbanas específicas. Fora daqueles onde súa presenza foi máis temperá, a miúdo tratábase de áreas de recente urbanización, onde a infraestrutura e os servizos eran claramente deficitarios, e nas que deberon actuar como verdadeiros colonos. Elvira Álvarez Cortés, filla de migrantes de Padrenda, vivía na década de 1940 nun barrio do concello de Avellaneda, un lote de terras asolagables a beira do Río de la Plata, onde as casas de factura cativa drenaban tanto as augas de uso domiciliario como as pluviais directamente as gaviás que corrían ao longo da cuadra. A imaxe complétase cos recordos da súa prima Aurora:

El gran suceso (...) fue la inundación del 40. (...). Las zonas bajas como la nuestra quedaron totalmente bajo el agua. Mis recuerdos son fragmentos: unas bolsas de arena contra los umbrales; mi madre y mi tía secando con un secador de goma antes de la riada incontenible; paquetes y envoltorios que iban a parar arriba de los roperos; salvar a las gallinas que flotaban chillando como locas; una escalera de mano y todos subiendo al techo (...)

(Alonso de Rocha, 1992: 206).

A cohabitación das familias de Elvira e Aurora distou de ser unha excepción. Aunque os migrantes galegos nunca tiveron barrios étnicos, vivir entre paisanos foi algo moi habitual. Malia que o "sueño da casa propia" era omnipresente, a maioría, durante os primeiros anos, alugaba casa e moitas veces un simple cuarto nos diferentes tipos de vivendas colectivas, os chamados "inquilinos". Compartir con outras persoas (a miúdo descoñecidas) non só era incómodo senón que tamén puña a consideración social en xogo.

Las mujeres que llegaban como inmigrantes solas no querían ir a las pensiones, que gozaban de fama equívoca. Se las consideraba lugares de reclutamiento de bataclanas¹ y de exposición a lances y disgustos. Esa fama, exagerada, seguramente injusta, empujaba a las chicas recién llegadas a pasar rápidamente de la casa de algún pariente o paisano a colocarse como mucamas o enfermeras con cama adentro.

(Alonso de Rocha, 1992: 191).

Non sempre as condicións materiais melloraban cando se conseguía vivenda propia:

...hasta hace pocos años, aquella música [el tango] evocaba en mí (...) el frío e incomodidades padecidas en la casa que alquilábamos en Ciudadela. (...). Yo iba a la escuela secundaria por la tarde pero, para poder estudiar tranquila, me levantaba a las seis de la mañana. Echaba tres litros de kerosén al tanque de la cocina, me lavaba las manos con el agua de lluvia, escarchada en invierno, que recogíamos en un gran tacho. Luego de esperar tiritando por largo rato a que el alcohol calentara el quemador de la cocina, podía encenderla. Cuando mamá y mi hermanito menor se levantaban y empezaban a trajinar en la cocina, se acababa la tranquilidad y se abría la puerta al frío. No había otra habitación donde estudiar, ya que papá dormía y en la piecita de Eugenio solo cabía la cama. No teníamos agua corriente, así que la bombeábamos y traíamos a la cocina en baldes. Obviamente, tampoco teníamos agua caliente para bañarnos. Seguimos pasando frío cuando, diez años después de mi llegada al país, compramos en el barrio de Monte Castro, dentro de la Capital Federal, una casa propia de las que se denominan "chorizo", con solo dos dormitorios, cocina y baño que daban a un patio exterior. Pero al menos había gas y agua corriente.

(Iglesias López, 2007: 175).

Con todo, o mesmo tipo de vivenda é evocado por Milagros Díaz Martínez coa luz cálida que permite unha contorna barrial (Belgrano) máis favorecida que a Ciudadela, ou polo feito -quizais máis importante- dunha experiencia de emigración e reencontro familiar menos traumática que a experimentada por María Rosa. A partir da evocación da súa nai e a súa tía, Aurora Alonso de Rocha reflexiona sobre a vida nas casas colectivas:

1. Muller que canta ou baila nun cabaret ou teatro de revista de baixa categoría.

...cuánta tolerancia, solidaridad y hasta afecto había entre aquellas mujeres que podían trabajar, cocinar, criar hijos, hacer el amor en cuartos contiguos, bañarse en el mismo baño, en fuentones de estaño, jarra y esponja, sin pelear. (...). En esa época y lugar la gente (...) vivía muy junta. Escuchaba las conversaciones de la pieza de al lado, la radio del vecino; compartía baños y patios, bien o mal se toleraba, aprovechando como podía un espacio que siempre era estrecho, y cuidando, a fuerza de sobriedad, de no dar espectáculo (...).

(Alonso de Rocha, 1992: 255-6).

A ansia por ter casa propia obrigaba a todo tipo de esforzos. A veces, como lembra María García Campelo, tamén o dos máis pequenos da familia:

Es domingo. Vienen varios micros cargados de gente al campo que está frente a nuestra casa. Traen banderas rojas que anuncian, con letras blancas: Hoy Remate Hoy. (...). Mis padres van. Cuando vuelven, dicen que compraron un lote de terreno. Nos ponemos contentos. Mamá dice que ahora vendrá una época de gran esfuerzo para todos, hay que construir la casa. Por lo tanto, deberán colaborar hasta que se termine. (...). Cada minuto de tiempo libre, nos lo pasamos en el terreno: limpiándolo de hierbas, ayudando al albañil, entrando ladrillos, alcanzando agua. Cada uno colabora de acuerdo a su edad, fuerza y ocupaciones. Poco a poco, nos crecerán raíces ahí. En todas las conversaciones aparece la casa. Cada peso que se junta va para la compra de materiales.

(García Campelo, 2015: 127).

O Soño dun traballo digno

A incorporación á nova sociedade viña marcada pola necesidade de ter emprego. No obstante, o espectro laboral foi máis acoutado para as mulleres que para os homes. A comezos do XX existían centos de ocupacións para eles, pero o mercado de traballo feminino era máis reducido, sendo habitual as formas irregulares de emprego, economía submerxida, "servicio doméstico" (criadas, cociñeiras, amas de cría, etc.), ocupacións do lar pero "para afora" y a destajo (costureras, pranchadoras, lavandeiras), ou en pequenos talleres dedicados á confección de camisas, sombreiros ou cigarros. Con todo, non faltaron as que se empregaron nas grandes fábricas do ramoo da alimentación ou do téxtil. A repelo do estereotipo que cristalizou no imaxinario arxentino, no que a muller galega aparece como dedicada case ao traballo doméstico en casas de familia, abundaban tamén as

ocupadas no sector secundario, sobre todo no traballo por un tanto en fábricas e talleres de elaboración y empaquetado do tabaco, alimentación (os frigoríficos), indumentaria, fósforos, etc.

Como ilustra a ourensá Florentina, que chegou arredor de 1920, lía con grande dificultade e apenas era capaz de estampar a súa firma, a falta de instrucción era unha constante entre as galegas. A comezos do s. XX o su grado de analfabetismo era significativamente máis alto que o dos homes, polo que o acceso ao traballo rentado verificouse nos niveis máis baixos da actividade profesional. Para Carmen Cornes foi difícil ter que pasar todo o día pechada, con apenas tres horas libres cada 15 días, subalimentada por patróns miserables, e a ameaza de abusos por parte dos varóns da casa. Pero non debemos esquecer que existían algunhas outras alternativas ao omnipresente emprego doméstico con o sin “cama adentro”. A mesma traxectoria laboral de Carmen Cornes e variada, e vai desde rexentar un recreo no balneario bonaerense de Quilmes, ata o emprego nuha fundición de bronce no barrio de La Paternal, onde compartía o traballo, teito e comida con 21 homes:

“Yo hacía los moldes de las manijas de los muebles y los codos de las camas de bronce [...]. Como era la única mujer, también tenía que cocinar para todos [...]. Si no me tocaba cocinar, estaba trabajando en la fábrica, soldando, haciendo los moldes”

(López, 1992: 38-9).

Por outra banda, malía a súa baixa consideración, o servizo doméstico podía representar unha mellora na calidade de vida dunha muller procedente do rural. Segundo Lola, que desde finais dos anos 40 e a década dos 50 traballou nas casas de diferentes familias acomodadas,

Trabajaba como una desgraciada pero de eso no me quejaba (...). En aquella época ser sirvienta era una esclavitud tremenda porque te miraban como si no valieras nada (...). Pero aprendí mucho (...). Me vi librada de esos trabajos tan brutos que había hecho desde chica. Me podía bañar y tenía mi platita. A mí siempre me gustó ser independiente. Además aprendí modales y también a vestirme y combinar colores.

(Sampedro, 2000: 23-4).

Aínda así, as desiguais relacións de poder entre os sexos seguían estando presentes alén do océano, e os cambios positivos que as galegas podían experimentar ao integrarse nunha sociedade urbana, máis moderna e móbil, tiñan

seus límites. Tras casar, Lola abandonou o emprego doméstico en Bos Aires para ir a vivir á localidade avellanense de Gerli, un arrabalde de modestas vivendas:

Sufrí mucho con el cambio de esas mansiones de lujo a las condiciones de la vida de casada, pero conocía a otras inmigrantes españolas que estaban peor que yo (...). Además las veía muy sometidas a los hombres y eso nunca me gustó para mí. Yo eso ya lo hablé con José antes de casarnos, porque él era un machista bárbaro. Apenas nos casamos quise ir a trabajar a una fábrica de fósforos y él no quiso saber nada porque decía que en la fábrica había muchos hombres. Yo estaba acostumbrada a ganar mi propia plata, pero en eso no lo pude cambiar.

(Sampedro, 2000: 26)

A súa integración laboral foi cronolóxicamente atípica, como tamén foi a de Balbina (Valga), quen emigra en 1951, e nos seus primeiros anos traballou para unha familia coidando das súas dúas fillas e pasando o ferro para a Embaixada de Italia.

Na última etapa 1940-1950 o traballo feminino tendeu a diversificarse. Algunhas ocupacións tradicionais foron desaparecendo, pero permaneceron ou consolidáronse outras, ás veces prototípicas, como a de porteira. Conseguir unha portería tiña, amais, a ventaxa de solucionar o problema da vivenda. O emprego fabril tornouse unha alternativa cada vez máis habitual, sobre todo as fábricas de tecidos e confeccións, onde a nai de Nélide Costa, quen chegou de Vimianzo, traballou como pinzadora na gran téxtil de Campomar. As opcións seguiron multiplicándose, como ilustra o caso de María Negreira Martínez, dunha aldea de Santa Comba, que chegou en 1958 con 15 anos e traballou sucesivamente ata os 60, nunha fábrica de tecidos, nun laboratorio e como vendedora nunha casa de antigüedades.

Non foron poucas as que desempeñaron profesións técnicas, polo xeral en ámbitos máis cualificados que a media, como o da saúde (enfermeiras, parteiras, etc.) ou o do ensino. Enfermera foi Carmen, a abnegada e determinada galega que en *Florentina* aparece irrumpindo na casa dun abusador, para rescatar a unha das internas do hospital de saúde mental para mulleres en Barracas, e M^a Dolores, tía avoa da autora de *Corazón gallego*. Pola súa parte, Consuelo, que desembarcou en Bos Aires en 1952 con 11 anos, obtivo o título de Profesora de Lengua y Literatura, converténdose así na primeira persoa da súa familia en acadar un título universitario.

Un dos empregos máis común foi o de dependentas en comercios de todo tipo, nestes traballaron Jesusa Castro Casas, que chega en 1958 desde Poio, e a tamén pontevedresa María Victoria Lourdes Sobrado.

Abandonar a actividade laboral fora da casa foi un feito habitual ao contraer matrimonio. Sen embargo, moitas mantuvieron, amáis da doméstica, algunha actividade complementaria para contribuir á economía familiar. Aurora Alonso describe as tarefas no fogar da súa nai, nacida en Bande, e outras emigrantes nun barrio suburbano:

A pesar de que la casa de cada mujer llevaba mucho tiempo y muchas fuerzas, todas tenían algún “trabajo para afuera”. Eran pantaloneras, camiseras, bordadoras a mano o a máquina, lavanderas, modistas “finas”. Siempre eran trabajos que se hacían en la casa pues no había parientes ni ayuda para criar a los hijos.

En incontables ocasións traballaron codo a codo cos seus homes en múltiples emprendimentos familiares, particularmente nos rubros gastronómico e hoteleiro.

Dentro da hostelería, estaban empregadas en pensións e hoteis “para caballeros”. Neste último ramo e case sen axuda desempeñou María Angelita Vázquez Montes, o que non impediu que, ao mesmo tempo lavara e pranchara “para fora” ou limpara oficinas. Durante a última vaga migratoria proliferaron os “albergues transitorios” (hoteis por horas) os donos solían ser galegos como no caso de Preciosa Picallo Gerpe (Santa Comba, A Coruña) e o seu home.

Desde logo, siempre existiu unha proporción de mulleres que quedaron confinadas no fogar, ou que sólo ocasionalmente tiveron ocupacións remuneradas, algo que explica en parte a impresionante resistencia do acento galego en tantas mulleres arribadas décadas atrás. Entre nove que integran o ensaio *Con las raíces al aire*, e chegaron a Bos Aires xa adultas desde Santiago e Vedra, ningunha desenvolveu traballos remunerados máis que ocasionalmente e por tempadas curtas, xeralmente ao comezo da súa estadía. En calquera caso, ningunha das mulleres ás que se refieren os textos aquí utilizados que traballou nun emprego remunerado, se librou do sempiterno dobre traballo feminino. Falando da década de 1960, a autora de *La maleta del emigrante* refiere:

“También me sumé con algarabía a la plena entrada de la mujer al mercado laboral, si bien las obligaciones domésticas siguieron recayendo

casi exclusivamente sobre nosotras, que aún no nos podíamos desprender de los malsanos prejuicios atávicos”

(Graña Barreiro, 2012: 33).

PALABRAS FINAIS/ CONCLUSION

O que a partir da última década do século XX deuse en chamar o retorno do actor (e da narración) á historiografía académica, traducíuse nunha progresiva revalorización dos documentos persoais de natureza oral e escrita. Este tipo de fontes axudan a comprender a complexidade dos procesos históricos, pois non só contribúen a revelar as súas características, senón tamén o que a xente sentiu vivíndoos, constituíndose así nun instrumento fundamental para a comprensión do mundo interno dos migrantes.

É moito o que resta por facer sobre a relación das mulleres coa mobilidade e as migracións transatlánticas, así como como, máis puntualmente, en relación á integración e experiencias no ámbito da sociedade de acollida. Sen pretensións de realizar xeneralizacións ou teorizacións, a análise dun puñado de obras literarias permitíronnos ilustrar o potencial dese tipo de fontes para analizar a experiencia migratoria das mulleres galegas na Arxentina, incluíndo a dimensión emocional e subxectiva da migración. Poida que os textos examinados falen menos dos “acontecementos” que do seu “significado” para os protagonistas ou testemuñas. Pero nunca se insistirá o suficiente na necesidade de que a historia recupere tanto os feitos do pasado como a súa representación, pois –como hai xa tempo sinalase acertadamente Dora Schwarzstein (2001)– separar as experiencias dos protagonistas dos significados que tiveron para eles implica negar unha parte da mesma realidade histórica.

BIBLIOGRAFÍA

AAV. [2010]. *Yo, Emigrante. Testimonios*. Buenos Aires: Impresiones Buenos Aires.

CARBALLO REGUEIRA, Beatriz (2010). “Lluvia”. *Yo, Emigrante*, 32-4.

_____(2010). “Bajo el parral”. *Yo, Emigrante*, 50-6.

ALONSO DE ROCHA, Aurora (1992). *Mujeres cotidianas*. Buenos Aires: Planeta.

_____(2005). *Inmigrantes sociedad anónima*. Buenos Aires: Leviatán.

BERMÚDEZ DE NIKOLÍN, Consuelo (2012). *Un puente azul*. Buenos Aires: El Escriba.

BIN, Stella (2009). *La Juvenil, 50 años de historia*. [Buenos Aires].

BJERG, María (2012). *El viaje de los niños. Inmigración, Infancia y Memoria en la Argentina de la segunda posguerra*. Buenos Aires: Edhasa.

CAGIAO VILA, Pilar (1997). *Muller e emigración*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

CAGIAO VILA, Pilar; NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2007) *Os galegos de Ultramar: II Os galegos e o Río da Prata*. A Coruña: Arrecife.

CASTRO CARBALLEDA, María de los Ángeles (2010). "Memorias da emigración e de fillos de emigrantes". *Yo, Emigrante*, 195-6.

CASTRO Casas, Jesusa (2010) "Memorias y sueños". *Yo, Emigrante*, 123-124.

COSTA, Nélide (2010) "Los abuelos, siempre. 3er relato". *Yo, Emigrante*, 149.

DEVOTO, Fernando (2003). *Historia de la inmigración en la Argentina*. Buenos Aires: Sudamericana.

DÍAZ MARTÍNEZ, Milagros (2015). *Últimas miradas antes de partir*. Buenos Aires: Ediciones del Dock.

FARÍAS, Ruy (2007). (Comp.) *Buenos Aires gallega. Inmigración, pasado y presente*. Buenos Aires: Comisión para la Preservación del Patrimonio Histórico Cultural de la Ciudad de Autónoma de Buenos Aires.

FARÍAS IGLESIAS, Ruy Gonzalo (2010). *La inmigración gallega en el sur del Gran Buenos Aires, 1869-1960*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

GÁLVEZ, Lucía (2003). *Historias de inmigración. Testimonios de pasión, amor y arraigo en tierra argentina (1850-1950)*. Buenos Aires: Grupo Editorial Norma.

GALLARDO FÁBREGAS, M^a Dolores (2010). "Emigrar—un dolor para siempre". *Yo, Emigrante*, 93-6.

GARCÍA CAMPELO, María (2015). *Estuvimos cantando*. Turdera: Zona Borde.

GERPE FERNÁNDEZ, María (2010). "María do Porto Vello". *Yo, Emigrante*, 114-6.

GERPE PAZOS, M^a Josefina; GERPE PAZOS, Juana (2010). "Lola". *Yo, Emigrante*, 19-22.

GRAÑA BARREIRO, Carmen (2012). *La maleta del emigrante*. S/l: Bubock Publishing.

HERNÁNDEZ BORGE, Julio (2015). "Mujer gallega y emigración: estadísticas y bibliografía". En: HERNÁNDEZ BORGE, Julio y GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (Eds.) *Emigración y literatura: historias, experiencias, sentimientos*. Actas del coloquio internacional, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 227-45.

HERNÁNDEZ BORGE, Julio y GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (2015). "La literatura y la emigración". *Emigración y literatura: historias, experiencias, sentimientos*. Actas del coloquio internacional, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 9-14.

IGLESIAS LÓPEZ, María Rosa (2019). *Aurelia quiere oír*. Buenos Aires: Paradiso.

__(2022). *Jugarse en otra orilla. Relatos de arraigo y desarraigo*, Buenos Aires, Bärenhaus.

__(2007). "Con las raíces al aire: la experiencia de las emigrantes gallegas a través de nueve protagonistas". Farías Ruy (Comp.) *Buenos Aires gallega*, 167-84.

LOJO, María Rosa (Dir.), GUIDOTTI DE SÁNCHEZ, Marina y FARÍAS, Ruy (2008). *Los "galegos" en el imaginario argentino*. *Literatura, sainete, prensa*. A Coruña/Vigo: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

LÓPEZ, Beatriz (1992). *Hasta la victoria siempre. Testimonio de Carmen Cornes, emigrantes gallega y militante de la vida*. Sada: Edición do Castro.

MOREIRA BLANCO, Herminia Delfina (2010). "El americano". *Yo, Emigrante*, 57-9.

MOREIRAS, María Cristina (2024). *Nuestros ancestros gallegos*. Buenos Aires: Ediciones Virginia Haurie.

MOYA, José C. (2004). *Primos y extranjeros. La inmigración española en Buenos Aires, 1850-1930*. Buenos Aires: Emecé, 2004.

MUSLIP, Eduardo (2017). *Florentina*. Buenos Aires: Blatt & Ríos.

NEGREIRA MARTÍNEZ, María (2010). "La gente no debe emigrar". *Yo, Emigrante*, 121-2.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (2000). "A parroquia de alén mar: Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Bos Aires (1904-1936)". *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*. 11, 345-79.

_____(2002). *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*. Santiago de Compostela: Universidade.

_____(2007). "Galicia e Arxentina, Galicia na Arxentina". CAGIAO VILA, Pilar; NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2007) *Os galegos de Ultramar*, 11-152.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel y SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2005). *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*. Vigo: Galaxia.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel y FARÍAS, Ruy (2010). "Autobiografías de inmigrantes gallegos en la Argentina (1860-2000)": Testimonio, ficción y experiencia. *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la AEMIC* 11, 57-80.

OTERO, Celia (2018). *Corazón gallego: cuentos*. Buenos Aires: Corregidor.

_____(2023) "Historia de la emigración española". En: Blanco Rodríguez, Juan Andrés, José Julio Rodríguez Hernández y Arsenio Dacosta (Eds.). *I Premio Memoria de la Emigración Española*, Madrid: Secretaría de Estado de Migraciones, 152-67.

RIAL PICALLO, Héctor Alejandro (2010). "Una pequeña gran historia". En: *Yo, Emigrante*, 157-72.

RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé (2009). Lugar y presencia de las mujeres españolas en la emigración exterior. En: Liñares Giraut, X. Amancio (Coord.). *El protagonismo de la mujer en las corrientes migratorias españolas*. Vigo: Grupo España Exterior, 17-38.

SAMPEDRO, Carmen (2000). *Madres e hijas. Historias de mujeres inmigrantes*. Buenos Aires: Planeta.

SCHWARZSTEIN, Dora (2001). *Entre Franco y Perón: Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*. Barcelona: Crítica.

SILVA CASTRO, Josefa. (2010). "De Fisterra a la Patagonia argentina". *Yo, Emigrante*, 117-8.

SOBRADO, Lourdes (2010). "Los abuelos, siempre. 1er relato". *Yo, Emigrante*, 147.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alexandre (2011). "Algunhas precisións cuantitativas sobre a última vaga emigratoria galego-arxentina". En: De Cristóforis, Nadia (Coord.), *Baixo o signo do franquismo: emigrantes e exiliados galegos na Arxentina*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 31-57.

A transcendencia da migración galega na formación do anarquismo cubano

Javier Colodrón Valbuena

Universidade de Santiago de Compostela.
javier.colodron.valbuena@hotmail.com

Resumo:

Galicia achegou parte dos inmigrantes que Cuba recibiu no século XIX. Na Península, as ideas anarquistas viñan estendéndose entre os traballadores desde os anos 60 do século XIX. Este modelo foi reproducido exitosamente en Cuba. Aproveitando as sociedades existentes internacionalistas crearon estruturas sindicais inspiradas nos modelos españois.

Malia que Galicia non destacaba dentro do obreirismo español, serían os galegos quen liderasen as novas organizacións no Caribe. Ao longo deste texto afondaremos nas características destas estruturas, analisando o papel que a comunidade galega xogou dentro das mesmas.

Palabras chave:

anarquismo, Cuba, inmigración, galegos, siglo XIX.

Abstract:

Galicia contributed a good part of the immigrants that Cuba received in the 19th century. In the peninsula, anarchist ideas had been spreading among workers since the 60s of the 19th century. This model was successfully reproduced in Cuba. Taking advantage of existing societies, the internationalists created union structures inspired by Spanish models.

Although Galicia did not stand out within Spanish workerism, it would be the Galicians who led the new organizations in the Caribbean. Throughout this text we will delve into the characteristics of these structures, analyzing the role that the Galician community played within them.

Keywords:

anarchism, Cuba, immigration, Galicians, 19th century.

A finais do século XVIII, Cuba experimentou un proceso de modernización vencellado ao gran desenvolvemento acadado na produción e exportación dos seus principais cultivos: café, azúcar e tabaco. A expansión económica derivada do alto rendemento das grandes plantacións contribuíu a que A Habana cuadruplicase a súa poboación entre 1778 e 1862. Este crecemento veu acompañado por un progresivo perfeccionamento da rede de transportes que lle proporcionou unha inmejorable comunicación tanto interna como externa á capital converténdoa no punto neurálxico do comercio da illa¹.

A pesar da importancia destes avances, a maior muda na situación socioeconómica da Maior das Antillas foi a abolición do sistema escravista². O aumento do prezo dos escravos e a necesidade de man de obra especializada que puidese manipular de maneira efectiva a innovadora maquinaria industrial provocaron a crise deste modelo produtivo. Co transfondo dunha nova realidade económica derivada da Revolución Industrial, a burguesía escravista empezou a percibir a abolición da escravatura como un elemento fundamental para o desenvolvemento dunha produción capitalista moderna. A necesaria e progresiva substitución da man de obra escrava por unha forza de traballo asalariada e especializada viuse impulsada, amais, polos aires antiescravistas que empezaban a incorporarse de xeito cada vez máis preeminente ao movemento independentista cubano.

Por causa do estouzo da Guerra dos Dez Anos e dun evidente troco de mentalidade dentro da sociedade cubana, as autoridades españolas, co fin de recuperar parte do apoio popular perdido, promulgaron unha serie de disposicións que potenciaban a integración da poboación non branca na estrutura social cubana e outorgaban unha serie de dereitos e privilexios ás persoas de cor que participasen na guerra no bando español. Rematado o conflito, o carácter abolicionista mostrado polos mambices e o desespero do goberno colonial por buscar a aceptación social que facilitase o control español sobre Cuba derivaron na asunción dunha cláusula inserida no Pacto de Zanjón pola cal o goberno se comprometía a erradicar paulatinamente a escravatura. Pero, o golpe definitivo a este modelo produtivo chegou o 13 de febreiro de 1880 coa Lei de Abolición da Escravatura, que ditaminaba a substitución do sistema escravista por un padroado de oito

1. Na primeira metade do século XIX estableceronse liñas marítimas de barcos de vapor que unían La Habana cos maiores portos de Cuba. Tamén construíuse unha estrutura ferroviaria destinada ao tránsito de mercadorías desde as rexións produtoras.

2. O debilitamento da escravitude como base da economía insular desenvolveuse de forma escalonada e desigual segundo a localización e o tipo de produción dominante en cada zona. Mentres que nos núcleos urbanos foi erradicada a pasos axigantados, nas zonas rurais dedicadas á agricultura e, especialmente, nos territorios vinculados á produción de azucre, a demanda de man de obra escrava non só non se reduciu, senón que mesmo se viu incrementada.

anos que outorgase a liberdade aos cativos e, simultaneamente, permitise que os negreiros tivesen tempo dabondo para reestruturar as explotacións agrarias. A abolición da escravatura supuxo o inicio dun novo modelo produtivo na illa -o capitalista- baseado na muda de escravos por asalariados. Isto orixinou un incremento da inmigración que serviu de trampolín para a introdución de ideas socialistas na illa.

A fin da escravatura non significou, no entanto, unha mellora na situación dos traballadores. No campo, a estacionalidade da produción agrícola cubana provocaba unha marcada inestabilidade laboral. Nos meses de *zafra* existía unha enorme demanda de man de obra, pero durante o chamado *tempo morto* de paro masivo condenaba aos operarios á necesidade extrema que, en moitas ocasións, era peor que a dos escravos. De por parte, as condicións de traballo eran especialmente duras. As xornadas excedían en case todos os casos as catorce horas, prolongándose de forma habitual ata as dezoito. Os soldos recibidos a troco de semellante horario fluuaban arredor dos vinte pesos mensuais³, cifra que resultaba irrisoria tendo en conta que o gasto medio que unha familia estándar de catro membros debía destinar só á manteza non baixaba de sesenta pesos ao mes. Lonxe do campo, os operarios cubanos non gozaban dunhas condicións idóneas. Mergullados en xornadas que abalaban entre as once e as dezaseis horas, debían aturar tratos inhumanos en postos que rara vez cumprían mínimos requisitos de seguranza e salubridade. Os salarios, aínda que máis altos que na zona rural, tiñan que cubrir maiores gastos polo nivel de vida urbano. A estabilidade, amais, estaba ameazada polas crises propias do capitalismo, polos despedimentos e os peches. Se a isto lle engadimos a agravante da flutuación monetaria, pódese deducir a magnitude da miseria aturada polos traballadores de Cuba. A coxuntura sociolaboral encaixaba coa descrita por Marx e Engels (1974:9) ao expor que "cada novo desenvolvemento das forzas produtivas do traballo profundizará necesariamente nos contratos sociais e agudizará os antagonismos". E así foi.

Co fin da Guerra dos Dez Anos e o inicio da década dos oitenta os traballadores cubanos empezaron a organizarse baixo uns parámetros máis reivindicativos e a crear un verdadeiro movemento operario de corte socialista⁴. Este proceso viuse facilitado polo goberno español que, procurando fidelizar os cubanos, incorporou no Pacto de Zanjón unha serie de reformas que incluían a liberdade de asociación e prensa sempre que non se usasen para atacar a España. Aproveitando este clima de relativa tolerancia, os operarios cubanos, cuxa situación se vira agravada

3. Véxase Instituto de Historia del Movimiento Comunista y de la Revolución Socialista de Cuba (1985).

4. Os traballadores cubanos comezaran a organizarse con anterioridade, pero fixérono baixo a premisa ideolóxica do Reformismo (Véxase Casanovas, 2000).

co conflito, decidiron avanzar na súa organización. As asociacións creadas ata entón -confraría, socorros mutuos, entidades recreativas...- resultaban inoperantes diante das novas esixencias do sistema capitalista e, en consecuencia, foronse abrindo camiño novos modelos asociativos. É o caso do anarquismo, cuxos ideais comezaron a desprazar da avangarda operaria ao reformismo, que abandeirara as primeiras tentativas de organización obreirista en Cuba⁵. Un tal desprazamento debeuse en boa dose a que o internacionalismo ácrata propuña un arquetipo asociacionista que incluía ao groso dos traballadores, alén da súa orixe peninsular ou da súa condición de crioulos ou non brancos. Baixo este marco multiplicáronse as asociacións de ambas tendencias -anarquistas e reformistas-, os sindicatos, as cooperativas e as mutualidades. O Recreo de Obreros, sociedade creada en 1876 para acoller a TODOS⁶ os operarios de Cuba foi a sede onde nun principio se organizaban e establecían vínculos de solidariedade os distintos colectivos. Tomando como padrón o modelo do Recreo, a maioría de artesáns fundaron centros onde se ofertaban servizos educativos, culturais e de socorro mutuo, amais de publicaren xornais para fomentar a conciencia de clase. Nun ambiente de fervor asociacionista, anarquistas e reformistas uniron esforzos e fundaron, en 1879, a Junta Central de Artesanos (JCA), máis tarde Junta Central de Trabaxadores, baixo a dirección do libertario Valeriano Rodríguez. A Junta agrupou todas as colectividade operarias -con independencia da súa tendencia ideolóxica-, constituíndose en òrgao rector e presentándose como unha fronte unida eficaz na defensa dos intereses de clase. A dirección da JCA aspiraba a converterse en Junta Federal de la Región Cubana, a imaxe e semellanza da peninsular Federación de Trabaxadores de la Región Española (FTRE), o que desvendaba as intencións anarquistas da xerencia. En consecuencia, os roces entre libertarios e reformistas non tardaron en aparecer. O detonante foi a asunción da dirección interna por parte do anarquista Enrique Messonier trala morte de Valeriano Rodríguez. Messonier tiña un talante máis extremista que o do seu predecesor, o que se traduciu en radicalización e descontento da clase máis reformista. Así principiou unha dura lideira entre anarquistas e reformistas que provocaría o enfraquecemento e posterior clausura da Junta Central.

Tras un tempo de controversias, as ideas reformistas foron relegadas a un segundo plano por unha clase traballadora cansa de esperar reformas que nunca chegaban e precisaba mudanzas rotundas e inmediatas como as que promovían os libertarios. Desta maneira co anarquismo case consolidado como guieiro ideolóxi-

5. Tal e como sinala Casanovas (2000), o reformismo foi a ideoloxía dominante do asociacionismo obreiro cubano entre as décadas de 1860 e 1880.

6. Admitíanse a todos os obreiros que quixesen entrar, independentemente da súa raza o orixe social e xeográfico.

co e nun clima de fervente proletarización das masas operarias, xurdiu o chamado Círculo de Trabajadores, que se erixiría en peza fulcral do movemento obreiro. Esta asociación foi o centro neurálxico sobre o que pivotou o anarquismo cubano do século XIX. Funcionaba como un recinto (ubicado nos altos do café Mate y Belona e despois en Dragones 39) onde os gremios podían asentarse as súas oficinas, celebrar asambleas, proferir palestras, etc. No seu regulamento, como mostra da súa pretensión federativa, estipulábase que o local sería cedido de balde a calquera asociación de traballadores ou a calquera asociado que o solicitase con fins puramente operativos. Este asociacionismo proposto polo Círculo evidenciaba a súa esencia ácrata e o seu modelo bakuninista: "As colectividades son autónomas dentro da institución e os individuos autónomos tamén dentro da institución e das colectividades". (Bakunin, 1978:126). Tal federacionismo, presente no funcionamento e nas regras do Círculo, declinaba un claro dominio dos anarquistas no seu seo. Estes arelaban instaurar en Cuba unha institución semellante á Federación de Trabajadores de la Región Española, coa que os ácratas cubanos mantiñan unha estreita relación⁷. Tan vinculados estaban que mesmo o diario barcelonés *La Asociación* reproduciu un fragmento do *Boletín Tipográfico d'A Habana* no que se facía referencia á inminente constitución na comarca cubana da FTRE (Casnovas, 2000:186). O suceso do Círculo de Trabajadores foi de tal magnitude que o seu modelo asociativo reproducíuse noutras cidades cubanas como Batabanó, El Pilar, Guanabacoa ou Regla. Nestas zonas inmediatas á capital, nas que a participación na vida política era máis difícil, os ideais libertarios -co seu nihilismo por bandeira- serviron de reclamo para a unión de todos os fillos de traballadores. Poderíase dicir que o Círculo creou unha rede sindical na que os distintos centros da provincia d'A Habana se unían de forma libre e federada.

É neste contexto de expansión anarquista onde encontramos unha relevante presenza de inmigrantes entre os que salientan especialmente os de orixe galaica. Dado o secretismo que sempre acompaña movementos disidentes como o libertario, é complicado buscar o rastro dos anarquistas galegos, pero podemos asegurar a súa importancia cualitativa dentro do colectivo. Conforme aos datos do Arquivo Nacional de Cuba⁸ relativos aos procesos xudiciais contra anarquistas, descubrimos que os galegos estaban presentes nas directivas e que ocupaban cargos executivos nos sindicatos e órganos de difusión libertarios.

Empezando por estes últimos, destaca en primeiro lugar José Ramón Vidán Buyo, nado na Coruña e director do semanario *El Libre Pensamiento*. Foi xul-

7. A presenza das ideas da FTRE entre os libertarios cubanos queda de manifesto polo continuo contacto que existía entre as publicacións cubanas e peninsulares.

8. Véxase ANC. Fondo Asuntos Políticos. Número de Orden 17. Legajo 83

gado n'A Habana o vinte e tres de novembro de 1891, xunto co estremeño Enrique Picón por inurias contra o Estado e contra o presbítero Emilio Fernández González, lanzadas desde a súa publicación. *El Libre Pensamiento* -nunha época en que a censura cercenaba a liberdade de expresión- declarabase abertamente defensor da idea de liberdade e promotor do sindicalismo revolucionario, nome que daquela recibía o anarquismo. No mesmo campo do aparello xornalístico e propagandístico do anarquismo cubano encontramos a outro coruñés, José Taboada. Este reloxeiro de profesión foi acusado de incitación á rebelión por medio da prensa o día vinte e un de xaneiro de 1891. A presenza deste personaxe é dobremente importante. Por unha banda, o texto que escribe publícase no semanario *El Productor*, rotativo fundado en 1887 e o xornal máis destacado do movemento ácrata cubano. Só os máis insignes difusores do anarquismo illeu tiñan posibilidade de publicar columnas neste medio, o que sitúa a Taboada como un membro destacado da comunidade anarquista. No entanto, o seu papel relevante no anarquismo insular fica esclarecido polo propio contido do texto polo que o inculpan, titulado Manifiesto de la sección primero de mayo⁹. Trátase do manifiesto fundacional dunha sección de activismo propagandístico que indica que Taboada era membro activo da mesma. A devandita sección marcábase como principal obxectivo a creación "dunha rede propagandística destinada a conseguir a desaparición do sistema burgués que nos rexe¹⁰". Amais, mostrábase como continuador do espírito dos mártires de Chicago, icones internacionais do anarquismo. Sinalaba tamén unha lista de inimigos a combater activamente: o estado, o burgués e o terratenente. Para iso, defendía "unha guerra sen cuartel, unha guerra a morte, na que se empreguen toda caste de armas¹¹". Incitaba á loita de clases, alegando que entre o explotador e o explotado non existirá nunca paz. Así pois, vemos como Taboada era un propagandista que adoutrinaba desde as páxinas de *El Productor* e, de por parte, defendía a "propaganda por el hecho" típica do anarquismo decimonónico. Tratábase, sen dúbida, dun líder do liberalismo cubano.

Igualmente vencellada á propaganda estaba María González. Aínda que non existe ningún documento que probe o seu activismo anarquista, porén encontramos unha referencia -nas páxinas da publicación anarquista coruñesa *El Corsario*¹²- a certo xuízo celebrado contra ela n'A Habana. Imputábanlle o delito de introducir panfletos subversivos na illa. En rexistro domiciliario atopáronlle números de *El Productor* e *El Corsario*, preparados para o reparto entre os sectores máis cons-

9. ANC. Fondo Asuntos Políticos. Número de Orden 17. Legajo 83.

10. Ibidem

11. Ibidem

12. *El Corsario*. A Coruña, 14 de marzo de 1895.

cientes do proletariado. Aquí percibimos un elo de unión entre o anarquismo cubano e o movemento libertario galego.

Pero a presenza galega non se limitou ao ámbito propagandístico. A súa relevancia fica máis patente aínda na rede sindical. Un expediente encontrado na ANC, relativo ao xuízo celebrado n'A Habana o dezanove de maio de 1892 contra os asinantes dun suplemento do semanario *El Trabajo*¹³, sucesor de *El Productor* trala súa clausura, vemos un exemplo da posición preponderante dos galegos no asociacionismo libertario. Entre os cento setenta e dous encausados, máis da metade poderían ser de ascensión galega. No entanto, non é esta cifra o máis relevante senón a posición que ocupaban algúns dentro das agrupacións integrantes do Círculo de Trabaxadores. A este respecto destacaremos a sección de cocheiros e a de dependentes de fonda. Dentro da primeira salienta Pedro Lens Ferreiro, que na súa declaración perante o xuíz declaraba ser galego do Ferrol e membro da citada sección de cocheiros do Círculo. Este ferrolán non era un simple afiliado, senón contador e membro da xunta directiva, formada polos anarquistas máis asinalados da illa. Da mesma directiva era compoñente José Fonticobe López, quen no seu testemuño indica ser nado en Valdoviño. Xunto a estes dous dirixentes, tamén foron procesados outros catro galegos que participaron na elaboración do suplemento de *El Trabajo*: José Cabalar Martínez (da Estrada), Nicolás Rivera López (de San Clodio) Benito Verdial Yañez (de Viveiro) e Nicolás Chai Guerreiro (de Orol).

No tinte da sección de mozos de fondas encontramos dous galegos na directiva. O feito de que este gremio estivese dominado por asturianos e que, contodo, houbera dous directivos galicianos, dá unha idea do seu peso no obreirismo habaneiro. O primeiro deles viña sendo José Antonio Riveiro Domínguez, nado na Estrada, que admitiu no proceso ser contador e membro da Junta Directiva del Círculo de Trabaxadores, sección Gremio de Fondero. Outro tanto acontecía con Benito García Vilas, que segundo a ficha policial nacera en Bueu e tamén se identificaba como dirixente.

A opción de por en destaque os dous gremios de cocheiros e fondeiros non é froito do capricho. A asociación de cocheiros foi das máis reivindicativas dentro do anarquismo cubano. Foron os traballadores deste gremio os que en 1871 introduxeron a violencia nas relacións cos patróns, conformando piquetes pioneiros na historia de Cuba armados de coitelos, paus e armas de fogo. Tamén foi das primeiras agrupacións entre as que fundaron (en 1879) a Junta Central de Artesanos,

13. ANC. Fondo Asuntos Políticos. Número de Orden 2. Legajo 155.

federación operaria auroral de Cuba, evidenciando unha "clara inspiración anarquista" (Sánchez Cobos, 2008:105) malia a pluralidade de tendencias ideolóxicas que xuntaba. Xa na década de 1880, o ramo continuou destacándose pola súa forza revolucionaria e combativa tanto na celebración do Primer Congreso Obrero de Cuba (1887) como na convocatoria do Primeiro de Maio (1890). Durante estes anos os cocheiros non abandonaron o afán propagandístico e a acción violenta, tal e como consta en informes policíacos datados na década dos noventa en que se denuncian as ameazas dos piquetes n'Á Habana e as tentativas de estender sucursais do Círculo noutras poboacións: Batabanó, El Pilar, Guanabacoa e Regla.

Na súa quenda o outro gremio que salientamos -o dos fondeiros- tamén foi pioneiro e referente do incipiente obreirismo cubano. Á marxe de que os traballadores deste ramo aparecesen en numerosos preitos laborais, como o citado xuízo contra o suplemento de El Trabajo, as fondas e os seus empregados eran claves na conformación do movemento libertario. Antes de constituírse como sindicatos e no período no que o reformismo esmorecía en favor dunha tendencia máis radical, os gremios máis combativos achegáronse á autoxestión operaria. Para iso abriron as súas propias fondas, que reunían operarios de tódolos ramos presentándose como un exemplo exitoso de movemento. Destarte abriuse paso un cooperativismo que sería peza fundamental na consolidación do anarquismo, ao evidenciar as vantaxes do modelo autoxestionario. Amais non podemos esquecer que foron os dependentes de fonda o primeiro grupo en secundar o estouro folguístico iniciado precisamente polos cocheiros en maio de 1892, que suporía a maior e máis radical vindicación obreirista do século XIX en Cuba.

Por último cómpre sinalar que a gran implicación obreirista e anarquista demostrada polos galegos gardaba relación coas cadeas migratorias e a orixe rural destes inmigrantes, así como co tipo de actividades que desempeñaban. Oa cocheiros e fondeiros tiñan un contacto continuo con toda caste de persoas, facilitándolles información de todo xénero, mesmo das tendencias socialistas chegadas desde Europa. Moitos estudos demostran a propensión dos galegos a abriren establecementos de varia índole en Cuba. Isto facía que, por causa das cadeas migratorias, moitos veciños arribasen á illa para traballaren con estes patróns conterráneos, creándose así un numeroso colectivo de galegos que laboraban como dependentes. Tamén habería que introducir neste punto a orixe rural como un importante factor cultural. Boa parte dos inmigrantes procedían dos traballos do campo e este tipo de actividade foi a gran esquecida do marxismo decimonónico, algo que explicaría a predilección das áreas rurais pola tendencia libertaria, máis achegada aos intereses dos traballadores agrícolas.

Do exposto anteriormente concluímos que os galegos formaban unha especie de elite dentro do anarquismo cubano, tanto a nivel teórico como práctico. Foron redactores de xornal, directivos de federacións e membros destacados da acción libertaria, da "propaganda por el hecho". É claro que a romana de emigrados españois estaba inclinada do lado dos galegos, pero tamén é certo que outros colectivos igualmente numerosos (canarios ou andaluces por exemplo) non tiveron o peso proporcional dos galegos no obreirismo. A súa situación laboral unida á crise rústica facilitou a asunción dos principios libertarios pola colectividade galaica en Cuba e o gran número de galegos afincados na illa explica o ascenso hierarquico que experimentaron.

BIBLIOGRAFÍA

BAKUNINN, Mijaíl (1978). *Escritos de Filosofía*. Madrid: Alianza Editorial.

CASANOVAS CODINA, Joan (2000). *¡O pan, o plomo! Los trabajadores urbanos y el colonialismo español en Cuba, 1850-1898*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.

COLODRON VALBUENA, Javier (2017). "El Círculo de Trabajadores de La Habana y sus réplicas: La creación de espacios obreros en los alrededores de la capital". En *Naveg@mérica*, Núm 19. Murcia: Universidad de Murcia.

Instituto de Historia del Movimiento Comunista y de la Revolución Socialista de Cuba. (1985). *Historia del Movimiento Obrero Cubano. 1865-1958*. Tomo I, 1865-1935. La Habana: Editora Política.

MARX, Karl; ENGELS, Friedrich. (1974). *Obras escogidas*. Moscú: Editorial Progreso.

Sanchez Cobos, Amparo (2008). *Sembrando ideales. Anarquistas españoles en Cuba (1902-1925)*. Madrid: CSIC.

EL PRODUCTOR.

SEMANARIO CONSAGRADO A LA DEFENSA DE LOS INTERESES ECONOMICO-SOCIALES
DE LA CLASE OBRERA.

EL PRODUCTOR.

Subida á las las jornales de cada semana.
Prezcos de azúcares.—En la Habana, por un saco, 30 centavos líbiles.—En el interior de la Isla, por un saco, 30 centavos y 25-30 el centeno.—En las puercas donde no alcanza el líbilo 30 y 75 centavos un repúblicano.
Numero sueldo, 15 centavos.
La Administración no dará de baja á ningún obrero que por error de trabajo, se encuentre imposibilitado de satisfacer el importe de la suscripción, pero estará sujeto en el deber de hacer esfuerzos en su favor tan pronto como las cosas que le facilitasen volverlo.
REDACCION: Angulo 13, á donde se dirigirá el correo.
ADMINISTRACION: Dragones 29, Círculo de Trabajadores, á donde se dirigirá la correspondencia.

La cuestion social.

Mientras en el seno de esta desgraciada sociedad existió la esclavitud del hombre negro, todos los que seriamente se ocupaban de ese asunto veían en tan odiosa institucion un peligro constante para los intereses permanentes de este país.

Los tiempos esclavistas, los que al parecer se adornan al arrullo del dolorido cántico del infeliz esclavo, no dejaban de abrigar sus temores, y tomaban las más estréñicas precauciones á fin de evitar todo contacto entre las dotaciones de sus fincas y las de otras inmediatas: en cada persona extraña veían un emisario, y no pasaba noche en que su manchada conciencia creyese de traerles á la memoria el recuerdo del infortunado Plácido y compañeros mártires.

Tanto y tanto se fueron aumentando esos temores, que la sociedad en general llegó á resolverse de ellos, y preocupándose seriamente de la esclavitud, llegó al análisis de sus relaciones con los más vitales intereses del país.

En todas partes, y por doquiera, veíase el rastro del esclavo, y no era, por cierto, en el seno de nuestra propia familia donde menos se notaba, en la relajación de las costumbres. Llegaron á ser de tal modo análogas: la esclavitud y los intereses morales y materiales del hombre libre, que hubo de llamarse *la cuestion social*, y bajo esa denominacion fué conocida en el mundo entero.

Lo avanzado de la época en que vivimos, por una parte, y los desuodados esfuerzos de hombres verdaderamente meritorios, por otra, dieron al íngate con la afrentosa esclavitud del negro, y así aquí que resuelta, al sentir de muchos, *la cuestion social*, nada quedaba por hacer en este sentido, como no fuera dormir el sueño de los justos.

Libres ya de la vergonzosa institucion que roía nuestras entrañas, redimida de la esclavitud el hombre negro, qué más podía hacer la sociedad en beneficio de la humanidad en general y de sus propios intereses en particular..... esperar tranquila el fruto de sus nobilísimos esfuerzos.....

Mas ¡ay! que el fruto habrá de, ser amargo, ciertamente.....

No es que pretendamos, nosotros bajar el nivel del contrato por los que pusieron sus fuerzas al servicio de la libertad, no, en manera alguna; mas sí que juzgamos que apenas comenzada la obra se cruzaron de brazos.

Cruzados de brazos están, satisfechos con haber contribuido á redimir al negro de la esclavitud, sin contar con que existen en el mundo millones de hombres condenados á perpetua servidumbre, verdadera *cuestión social* cuya resolucioñ debiera preocuparlos.

La centralizacion de la riqueza pública, cada dia mayor, y por consiguiente, el pauperismo creciente de las masas, es un volcan sobre cuyo cráter se dormen confiadamente los que no piensan que en el fondo se agita ardiente lava..... Mas ó menos tiempo podrán estar comprimidos los vapores que ese monstruo entraña, pero tanto más peligrosa será su explosioñ cuanto mayor sea el acumulamiento de materias explosivas.

Por eso hemos dicho que el fruto habrá de ser amargo.....

Desengañados los hombres del pueblo de que nada se hace en el sentido de su verdadera emancipacion social, desesperados y aburridos de arrastrar una vida miserable; hartos de que la desgracia hiera contínuamente sus flancos, creéis que habrán de cruzarse de brazos y resignarse tranquilamente á ser por siempre el escarnio de la sociedad, de una sociedad que ellos con sus esfuerzos han engrandecido!

No lo permita Dios pero si vuestra obcecacion es tal, hombres que regis nuestros destinos, que persistis en tenernos encadenados á vuestras plantas, entonces la revolucion, *la verdadera revolucion* vendrá, y cada cosa ocupará su lugar.

No creéis, no, que con años más ó menos sutiles habréis de contener los acontecimientos el dia que lleguen á estallar.

La revolucion, una vez puesta en marcha no hay poder bastante á contenerla, y no habrá de detener su desarrollo hasta tanto no haya cumplido sus fines.

Los fines de la revolucion á que nos contraemos, ya, sabéis cuales son: *la completa emancipacion social de los pueblos*; y en tanto no abordeis ésta de una manera firme y decidida, estais amenazados seriamente.

Si no queréis que sea una verdad nuestra fórmula, *la redencion de los trabajadores ha de ser obra de los trabajadores mismos*: si habeis meditado bien todo lo que esa fórmula entraña, hombres que por-éis hacerlo, aborad la *cuestion social* con decidido empeño y no esperéis á que los acontecimientos impongan á los pueblos á sí propios.

Desechad por un instante las preocupaciones de escuela y las ambiciones que embargan vuestros sentidos; observad serenamente los grados de ilustracion que van alcanzando los

pueblos, y decidid despues con tranquilo juicio á dónde habeis de conducir vuestro afán de esclavizaros.

La igualdad social es una fórmula que la humanidad persigue sin descanso, y harlo convencerá está hoy de que no habrá de alcanzarla en tanto su redencion no sea un hecho.

Redimida la humanidad, de la esclavitud moral y material que pesa sobre ella, podrá decir que la libertad, la fraternidad y la igualdad de nuestros padres son un hecho.....

En tanto la retenga esclava la miseria, en tanto la *cuestion social* no se resuelva, con tres grandes palabras no pasará de ser una reunion de sílabas vacías de sentido.

Á redimirnos pues, hombres que podéis hacerlo, y á redimirnos, si no que-teréis que nos redimirnos.

Asamblea el domingo.

Reunidos varios obreros, en la noche del 27 del actual, á causa de una carta recibida de Nueva York, en la que se pide el apoyo de los trabajadores de esta region, respecto de los siete condenados á muerte en Chicago, han acordado celebrar una asamblea pública el domingo 1º del entrante mes, á las doce del dia, en los salones del *Círculo de Trabajadores*, Dragones 39, con objeto de responder al llamamiento de sus hermanos de Nueva-York.

El acto humanitario que se trató de llevar á cabo es de tal naturaleza, que esperamos, no sin razon, que los salones del Círculo sean incapaces de contener á los que en todas ocasiones han sabido dejar el nombre de los obreros de la Habana puesto á una altura enviable.

Por nuestra parte asistiremos, contribuyendo con la medida de nuestras fuerzas á que el éxito más feliz venga á coronar obra tan meritoria.

Facto y Ley.

La primera vez que los hombres sintieron la necesidad de obrar de unanimes, ya para la defensa, ya para la produccion, ya para el cambio, *FACTORY*, y al nombrar un jefe ó un director, no entendieron seguramente crear una autoridad, sino una delegacion. Si el delegado no creyó, antes, que el pueblo, debido á que el individuo tiende á abusar cuando las circunstancias le favorecen, y á que los contratantes no supieron garantizar las bases del pacto.

Este principio es tan universal y natural, que en todas las épocas, lo mismo que en la actualidad, cuando los hombres quieren reunir para cualquier objeto la parte de actividad que les deja libre la autoridad dominante, pactan tambien.

Cuando un delegado por las litas partes pacta los abusos del poder que se le confiere y se erige en señor de los que le encombaron, *LAWLESS*, primero en su propia defensa, y despues, cuando la duracion del abuso del poder hace olvidar su origen y llega á alsonar el carácter de institucion permanente, esos

EL TRABAJO.

SE PUBLICA
EN AMSTERDAM

ORGANO OFICIAL DE LA JUNTA CENTRAL DE TRABAJADORES
DE LA REGION CUBANA.

SIETE SENTENCIADOS A MUERTE.

11 DE NOVIEMBRE DE 1887.



S. Fielding.



A. Fischer.



L. Ling.



A. Spies.



A. Parsons.



Schwab.



F. Engel.

Os galegos en Lisboa no século XIX vistos polos estranxeiros

Madalena Romão Mira

CICH, Centro de Investigación em Ciências Históricas
Universidade Autónoma de Lisboa
mmira@autonoma.pt

Resumo:

A traxectoria proposta céntrase na impresión que deixaron os galegos na produción escrita estranxeira, asinada por diferentes visitantes de diversas nacionalidades. Esta enquisa recolle impresións ao longo do século obxecto de estudo, de franceses, ingleses, italianos, alemáns e españois que visitan Lisboa por motivos militares ou profesionais e por turistas afeccionados ao nacente Grand Tour con curiosidade e interese por un país en ebulición.

Os galegos son vistos como traballadores e leais, sendo coñecidos polos oficios de augardeiros, porteadores ou bombeiros, entre outros onde cumpría moita forza.

Palabras chave:

galegos, Lisboa, estranxeiros.

Abstract:

This work focuses on the impression that Galicians left on foreign written production, signed by different visitors of various nationalities. This survey gathers impressions throughout the century under study from French, English, Italian, German and Spanish visitors to Lisbon for military or professional reasons, or tourists who were fans of the nascent Grand Tour and were curious and interested in a country in turmoil.

The Galicians are described as hard-working and loyal, being known for their work as watermen, porters and firemen, among others, where strength was needed.

Keywords:

Galicians, Lisbon, foreigners.

INTRODUCCIÓN

A historia móstranos Lisboa como unha cidade cosmopolita (Mortágua & Mira, 2017). Moitos foron os que contribuíron a este estatuto e entre eles salientan os oriúndos da veciña Galiza, cuxo desprazamento para terras lusas foi masivo e aínda descoñecido.

Portugal, país de emigrantes, acolleu a estes inmigrantes que procuraron o país veciño con regularidade desde moi cedo, en vagas con diferentes características.

Para alén dos movementos que podemos remontar á Reconquista, os desprazamentos migratorios por traballo detéctanse en Portugal, dunha forma regular, desde os séculos XII e XIII, cando xurdiron oportunidades estacionais ao ritmo cíclico de producións agrícolas para mercados relativamente vastos (Alves,2002: 117).

Aos estranxeiros que visitan a capital éelles imposible pasar desapercibido o "berro estridente agoa!, que soa da mañá á noite" (Lissabon,1855: 195)¹, emitido polos galegos nunha Lisboa "enorme, pero nada menos que excelente" (Lissabon,1855:194)². Que impresión deixaron os galegos na produción escrita estranxeira, asinada por diferentes visitantes de varias nacionalidades? Este referimento está lonxe de ser exhaustivo, mais recolle impresións ao longo do século en estudo, provenientes de franceses, ingleses, italianos, alemáns e españois, que visitan Lisboa por razóns militares e profesionais ou porque son turistas adeptos do nacente *Grand Tour* con curiosidade e interese por un país en ebulición que provoca "a vinda dun continxente de estranxeiros -nomeadamente ingleses e franceses- que anota os hábitos lisboetas, tan distantes da Europa saída da Revolución Industrial" (Castro, 2017: 319). A expresión da vivencia galega é sempre destacada, de forma enérxica e viva, merecendo de algúns autores, ocasionalmente, a dedicación dun capítulo.

A transversalidade de ocupacións, con destaque da de augadeiro, a importancia no funcionamento da cidade e as virtudes de carácter son comunmente apuntadas.

1. GALEGO, O INDISPENSABLE

Este marco inclúe a opinión unánime sobre os viles oficios que desempeñaban, e que os nativos non queren exercer, como indica un dos fundadores da *London*

1. No orixinal: "Schriller ruf «agoa» von früh bis spät ertönt".

2. No orixinal: "Lissabon ist ungeheuer groß, aber nichts weniger als großartig".

Correspondyng Society, aínda en 1780, considerando que mesturan portugués e español "avec quelque reste du vieux celtique" (Margarot, 1780: 302).

A mención dos oriúndos da Galiza detense a miúdo na descrición das súas actividades, cun denominador común da visión estranxeira, resumida polo alemán Reimers: "Un pobo moi necesario para os portugueses -especialmente para os residentes en Lisboa- é o galego" (Reimers, 1844: 307)³, considerado ata como irmán dos nativos polo xeógrafo francés Onésime Reclus -*this accounts for the fact tha the Gallegos and the Portuguese are brothers-* (Reclus, 1892: 184)⁴, quen subliña a orixe galega do príncipe dos poetas portugueses: Camões.

E na altura do setecentos, Joseph-Barthèlemey-François Carrère, médico francés e membro da *Societé Royale de Médecine*, quen viviu varios anos en Portugal, escribe un moi citado *Tableau de Lisbonne* en 1796 onde resume o que moitos outros afirman sobre os galegos, presentándoos como:

Une race grande, nerveuse, forte, vigoureuse, leste, agile, á la tête haute, aux yeux pétillans, au ton fier et décidé, se fait distinguer à Lisbonne: on la retrouve par-tout, sur les places, aux coins des rues, sur le pont, le long de la riviére, aux portes de magasins, dans les ateliers, aux travaux publics; elle est toujours prête à servir ceux qui velent l'employer; elle n'offre point ser services; elle attend avec une fierté tranquille qu'on les lui demand
(Carrère, 1797: 310).

E aínda engade que:

fournissent au Portugal plusieurs classes de travailleurs, les forts des ports, les forts des douanes, les crocheteurs, les portefaix, les porteurs d'eau, les commissionnaires des coins des rues, beaucoup de domestiques et de cuisiniers bourgeois (...) Ils forment entre eux des corporations, des chambrées, dont chacune a son chef, qui est aussi Gallego
(Carrère, 1797: 312).

Os dous botánicos e naturalistas alemáns Heinrich Friedrich Link e Johann Centurius von Hoffmannsegg, no decorrer dunha visita prolongada a Portugal no final do Setecentos descrita e editada en 1808, sinalan que:

3. No orixinal "Ein sehr unverzichtbares Volk für die Portugiesen, namentlich für die Einwohner Lissabon, sind die Galegos".

4. Edición orixinal en francés de 1877. Usamos a versión inglesa, comentada e con máis elementos cuantificativos sobre os galegos.

Les porte-faix, les porteurs d'eau, et la plupart des domestiques, viennent de la province espagnole Gallicie, et c'est de-là qu'on les appelle Galegos. Ces gens industrieux quittent par milliers leur pauvre patrie, pour se rendre en d'autres provinces espagnoles, ains qu'en Portugal, pour gagner de l'argent aux services les plus grossiers

(Link & Hoffmansegg, 1808: 267).

En *Sketches in Portugal during the Civil War of 1834* o militar e viaxeiro James Edward Alexander menciona con frecuencia aos galegos, deténdose na súa indumentaria:

The men, the well-known Galegos, or porters of Madrid and Lisbon, were stout fellows, in broad hats, dark vests, white shirts, and short wide trousers; they conducted bullock-carts with heavy and creaking wheels, or mules laden with country produce

(Alexander, 1835: 7).

Despois de abordar a Praça do Comercio, á que chama Black-horse Square, describe o cadro surreal que un estranxeiro encontrará na veciña alfândega:

he will find the long room ornamented in the ceiling with stucco ornaments, and with fresco paintings on the walls; he will see the commissaires and their clerks seated at tables; bales of Manchester goods on the floors, cotton bales from Brazil, long sugar boxes like square trunks of trees, and galegos running up and down stairs with an arch of skins on their heads, and tails dangling behind them

(Alexander, 1835: 7).

O viaxeiro italiano Giulio Leclercq informa que "La máxima parte dei lavoranti del porto sono galiziani" (Leclercq, 1884: 139) e subliña que o portugués, practicante do *dolce far niente*, cando precisa de calquera cousa "prega un Galiziano di farbo per lui" (Leclercq, 1884: 139). Jules Lan, avogado e escritor francés, faise eco desta observación:

En général, on aime le farniente à Lisbonne. Les gros ouvrages, les commissions, sont faits par des Galiciens (Galegos). «Dés qu'un besoin appelle, dit M. Henri de Pène, un Gallego se présente pour le satisfaire... Il est port-faix; il est porteur d'eau; il est pompier aux jours d'incendie; il est commissionnaire et domestique»

(Lan, 1869: 27).

Sinala así a importante función do bombeiro, atribuída aos augadeiros, función que se mestura coa orixe dos galegos, diferenza non sempre perceptible.

Si o anota a *Penny Cyclopaedia of the Society for the Diffusion of Useful Knowledge*, publicación inglesa que, en 1839, na entrada "Lisboa", informa de que a poboación lisboeta "is very mixed, consisting of people from every province of Portugal (...), of a great number of blacks and men of colour from the colonies, and numerous galegos, or porters and water-carriers" (Lisboa, 1839: 39).

A idea repítese en *Les capitales du monde* (Coppée, 1892: 223, 224, 234 e 236), obra dirixida polo dramaturgo e novelista francés François Coppée, que no apartado de Lisboa menciona os galegos sempre de par das pescas, particularizando as súas indumentarias, como así tamén o fai o arquitecto e historiador Gustave Clause en *Espagne, Portugal: Notes historiques et artistiques sur les villes principales de la péninsule ibérique*:

...les quais de Lisbonne son le royaume de Gallegos et des Varinas, deux tyoes bien francs et bien remarquables. A Lisbonne, on désigne communément sous le non de gallegos les portefaix, les commissionnaires, les porteurs d'eau et tous les gens qui se chargent des ouvrages les plus pénibles. (...) vêtus d'un caleçon de toile bleue, d'une chemise en hiver, le torse nu en été, coiffés d'un gros Bonnet de laine vert, portent généralement les fardeaux sur la tête; quand l'object est trop lourd, ils se réunissent deux, quelque fois quatre, et, au moyen de cordes passées sur leurs épaules, le transportent à des distances considerables. C'est ainsi qu'ils effectuent tous les déménagements de la ville

(Clause, 1889: 59-60).

O *Itineraire gèneral, descriptif, historique et artistique de l'Espagne et du Portugal*, do autor, tradutor e redactor da parisiense *Gazette des eaux*, Alfred Germond de Lavigne, describe os habituais traballos (Lavigne, 1880: 658) e fornece datos pouco habituais como o prezo dos servizos: "Commissionnaires ou galegos: le prix d'une course en ville est de 200 reis" (Lavigne, 1880: 739).

A información sobre as cidades de Lisboa e Londres na *The International Cyclopaedia: a Compendium of Human Knowledge* permite reflexionar sobre os galegos e a forza da súa presenza. A entrada sobre Lisboa informa de que "About 30.000 Galegos (Galicians) earn a subsistence here as porters, water-carriers and laborers" (Lisbon, 1890: 70), mentres que a entrada sobre Londres (London, 1890:143-148) nada especifica sobre a procedencia dos emigrantes, aínda que o

deseñador e gravador suízo Henri L'Éveque (en *Costume of Portugal*) afirma que os carregadores galegos en Lisboa constitúen un grupo "in the same manner as the Irissh do in London, and the Savotards in Paris" (L'Éveque, 1814: 91), o que leva a pensar que eses emigrantes irlandeses e saboianos, malia seren numerosos, non alcanzarían a proporción dos galegos en Lisboa.

O clérigo e viaxeiro inglés William Morgan Kinsey fixo outra comparación, censurando a xustiza pola facilidade con que acusaba os galegos de "crimes, poisoning and assassination, with the utmos injustice, as in England, if a murder is perpetrated, it is frequently attributed to the hand of an Irishman (Kinsey, 1828: 78).

O viaxeiro inglés Terence MacMahon Hughes contribuíu a este tópico ao escribir que os cargadores de Lisboa eran todos galegos e en Madrid aragoneses (Hughes, 1874: 77-78).

2.DO CARÁCTER DOS GALEGOS

O xa mentado Joseph-Barthélemy-François Carrère considera que "Les portugueses sont sobres par nécessité, les Galegos par caractère" (Carrère, 1898: 313) e apunta unha característica común a estes últimos: "elle n'offre point ses services, elle attend avec une fierté tranquille qu'on les lui demande" (Carrère, 1798: 310). Porén:

Un étranger arrive a Lisbonne, il débarque; vingt galegos se présentent; ils se disputent à qui portera son équipage; ils l'enlèvent; ils parcourent à grande pas les rues, les carrefours, les places; ils grimpent, ils montent, ils descendent; ils vont toujours sans s'embarrasser si l'étranger les suit. Ils entrent dans une auberge de leur choix, dans celle où on les gratifie le mieux. L'étranger les suit en forçant sa marche; il arrive tout essoufflé; il se trouve casé, gîté, sans savoir où, sans avoir pu demander où il va, sans avoir pu dire où il veut aller

(Carrère, 1798: 56).

O autor afirma aínda que, cando acumulan un pequeno peculio, regresan á súa terra e deixan o sitio a outros máis novos, nun ciclo migratorio, sen prexuízo de que os galegos "often rises to a respectable station of society" (*The Lisbon Guide*, 1853: 77).

A revista inglesa *The Anti-Jacobin Review and Magazine*, cun propósito editorial político e literario, dá noticia de que os galegos "are almost the only honest, and

industrious persons to be found among the lower classes of the people" (Operations, a 1809: 273), e William Bradford secunda a idea afirmando a propósito do acueduto "a laborius class of its inhabitants, chiefly Galicians, are employed in filled barrells and vending their contents through the streets" (Bradford, 1809: 40).

Laborioso e industrioso son adxectivos que se repiten para describir os galegos, moitas veces en contraposición ao indolente portugués, tamén así adxectivado con frecuencia, cousa que sublevou ao intelectual Francisco Solano Constâncio, quen asegura que Portugal ten sido "tan calumniado polos escritores estranxeiros" (Constâncio, 1822: 86). Véxase unha das voces femininas que encontramos, a da poeta e viaxeira inglesa Marianne Baillie, que contrasta a confianza que se pode depositar nos galegos coa falta dela nos portugueses: "non can confidence be placed in any persons so surely, as is the humble hardworking sort of voluntary slaves, called *galegos*, who hire out their strength and activity to the more indolent natives" (Baillie, 1825: 87).

A honestidade é enfatizada polo médico William Robert Wilde. Este ofmatólogo e otorrino irlandés, pai de Oscar Wilde, describe como os augadeiros galegos dormen frecuentemente ao aire libre, cerca da fonte onde se abastecen e que "They are remarkable for their honesty and the hardships they undergo are extraordinary" (Wilde, 1844:42).

George Robert Gleig, reverendo escocés que integrou o reximento inglés Light Dragoon en 1808, estacionado en Lisboa, describe a cidade encontrándolle como únicas virtudes o clima, a froita e o viño. As persoas eran, na xeneralidade, repugnantes e as clases máis baixas indolentes e inmundas:

with the exception of a peculiar tribe, called Galegos, who are not, by-the-by, Portuguese, but Spaniards, there does not seem to be anywhere the smallest disposition to industry among them. The consequence is, that these Galegos, though despise and shunned by their townsmen in general, are by far the best-dressed and healthiest-looking people in the city; and, as always occurs in such cases, they are likewise the most civil and the best informed

(Gleig, 1853: 29).

O oficio de mensaxeiro non lle pasou desapercibido ao militar, indicando así unha das facetas máis esquecidas da vida dos galegos en Lisboa. A confianza depositada desde a recepción, pasando polo transporte e ata a entrega das mensaxes de negocios, amorosas ou doutra índole, retrataban a estes mandadeiros co selo da fiabilidade, tal e como testemuña o escritor castelán Calvo Asensio: "Los innu-

merables gallegos, ocupados en Portugal en fatigosas tarefas, y cuya aplicación y buena voluntad, como su honradez y amor al trabajo, les hacen dignos de la más alta estima (Calvo Asensio, 1870: 143).

Esta percepción é reforzada polo diplomático francés Léonce de Rouffeyroux cando afirma que "ils sont d'excellents commissionaires...ils sont toujours occupés et toujours d'une humeur égale et joyeuse, car, foncièrement honnêtes, ils n'ont jamais rien à se reprocher (Rouffeyroux, 1880: 58).

Tamén as innúmeras versións e edicións da guía de viaxe de Henry George O'Shea repiten que "These honest, hard-working fellows are the best and most numerous class of servants both in Portugal and Spain" (O'Shea, 1885: 539)⁵. Polo mesmo rego decorre o historiador inglés, especializado en Historia de Portugal, Robert Southey que realza "an industrious and honest race, despised by both nations for the very qualities that render them respectable" (Southey, 1808: 65).

Polo seu lado, a escritora francesa Marie Bonaparte-Wyse, coñecida como Marie Ratazzi, escribiu un libro moi polémico sobre Portugal en 1881⁶, onde afirma que os galegos son o máis orixinal que hai en Lisboa. É moi crítica coa forma en que son tratados, sobre todo porque "Ils jouissent d'une reputation d'honnêteté parfaitement méritée" (Ratazzi, 1880: 224), o que deixa en mal lugar os portugueses.

3. O GALEGO BARULLENTO

Os estranxeiros interéanse polas "crowds of these patient galegos" (Smith, 1870: 16), naturalmente barullentas. Este aspecto é subliñado por varios autores, principalmente falando dos augadeiros, cuxos "longos berros son unha das novidades que agarran aos estranxeiros na súa chegada a Lisboa" (Landing At Lisbon, 1846:406). Da lectura non se infire que os galegos sexan eles propios tamén estranxeiros, algo que acontece con frecuencia.

Indícase o Carmo como lugar de paraxe de "a tropp of noisy galgos" (The Lisbon guide, 1853: 201), expresión que se repite para describir o chafariz da Esperan-

5. Esta obra foi publicada en varias versións desde 1868, constituíndo as chamadas O'Shea's Guides, algunhas delas con once edicións. A diferenza principal vén dada polo número de ilustracións.

6. Deu orixe á famosa Cuestión Ratazzi, involucrando nomes como Antero de Quental ou Camilo Castelo Branco, polas inverdades que contiña. Polémicas á parte, esta irlandesa que viviu en Francia, Italia e Portugal, familiar dos máis altos dignatarios políticos (sobriña-neta de Napoleón), que recibía no seu salón os máis resoantes nomes (Vítor Hugo ou Alexandre Dumas, entre outros), mantíñase activa no xornalismo e publicaba crónicas nas *Matinées Italiennes*, revista editada en Florenza e nas *Matinées Espagnoles*, revista parisiña onde saíu o texto *Le Portugal á vol d'oiseau*, con grande proxección por tratarse dunha publicación periódica.

za, "surround as usual by numbers of noisy Galegos (The Lisbon Guide, 1853: 128), chamándolles "hewers of stone and drawers of water" (The Lisbon Guide, 1853, 77), e aínda redunda no mesmo o vice-cónsul portugués en Leeds, Joaquim Antonio de Macedo, autor dunha *A guide to Lisbon and Its Environs, Including Cintra and Mafra* onde destaca o traballo dos bombeiros galegos, informando de que os primeiros trinta en chegar aos incendios reciben un extra e describindo o pau e a rolla para protexer o carrelo como instrumentos típicos da súa función (Macedo, 1874: 88).

Sobre o servizo de bombeiros, Charles Vogel, agregado da Dirección do Comercio Exterior francés, afirma en 1860 sobre as fontes e chafarices que "C'est le domaine des Galegos qui forment en même temps un corps de pompiers exemplaires, dont le service, pour le cas d'incendie, très-fréquent dans cette ville, est parfaitement organisé" (Vogel, 1860: 480).

O xeógrafo veneciano Adriano Balbi, en *Essai statistique sur de royaume de Portugal et d'Algarve* informa sobre o número de chafarices, sobre os galegos que lles estan adscritos e as recompensas para quen chega primeiro aos incendios: 100 reis (Balbi, 1822: 177). Dos 3.454 augadeiros repartidos por 119 compañías, só 360 non teñen obriga de acudir aos incendios. Divide os galegos por chafarices da seguinte forma: Loreto 252, Carmo 278, Alcântara 200, Formosa 205, Santana 220, Rei 352, Dentro 229, Praia 212, Alegría 232. Esclarece que as dezaioito canadas de capacidade das barricas son falseadas, pois unhas levan catorce e outras apenas doce.

En *The Lisbon Guide, Or, An Historical and Descriptive View of the City of Lisbon and its Environs*, indícase que os "Galegos take part in all Portuguese bull-fights". E, cando os touros non daban loita "Galegos or Blacks are send againts it (The Lisbon Guide, 1853; 195). Informa aínda que todos os *homens de forcado* son galegos, describindo a actuación destes na tourada.

4. CONTRIBUTO Á LECTURA DO IMAGO TIPO NEGATIVO (?)

Algunhas das impresións publicdas insírense na tipoloxía do imagotipo negativo, que o investigador Pazos Justo (2011; 212a; 212b) ten desenvolvido sobre os galegos, considerando o imagotipo como a representación gráfica e -acrecentamos nós- unha imaxioloxía social, neste caso dos inmigrantes galegos.

O *The New Monthly Magazine and Literary Journal*, publicado en Londres en 1826 informa sobre a edición dos *Sketches of Portuguese Life, Manners, Costume and Character*, un conxunto de gravados do anónimo APDG. Comeza a descrición anunciando os deseños da *canalla* de Lisboa: "He has given us graphic

and topographical sketches of the canaille of Lisboa, the galego (or Galician) wáter-carrier..." (Sketches, 1826: 271). O propio APDG (1826), ao longo das 364 páxinas do libro realza a fidelidade dos galegos, mencionando varias situacións como exemplo: entre elas conta como un galego avivou un incendio a pedido do patrón. Alude por suposto ao "office of a galego", que xa antes tiña traducido por *water-carrier*.

Un artigo sobre Lisboa na *Revue Contemporaine* anuncia as virtudes dos galegos e, perplexo, o xornalista e escritor francés Henry de Pène afirma que:

eh bien, il en coûte à un Portugais de leur reconaitre ces qualités. Le dernier des fils de Lisbonne, le mendiant des rues – et Dieu sait si les mendiants y sont nombreux – est plus haut dans sa propre estime et dans la considération publique que le plus estimable des Galegos

(Pène, 1853: 216).

Mesmo así, continúa o artigo, "Ces robustes montagnars forment au sein de Lisbonne une vraie colonie espagnole, gardant purs de tout alliage ses moeurs, son langage, son costume et ses traits" (Pène, 1853:215). Inclúe, asombrado, un dito común: L'âne, disent-ils, a été créé pour le repos de l'homme, et le galego pour soulagement de l'âne"(Pène, 1853:216). O pintor e ilustrador parisiense, Olivier Merson, faise eco desta perspectiva, pois en Lisboa son "bêtes de somme" (Merson, 1857; 71).

Outra impresión estupefacta debémoslla a Lady Catherine Charlotte Jackson, esposa dun diplomático e historiadora británica, quen menciona moitas veces os galegos, por caso ao guía que a acompañou na viaxe a España e Portugal, un galego chamado Romano "The most industrius, honest, sober, and faithfully attached servants are the galegos"(Jackson, 1874: 77) únicos mensaxeiros fiables. Aduce varias consideracións sobre as virtudes dos fillos da Galiza, confesando non encontrar resposta para o feito de tendo "so many good and useful qualities be continually brought on the stage, or made to figure in fiction as an object of ridicule and contempt" (Jackson, 1874: 78); diante disto cuestiona "What would the Lisbonense do without them?" (Jackson, 1874: 77).

CONCLUSIÓN

No século XIX os galegos de Lisboa crearon un *ethnoscape* (Appadurai, 1991), ou sexa unha paisaxe de persoas que deseñan as mudanzas do mundo en que viven. As súas ocupacións exércense esencialmente na rúa, diante do ollar de todos, e a multitude asociada ao barullo menciónase con frecuencia. Non obstante, os pro-

cesos de petición de naturalización que temos en estudo permiten detectar unha ampliación do universo ocupacional dos galegos en Lisboa, xa desde o século XVIII.

O galego así chamado orixinalmente por vía de naturalidade, pasa a ser así chamado por vía de ocupación, sexa augadeiro, cargador, bombeiro ou calquera outra cousa. Verifícase unha transferencia de significado da palabra, que pasa a adxetivar a función desempeñada. A miúdo non se infire que os galegos sexan estranxeiros, como se le no *The Saturday Magazine*, que en 1835 indica que Galego é o nome que se lle dá ao augadeiro de Lisboa, engadindo que a *maioría* dos galegos proceden da Galiza (Square of...1835: 218).

No virar do primeiro cuartel do século XIX, Sebastián de Miñano y Bedoya, xeógrafo, xornalista, historiador, membro da *Real Academia de la Historia* e da *Société de Geographie* parisiense, a propósito da emigración galega en Portugal reflicte, como español que é, en perspectiva non só descritiva senón valorativa, e facéndose eco de dúas posicións sobre a materia, o seguinte: "Dúdase en el país si estas emigraciones son útiles o perjudiciales" (Miñano y Bedoya, 1826: 263). Enumera as vantaxes de permanecer na Galiza para mellorar a produción agrícola, contra a opinión de que sobran moitos brazos para tal tarefa, incluso coa poboación mermada pola emigración, e infórmanos de que Lisboa e Porto son destinos buscados principalmente por cidadáns de Tui, Ourense e Lugo.

O imaxotipo negativo parece ser alimentado unicamente polos portugueses e non partillado polos estranxeiros. Encontramos un recoñecemento do espazo que o galego ocupa, individual e colectivo, e unha impresión altamente favorable dos estranxeiros que nos visitan, rebelándose algúns deles contra a forma en que son tratados os galegos polos portugueses e evidenciando unha certa amargura porque os galegos "passent les plus belles passent les plus belles années de leur vie vou és à cette humble occupation" (*Mélanges Historiques* 1827: 93). Este contexto permite entender as palabras do militar e poeta alemán Wilhem Ribbeck, sobre unha personaxe de Wilde Rosen *aus Eugenio's Nachlasse: Handschrift für Freunde*: "Na mocidade foi Galego en Lisboa durante dez anos"⁷ (Ribbeck, 1820: 55).

7. No orixinal "In seiner Jugend war er als Galego zehn Jahre zu Lissabon".

BIBLIOGRAFÍA

ALEXANDER, James Edward (1835). *Sketches in Portugal during the Civil War of 1834*. London: James Cochrane & C^a.

ALVES, Jorge Fernandes (2002). "Imigração de galegos no norte de Portugal (1500-1900): algumas notas", in A. E. Roel & D. G. Lopo (coord.), *Mobilidade e migrações internas na Europa Latina*. Santiago de Compostela: Universidad (Catedra Unesco), 117-126.

A. P. D. G. (1826). *Sketches of Portuguese Life, Manners, Costume, and Character*. London: Geo B. Whittaker.

APPADURAI, Arjun (1991). "Global Ethnoscapes. Notes and Queries for a Transnational Anthropology", in R. G. Fox (ed) *Recapturing Anthropology. Working in the Present*. Santa Fé: School of American Research Press, 191–210.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BAILLIE, Marianne (1825). *Lisbon in the Years 1821, 1822 and 1823*, vol. 1. 2^a ed. London: John Murray.

BALBI, Adrien (1822). *Essai statistique sur le royaume de Portugal et d'Algarve*, vol. 2. Paris: Chez Rey et Gravier.

BRADFORD, William (1809). *Sketches of the country, character, and costume, in Portugal and Spain, made during the campaign, and on the route of the British army, in 1808 and 1809*. London: printed by William Savage.

CALVO ASENSIO, Gonzalo (1870). *Lisboa en 1870: costumbres, literatura y artes del vecino reino*. Madrid: Imprenta de los Señores Rojas.

CARRÈRE, Joseph-Barthélemy-François (1797). *Tableau de Lisbonne, en 1796: suivi de Lettres écrites de Portugal sur l'état ancien et actuel de ce royaume*. Paris: chez H.J. Jansen

--- (1798). *Voyage en Portugal et particulièrement à Lisbonne en 1796*. Paris: Chez Deterville.

CASTRO, Maria João (2017). "O olhar estrangeiro na Lisboa de oitocentos". *Cadernos de História de Belo Horizonte*, v. 18-28, 318-330.

CLAUSSE, Gustave (1889). *Espagne, Portugal: notes historiques et artistiques sur les villes principales de la péninsule ibérique*. Paris: Librairie de l'art.

CONSTÂNCIO, Francisco Solano (1822). "Resenha analítica de «Politico-Sattistique sur la Monarchie Portugaise, par Adrian Balbi, Paris, 1822»". *Anais das Ciências, das Artes e das Letras*. Paris: A. Bobbe, t. 16.

COPPÉE, François (1892). *Les capitales du monde*. Paris: Hachette.

"Critical notices" (1826). *The New Monthly Magazine and Literary Journal*, 1 julho, 269-274.

GLEIG, George Robert (1853). *The Light Dragoon*. London: G. Routledge & C.

HUGHES, Terence McMahon (1847). *An Overland Journey to Lisbon at the Close of 1846: With a Picture of the actual state of Spain and Portugal*, vol. 2. London: Henry Colburn.

JACKSON, Catherine Charlotte (1874). *Fair Lusitania*. London: Richard Bentley & Son.

KINSEY, William Morgan (1828). *Portugal Illustrated*. London: Treuttel, Wurtz & Richter

L'ÉVEQUE, Henri (1814). *Costume of Portugal*. London: Colnaghi.

LAN, Jules (1869). *Parallèle entre le marquis de Pombal (1738-1777) et le baron Haussmann (1853-1869)*. Paris: Chez Amyot.

"Landing at Lisbon" (1846). *Chambers' Edinburgh Journal*, n. 130, 27 de junho, 406-408.

LAVIGNE, Alfred Germond de (1880). *Itinéraire général, descriptif, historique et artistique de l'Espagne et du Portugal*. Paris: Librairie Hachette et C^a.

LECLERCQ, Giulio (1884). "Una settimana a Lisbona". *L'illustrazione italiana rivista settimanale degli avvenimenti e personaggi contemporanei*. A. 11, 138-141.

LINK, Heinrich Friedrich & HOFFMANSEGG, Johann Centurius (1808). *Voyage en Portugal fait depuis 1797 jusqu'en 1799*, vol. 1. Traduit d'allemand. Paris: Dentu.

"Lisboa" (1839). *Penny Cyclopaedia of the Society for the Diffusion of Useful Knowledge*. London: Charles Knight & C^a, v. 14, p. 39.

"Lisbon" (1890), in R. G. Green (ed.), *The International Cyclopaedia: a Compendium of Human Knowledge*. New York: drid: Imprenta de Pierart-Peralta.

MORTÁGUA, Maria João & MIRA, Madalena Romão (2017). "Lisboa cosmopolita". In L. Moita (coord.) *A internacionalização de Lisboa: paradiplomacia de uma cidade*. Lisboa: Universidade Autónoma de Lisboa, 257-273.

"Operations of the British Army in Spain" (1809). *The Anti-Jacobin Review and Magazine* v. 33, n. 131-134, 270-275.

O'SHEA, HenryDood, Mead and Company, vol. 9, 70.

"Lissabon" (1855). *Das Ausland: Wochenschrift für Länder-u. Völkerkunde*, vol. 28, 194-195.

"London" (1890), in R. G. Green (ed.), *The International Cyclopaedia: a Compendium of Human Knowledge*. New York: Dood, Mead and Company, vol. 9, 143-148.

MACEDO, Joaquim Antonio de (1874). *A Guide to Lisbon and Its Environs, Including Cintra and Mafra*. London: Simpkin, Marshall & C.; Lisbon: Matthew Lewtas.

MARGAROT, Maurice (1870). *Histoire ou relation d'un voyage qui a duré près de cinq ans*, vol. 1. Londres: Imprimerie de G. Bigg.

"Mélanges historiques et géographiques: observations sur Lisbonne, par un officier anglais" (1827). *Nouvelles Annales de Voyages et des Sciences Géographiques*. Paris: Librairie de Gide Fils, s. 2, t. 6, v. 36, p. 93.

MERSON, Olivier (1857). *Lisbonne: histoire, monuments, mœurs*. Paris: Librairie de L. Hachette & C^a.

MIÑANO Y BEDOYA, Sebastián de (1826). "Galicia". In *Diccionario Geografico-Estadístico de España y Portugal*. Ma George (1885). *Guide to Spain and Portugal*. Edinburgh: Adam & Charles Black.

PAZOS JUSTO, Carlos (2011). "A imagem da Galiza e dos galegos em Portugal entre fins do século XIX e primeiras décadas do XX: do imago tipo negativo ao imago tipo de afinidade". *Veredas: Revista da Associação Internacional de Lusitanistas*, 16, 39-70.

--- (2012a). "De «João de Redondella» a *Os Galegos são nossos irmãos*: aproximação à imagem da Galiza e dos galegos em Portugal nos inícios do século XX", in L. Leal & M. J. Fernández García (eds.) *Imagologías Ibéricas: construyendo la imagen del otro peninsular*. Mérida: Gobierno de Extremadura. Gabinete de iniciativas transfronterizas, 379–386

--- (2012b). "Estratégias de socialização e vinculação com a metrópole do enclave galego de Lisboa entre os séculos XIX e XX", in *Novas achegas ao estudo da cultura galega II: enfoques socio-históricos e lingüístico-literários*. Coruña: Universidade da Coruña, 353-362.

RATTAZZI, Marie (1880). *Le Portugal à Vol d'Oiseau*. Paris: A. Degorce-Cadot.

--- (1881). *Portugal de Relance*. Lisboa: Livraria Zeferino.

RECLUS, Onésime (1892). *A Bird's-eye View of the World*. Boston: Ticknor and Company.

REIMERS, J. C. (1844). *Völkerkunde, oder, Lebensweise, Sitten und Gebräuche der verschiedenen Völker der Erde*. Zwickau: Bücherpanorama Zwickau-Planitz.

PÉNE, Henry de (1853). "Esquisses Portugaises". *Revue contemporaine*, 11, 211-

RIBBECK, Wilhelm (1820). *Wilde Rosen aus Eugenio's Nachlasse: Handschrift für Freunde*. Besel: Gedruckt bei M. Becker.

ROUFFEYROUX, Léonce de (1880). *Le Portugal*. Paris: E. Dentu Éditeur.

SMITH, Alfred Charles (1870). *Narrative of a Spring Tour in Portugal*. London: Longmans, Green & C^a.

SOUTHEY, Robert (1808). *Letters Written During a Journey in Spain and a Short Residence in Portugal*, vol. 2. 3^a ed. London: Longman, Hurst, Rees & Orme. A 1^a ed. é de 1797.

"Square of the Little Pilar in Lisbon" (1835). *The Saturday Magazine*, 156, 217-218.

The Lisbon Guide, Or, An Historical and Descriptive View of the City of Lisbon and its Environs (1853). Lisbon: Printed by António Joaquim de Paula.

VOGEL, Charles (1860). *Le Portugal et ses Colonies; tableau politique et commerciale de la Monarchie Portugaise*. Paris: Guillaumin et C^a.

WILDE, William Robert (1844). *Narrative of a Voyage to Madeira, Tenerife and Along the Shores of the Mediterranean*. Dublin: William Curry, Jun. and Company.

Os «puntos cegos» da violencia machista

Silvia Pérez Freire

Universidade de Vigo
silviapf@uvigo.gal

Resumo:

A violencia de xénero foi e segue sendo un asunto controvertido. O seu tratamento diferencial en función da época situouna primeiro na invisibilización, logo nunha denominación fragmentaria e aínda hoxe segue sen acadar un total recoñecemento social (véxase o actual negacionismo de parte da poboación).

Neste artigo preténdese reflexionar sobre algúns aspectos da violencia de xénero que seguen sen ser abordados como tales (serían os seus «puntos cegos») e que son representados polo comercio sexual das mulleres (prostitución - explotación sexual - trata sexual) e os seus diverxentes tratamentos xurídico-políticos que exemplifican unha distinción perversa e intencionadamente confusa (alegal - tolerable - punible).

Palabras chave:

Comercio sexual, violencia machista, puntos cegos, invisibilización.

Abstract:

Gender-based violence has been and continues to be a controversial issue. Its differential treatment over time has first rendered it invisible, then fragmentarily labeled, without ever achieving full social recognition (as evidenced by the current denialism among parts of the population). This article seeks to reflect on certain aspects of gender-based violence that remain unaddressed as such (considered its 'blind spots'), specifically those represented by the sexual commerce of women (prostitution – sexual exploitation – sex trafficking) and the divergent legal and political approaches that exemplify a deliberately confusing and perverse distinction (legal limbo – tolerable – punishable)

Keywords:

Sexual commerce, gender-based violence, blind spots, invisibility

*"Se unha persoa define unha situación como real,
ésta sera real nas súas consecuencias"*

Teorema de Thomas
(Thomas, 1928:572)

Introdución

Cando se debate sobre a prostitución, é fundamental aclarar se todos estamos a falar do mesmo. Definir con precisión este fenómeno é crucial, así como identificar a súa dimensión e os perfís das persoas implicadas. A partir de aí, é posible explorar as súas causas e consecuencias e determinar como a sociedade debería responder a este fenómeno desde diferentes institucións. A maneira en que se aborda a prostitución está influída polas nosas percepcións iniciais, o que guía a nosa atención cara certos aspectos e deixa outros na sombra, en liña coa idea da teoría dos imaxinarios sociais e o seu código de relevancias (presencias - o que se destaca) e opacidades (ausencias - o que se oculta). Para podermos facer esta operación, Xoán Luís Pintos aclara o seguinte:

"os imaxinarios vincúlanse ao empírico e os seus mecanismos, non as ideas ou crenzas da xente. Non pregunta «que se cre a xente?» senón «que sucede para que a xente se crea determinadas cousas?. E iso sucede nunha sociedade específica que produce certos mecanismos que deciden acerca da observabilidade do observable"

(Pintos, 2014:8).

A prostitución é un fenómeno social marcado pola opacidade. Este contexto xera distorsións, lexitimadas por narrativas históricas e culturais baseadas en ideoloxías masculinas. Así, mesmo definir o termo «prostitución» non é simple, xa que a definición tradicional, coma a ofrecida pola Real Academia Española, ("actividade de quen mantén relacións sexuais con outras persoas a cambio de diñeiro", RAE: 2014) pode parecer neutral pero invisibiliza as desigualdades de xénero inherentes ao fenómeno: as mulleres son quen maioritariamente se prostitúen, mentres que os homes son maioritariamente quen se pagan. Este feito asimilado como obvio esconde moitas significacións.

Desde unha perspectiva feminista, a prostitución configúrase como un indicador da inequidade de xénero, reflectindo relacións de poder que perpetúan o control sexual sobre as mulleres. Seguindo a lóxica dos imaxinarios sociais imos facer un breve percorrido polos pilares nos que se sustentan as percepcións colectivas da

prostitución nas nosas sociedades patriarcais e de que maneira articúlase e lexitímanse as narrativas existentes sobre os seus «mundos» construíndo «realidades» que guían a opinión pública e o noso pensamento/comportamento arredor dela.

Aclarando conceptos...

«Con estos "mimbres" ...»
refrán popular

Imos tentar clarificar algúns aspectos claves entre diferentes situacións sen esquecer que as distincións que imos a conceptualizar trátanse dunha construción xurídica contemporánea, isto é, establecéronse estes límites na actualidade pero non sempre foi así e, por suposto, é cambiante a futurible (esperemos que para mellorar). Prostitución, explotación sexual e trata sexual son situacións polas que transitan as mulleres no comercio sexual en diferentes momentos da súa vida e este feito non é baladí e posúe non pouca importancia xa que nos está revelando que todos esos contextos son asimilados pola persoa como un *continuum*, dependendo de factores diversos que fan posible a retrata, por exemplo. Vexamos en que consisten.

Aínda que a prostitución non está penada (non é delito e así debe ser para non agravar a situación de vulnerabilidade na que se atopan as mulleres que a exercen), posúe un réxime xurídico que poderíamos denominar de alegal (existen disposicións, normativas e/ou directrices con ambigüidades significativas que poñería en dúbida esta acepción: non tanto por axenidade pero sí como unha actividade por conta propia, Gavilán: 2015). Con todo, o código penal español sí castiga a conduta de terceiros *"quen se lucre explotando a prostitución doutra persoa, aínda co consentimento da mesma"* (art.187.1 do CP). Unha vez máis aquí a «persoa» soe ser fundamentalmente muller (cuestión a resaltar, unha vez máis) e a explotación deberase acreditar, en calquera caso, por atoparse en a) *"situación de vulnerabilidade persoal ou económica"* ou b) *"que se lle impoñan para o seu exercicio condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas"*. Algo que a «todas luces» non inflúe para nada, tanto para os establecementos acuartelados existentes para estes efectos por todo o noso territorio (clubs, putiferios, pisos, discotecas e máis recentemente, redes sociais, blogs, outros sitios webs, onlyfans, etc) como para os seus rexidores e titulares (fundamentalmente, homes, por certo).

Atopámonos aquí ante a primeira interferencia que posúe unha grave contradición pero que opera de maneira funcional para cada un dos sistemas dos que forman parte: a explotación sexual está penada pero é amplamente tolerada (tanto

socialmente como, por extensión, polos operadores xurídico-policiais encargados de perseguir delitos, como veremos). E neste contexto desenvólvese outro delito que si é perseguible actualmente, como é a trata sexual. Neste caso, o único que incorpora o articulado do código penal que o sustenta é que a explotación sexual debера estar organizada de orixe, isto é, con *"captación, transporte, traslado, aollida ou recepción dunha persoa... abusando dunha situación de superioridade ou necesidade ou de vulnerabilidade... coa finalidade da explotación sexual, incluída a pornografía..."*, entre outras finalidades (ver artigo 177 bis do noso código penal). Este delito non implica necesariamente que exista un cruce de fronteiras de forma irregular (tráfico) e a situación de vulnerabilidade é definida da maneira seguinte: *"cando a persoa en cuestión non ten outra alternativa, real ou aceptable, que someterse ao abuso"*. Neste último contexto (trata sexual) as institucións consideran que se trata dunha gravísima vulneración dos dereitos humanos e desígnanse recursos e circulares internas para a realización de inspeccións que fagan posible e, sobre todo, «aparente», a persecución do mesmo. Non é nada fácil discernir cando unha muller atópase nunha situación de explotación sexual ou de trata sexual (iso conlevaría coñecer algo da súa vida e de como chegou alí onde é detectada) pero o contexto de explotación sexual sí posúe unha fácil e case inmediata identificación (acceso sinxelo a potenciais probas documentais de cargo, como o rexistros informais da actividade realizada, etc). Aínda que o delito de trata sexual non prescribe ata os dez anos e se a vítima é menor, o cómputo temporal empezaría a contar desde os 35 anos para facilitar a súa denuncia, infelizmente os resultados, como veremos, non están mermando o fenómeno, mais ben, ao contrario. Nesa liña, os organismos internacionais levan aconsellando décadas na necesaria inversión na identificación proactiva mediante investigacións que integren unha perspectiva de dereitos humanos tendo en conta o posible trauma das vítimas e proporcionando protección tan pronto se observen indicadores básicos, ou avanzando hacia enfoques comunitarios e de saúde pública para progresar fora do sistema de xustiza penal, por exemplo (UNODC, 2023). Sucede, con todo, que o contexto sociocultural no que se estrutura este sistema e situacións permea e obstaculiza que se articulen respostas eficaces, de momento.



O continuum da xustaposición do mercado sexual
Fonte: elaboración propia

A dimensión do que estamos a falar... cuantifiquemos!... se podemos

O comer e o rañar: todo é empezar
refrán popular

Segundo o último e recente Macroestudo sobre a "Trata, explotación sexual y prostitución de mujeres: una aproximación cuantitativa" (Ministerio de Igualdad, 2024) ofrécese unha estimación a partir da análise dos anuncios cos que se publica o mercado sexual a través da intelixencia artificial. Os resultados non se atopan moi lonxe doutros estudos realizados a eses mesmos efectos e que estarían apuntando algo que xa se leva prognosticando desde fai tempo: a gran diversificación deste comercio cunha listaxe moi avultada de actividades e plataformas que xa levara a finais do pasado século a falar de industria sexual (axencias de «call girls» / acompañantes, salóns de xogo e masaxe, sexo virtual, etc) e que na era de internet estes datos atópanse fácil e deliberadamente accesibles para que sexan perfectamente localizables os lugares e as mulleres, principalmente (como todo bo anuncio de publicidade, mesmo tamén enmascarándose nas páxinas de emprego de «milanuncios» ou tamén en webs pornográficas). Neste estudo estímase que existen 114.576 mulleres identificadas no período 2018-2023 no mercado prostitucional en España, cifras moi próximas a outros realizados polo estado desde outras instancias.

Por exemplo, o denominado informe Escode "*Impacto de una posible normalización profesional de la prostitución en la viabilidad y sostenibilidad futura del sistema de pensiones de protección social*" do antigo Ministerio de traballo e asuntos sociais que no ano 2006 estimou un total de 113.426 das que denominou «traballadoras sexuais» e que poderían constituírse como potenciais altas de afiliacións á seguridade social, sinalando que este feito obtería un impacto do 0,6% na cotización total do país, fora esta por axenidade e do 3,74% se a cotización fora por conta propia (Malgenesi, 2006). A Asociación de Inspectores de Facenda no ano 2014 realizou tamén un informe moi controvertido polo debate mediático ocasionado entón titulado "*Reforma fiscal española y «agujeros negros» del fraude. Propuestas y recomendaciones*" na que se concluíra na conveniencia de que determinadas actividades «ilícitas» se incorporaran ao sistema tributario (véxase: tráfico e consumo de drogas, prostitución, blanqueo de capitais e contrabando). A fundamentación principal residía no afán recaudatorio, principalmente, xa que cuantificábase en 18.000 millóns de euros o diñeiro que move en España esta economía sumerxida supoñendo unha perda anual de aproximadamente 5.000 millóns de euros que a administración pública non estaba ingresando de forma

directa. Tamén recomendábase a legalización da marihuana aínda que *"el comentario económico es similar al del mundo de la prostitución, aunque con un volumen de negocio inferior"* (IHE, 2014:73).

Segundo o último informe do Centro de intelixencia contra o terrorismo e o crimen organizado dependente do Ministerio do Interior (CITCO, 2024) realizáronse 1.677 inspeccións en lugares de exercicio da prostitución no noso país e detectáronse 7.049 persoas en situación de risco de trata e explotación sexual no ano pasado. Nese mesmo período identificáronse 294 vítimas de trata sexual (das cales, 287 foron mulleres e nenas). Isto sitúa en 6.755 identificadas como vítimas explotadas sexualmente. Destas, as nacionalidades frecuentes son colombianas, venezolanas, paraguaias, rumanas e na quinta posición, españolas, algo inusual, dado que a partir dos anos 80 do pasado século a maior parte da poboación en situación de prostitución son mulleres empobrecidas vidas de países estranxeiros (este perfil tamén está expandíndose).

Cruzando ambos datos de referencia, isto supón que se foron identificadas 294 vítimas de trata sexual por parte do CITCO (2024: 6) das 114.576 potenciais mulleres no sistema prostitucional (sendo aquí 9.027 consideradas de alto risco de trata sexual sinaladas polo Ministerio de Igualdade, 2024:163), só se están a identificar a un 3,25% das mulleres en alto risco. A isto engadamos os datos da última memoria de Fiscalía General do Estado na que destácase que houbo un incremento significativo dos procedimentos xudiciais incoados no 2023 respecto do anterior (116 e 91, respectivamente) e que ao referirse as denominadas «diligencias de seguimento» poden estar arrastrándose de anos anteriores, é dicir, pertencer a un só procedemento, tal e como se explica na memoria anterior (FGE 2024: 623 e FGE 2023: 1218). Os datos son cativos e claramente indican que se teñen que mellorar nos procedimentos. Respecto da explotación sexual a mesma memoria do 2024 advirte:

"Se consolida igualmente la ubicación mayoritaria de los lugares de explotación sexual en pisos, chalets y casas particulares, aun cuando siguen existiendo víctimas explotadas en clubes de alterne y en la calle. Muchos fiscales delegados y cuerpos policiales especializados insisten en las limitaciones para investigar la explotación sexual que se desarrolla en espacios privados al estar amparados por el derecho a la inviolabilidad del domicilio y a la intimidad, siendo también más difícil el acceso a las mujeres por parte de las ONG, al estar sometidas las víctimas a un mayor nivel de control"

(FGE 2024:627)...

ademais de que...

"con el auge de las nuevas tecnologías, los tratantes han adaptado su modus operandi al ciberespacio, aprovechando las plataformas digitales y la tecnología para anunciar, reclutar, y explotar a posibles víctimas, así como para facilitar la movilidad de los beneficios obtenidos, haciendo de este método una amenaza emergente, especialmente para las personas jóvenes"

(FGE 2024:628).

Afirmase que *"es evidente que el fenómeno de la trata de seres humanos exige un abordaje de género, que asuma sin ambages la situación de mayor vulnerabilidad en que se encuentran las mujeres"* (FGE 2023: 624) aínda que que isto non se traduza en actuacións específicas e reglamentarias. Suxírese ademais que quizáis sexa pertinente revisar as competencias da audiencia nacional sobre esta materia, a da explotación sexual, xunto con outras colindantes, como é a propia trata sexual, a pornografía infantil, a delincuencia económica e a cibercriminalidade (FGE 2023:1218). Entendemos perfectamente que non esteamos satisfeitos cos resultados neste tema.

As relevancias: a subcultura prostitutiva

"ou follamos todos ou a puta ao río"
refrán popular

Ata aquí fixemos un breve marco conceptual para comprender o feito social da prostitución e a súa dimensión na nosa sociedade. Agora é pertinente abordar como a interpretamos e vemos porque seguramente explique, en parte, a situación de desprotección na que se atopan as dúcias de miles de mulleres en situación de trata sexual, explotación sexual e prostitución no noso país, máxime se concurren outros condicionantes que interseccionan e agravan considerablemente esta situación de vulnerabilidade de partida (migrantes, situación administrativa irregular, que non falan o idioma castelán, que posúen unha disfunción, unha adición, unha enfermidade mental grave, unha infección crónica, etc).

Lembremos oportunamente que non foi ata o ano 2010 que España tipificou o delito de trata de seres humanos e que o fenómeno ata entón tiña unha tratamento cuasi administrativo e vinculado ao tráfico ou cruce ilegal de fronteiras pero de repente a actividade do comercio sexual, amplamente tolerada no eido

socio-económico de todo o noso territorio, se se organiza en orixe, converteuse nunha grave vulneración dos dereitos humanos. Algo que segue a ser difícil de asimilar tendo en conta que forma parte dun mesmo sistema socio-cultural: desde o mais concreto e directo (o prostitucional), ata o máis xeral e indirecto (o patriarcal) ou mellor, fratriarcal (Magda, 2019), que da máis conta dos pactos dinámicos máis sutís «entre homes». Tamén poderíamos aludir, se o preferimos, a unha estrutura estruturante, como diría Bourdieu (1988), que moldea a acción individual e social dos individuos, unha demarcación da conducta na que formarían parte os seguintes elementos: a) misoxinia e racismo, b) mitos e esteriotipos femininos machistas, c) corrupción institucionalizada.



Subcultura prostitutiva
Fonte: elaboración propia

Chegados a este punto quizáis debamos pararnos un momento a reflexionar sobre unha cuestión que se repite constantemente na nosa historia recente: todos os importantes avances na adquisición de dereitos para as mulleres nas sociedades contemporáneas ou, como neste caso, de recoñecemento de sanción penal sobre violencias anteriormente non recoñecidas como tales, tiveron un tratamento moi controvertido e cunha reacción patriarcal moi potente. Esta soe consistir primeiro na deslexitimación da propia causa en si, e logo non conseguido este obxectivo en termos xurídicos, pásase ao escarnio público e/ou cuestionamento das vítimas e sobrevivintes.

Velaí o sucedido no seu día coa lei contra violencia de xénero no ámbito da parella: falo do recurso de inconstitucionalidade interposto na súa aprobación e desestimado polo tribunal competente en primeiro lugar e logo a deriva posterior respecto do cuestionamento da «palabra»/testemuños das vítimas e os bulos sobre as denuncias falsas (delictivas e perseguibles por fiscalía, que soen dar datos sobre a súa insignificancia estatística ano tras ano, pero que non consegue disipar

a súa desaparición no debate público). Mención especial merece a inclusión aínda hoxe nos xuzgados de familia do falso SAP (síndrome de alienación parental) que segue coleteando nos operadores xurídicos malinformados ou non formados en materia de xénero ou do exercicio de represalias adestradoras, como a mediática operación archivadada contra a Asociación Infancia Libre de nais protectoras das súas crianzas ante os abusos sexuais denunciados polas nenas (lembrems que a policía nacional as acusaba de trama criminal que impulsaba denuncias falsas para perxudicar aos pais), caso Juana Rivas, ou a recoñecida desprotección das vítimas e sobrevivintes migrantes ante a xustiza en sentencias cheas de prexuízos e mala praxis, etc (Toledano Buendía, C. & Del Pozo Triviño, M., 2014; UNODC, 2017; Pikara Magazine, 2022; Aspacia, 2023). Outro exemplo máis actual e sumamente controvertido sucedeu tamén coa denominada Lei do "sí só é si" e o seu tratamento político e, sobre todo, mediático, con moita dose de información sesgada e interesadamente confusa (un gran estudo de caso sobre esta reacción patriarcal ante un cambio de paradigma no tratamento penal dos delitos sexuais). Outros casos mediáticos impactantes supuxeron a constatación da modificación da cultura do silencio ante a violencia de xénero: o caso Rocío e os seus documentais en *prime time* televisivo achegou ao opinión pública a violencia vicaria e máis recentemente, o caso Dani Alves puxo de manifesto que o cumprimento dun bo protocolo de actuación desde o inicio protexe as vítimas de violación, mesmo cando os agresores son persoas famosas e con poder (aínda así, quedou constancia de que os medios de comunicación tamén precisan a vontade de aplicar uns mínimos de boas prácticas ante estes casos). Se ante este tipo de violencias os medios de comunicación seguen a reproducir esteriotipos e lexitimacións machistas, no caso da prostitución, todos estes elementos agrávanse e esperpentízanse, (Puñal, 2017) máxime cando seguen a formar parte da corrupción política e empresarial do máis alto nivel (caso das tarxetas black en Andalucía, dos empresarios putañeiros con menores en Murcia ou máis recentemente, caso Ábalos).

A un nivel xurídico, ademais de que existen delitos vinculados ao comercio sexual que simplemente non se perseguen pola súa tolerancia social (e no que poidan estar a intervir elementos vinculados á xenofobia; IOM, 2024; Haas, 2024) outros só se inician ou rastrexan cando existen unha serie de características fácilmente recoñecibles polos operadores e, sobre todo, procesalmente xustificables (é dicir, cando se atopan cunha situación de trata sexual clara e diáfana). En calquera caso, neste materia tampouco existiron grandes cambios desde a tipificación do delito e o comercio sexual segue a contar cunha base socioeconómica estruturada e, sobre todo, amplamente aceptada socialmente. Infelizmente, o recente aprobado Anteproxecto sobre a que será a Lei integral contra a trata de persoas no noso país segue sen tramitarse nin a estar suficientemente alienado coas últimas direc-

trices europeas nin coas recomendacións do grupo de expert@s GRETA, sobre todo e en particular, cos imprescindibles avances nas medidas preventivas destinadas a desalentar a demanda (Parlamento Europeo, 2024; Consello de Europa, 2023; Xunta de Galicia, 2022). O seu impacto será seguramente moito menor do que cabría esperar e o coñeceremos tamén, segundo a nova reacción patriarcal (o seu percorrido irá da man do desenvolvemento reglamentario e a súa designación orzamentaria, por outra parte).



Á esquerda, "Corruptos y puteros: no es sexo, sino exhibición de poder masculino" (El periódico de España, 05/03/2023) e á dereita, "Los seis empresarios condenados por prostitución de menores en Murcia no ingresarán en prisión" (Público, 09/10/2024)

Os mitos e os estereotipos femininos machistas

"Entre bomberos non nos pisamos a manguera"
refrán popular

Para achegarnos a esta cosmovisión da subcultura prostitutiva vamos empregar os mitos e as representacións sociais como ferramentas de análise, dado que son «ordenadores da realidade» e expresións craves dos imaxinarios sociais, os cales combinan a razón, percepción e imaxinación para dar sentido aos fenómenos sociais. A diferenza dos mitos antigos, os mitos modernos non se basean en orixes divinas ou universais, senón en procesos sociais fragmentados e efémeros que inflúen na percepción colectiva e xeran narrativas que embelecen ou distorsionan a realidade (serían os denominados mitos sociogónicos, Rivière, 1990). Na actualidade, a cultura da imaxe e o entretemento de masas contribuíron a diversificar estes mitos, transformando desexos insatisfeitos e realidades sociais en fantasías idealizadas e obxectos de culto. No que se refire ao «mundo da prostitución» o estereotipo patriarcal da muller - santa ou puta - centrífugase nun contexto político e discursivo polarizado en dúas figuras tamén extremas e que veñen a representar aquelas que son admisibles e funcionais nos sistemas sociais e na subcultura prostitutiva: son as figuras da muller «escrava

escravizada» (que sería a da vítima de trata sexual vinculada a imaxe das cadeas e o secuestro) ou a da «puta viciosa perversa» (todas as demáis) que, aínda que poderían ser a mesma persoa, como sabemos, exorcizan dous fetiches sociais que aspiran a trascender o real, e perpetuar as estruturas de poder e as desigualdade existentes.



Imos da «escrava escravizada» á «puta viciosa perversa»: dúas caras da mesma moeda («minas» no argot) que operan para retroalimentar o sistema socio-cultural do xénero no que a subcultura prostitutiva ten un lugar central.

Na prostitución dase ademáis un efecto multiplicador desta mitificación ao constituírse como un espazo paralelo de ilusión masculina, onde os desexos e fantasías materialízanse sen consecuencias aparentes, algo que se expandiu desde a pandemia do Covid-19 (Asociación In Género, 2021; Médicos do Mundo, 2023). Segundo Barthes (1999:238): «a función do mito é eliminar o real, é estrictamente, un derrame incesante, unha hemorraxia ou se, se prefire, unha evaporación, en síntese, unha ausencia sensible». A través desta mitificación, constrúense relatos que non só embelecen a realidade, senón que tamén enmascaran as dinámicas de poder e desigualdade. No caso da prostitución ilustra como os mitos reforzan estruturas de xénero desiguais e preséntase como un espazo físico ou virtual separado do mundo real, un escenario de fantasía masculina no que se cumpren desexos sen consecuencias, favorecendo a obxetivización das mulleres e promovendo a homosociabilidade masculina (o éxito dos foros virtuais masculinos como «forocoques» ou mesmo de putañeiros como «foroputas» así como das páxinas pornográficas onde tamén se anuncian e intercambian opinións sobre o mercado sexual, o exemplifican). Por todo elo podemos estar a falar que esta subcultura prostitutiva, dado que se estrutura como un armazón pedagóxico que perpetúa e lexitima a subordinación das mulleres, encubre a violencia e a desigualdade que se caracterizan nunhas dinámicas baixo mitos e prácticas que parecen naturais

ou incuestionables. Esta subcultura, ao vincularse estreitamente cos imaxinarios sociais, contribúe a manter e reproducir estruturas de poder que favorecen o dominio masculino.

O mito é, ademais, un relato (mito-narración) e, á vez, un complexo sistema de crenzas (mito-crenzas) que define un tipo específico de «realidade», como un sistema lóxico ou como unha forma de discurso. Todos os elementos que non formarían parte na construción dese relato «mítico» sería tildado de irreal ou non crible. Isto explicaría por que moitas vítimas de violencia de xénero, (sobre todo na trata e explotación sexual), non son detectadas nin identificadas polo sistema xurídico como tales e mesmo como se obstaculiza a propia construción da autoconciencia da vitimización por parte delas mesmas (os relatos recollidos por parte dos operadores xurídicos, xudiciais, policiais, institucionais, vítimas e putañeiros, entre outros, en diversas investigacións desta índole nos últimos 18 anos apuntan tamén nesa dirección; Pérez Freire, 2012, 2017 e 2023).

Con todo iso, a prostitución enténdese como algo natural e constante ou inmanente na sociedade, mentres que a trata sexual percíbese como algo afastado e excepcional, só aplicable a incertos contextos e persoas. Isto leva a que persistan unha serie de crenzas erróneas: i) a trata considérase un problema que ocorre só en países pobres ou en lugares afastados e só afecta a persoas secuestradas ou violentadas fisicamente; ii) téndese a culpar ás vítimas que consenten inicialmente, ignorando que moitas son sometidas a coaccións posteriormente; iii) existe a percepción de que, se as vítimas non se identifican como tales, non o son realmente, ignorando o control psicolóxico e social que poidan a estar a sufrir; iv) crese que só grandes organizacións criminais poden explotar ás vítimas, cando en realidade hai redes pequenas e familiares que tamén o fan; v) asúmese que a trata implica sempre o cruzamento de fronteiras, invisibilizando a vítimas nacionais e a migrantes en situación legal; vi) pénsase que a trata implica sempre confinamento físico, cando en realidade as ameazas e a coacción psicolóxica son métodos de control moi efectivos e vii) finalmente, existe a crenza de que as persoas comúns non poden facer nada para axudar, dado que se asocia a trata a redes de crime organizado inalcanzables e o certo é que a implicación cidadá é crucial para provocar cambios reais no tratamento deste fenómeno.

Reflexións finais

Cos imaxinarios sociais da prostitución tamén se constrúen socialmente o da explotación e trata sexual. A subcultura prostitutiva o permea todo e ademais, configúrase como un mecanismo de control social das mulleres.

Os mitos e os estereotipos machistas distorsionan a realidade e presentan as mulleres no comercio sexual como figuras mitificadas e polarizadas (víctimas escravizadas ou perversas) que reforzan a estrutura patriarcal.

Actualmente, o sistema prostitucional atópase fortalecido por varios factores clave: a) unha dominación masculina que xera impiedade e é apoiada pola sociedade (manifestada nun tipo de masculinidade hexemónica e machista); b) a existencia dunha corrupción institucional estendida, especialmente nos ámbitos político, xudicial e policial, que segue sen abordar o problema coa seriedade e dilixencia debida e c) a transferencia da responsabilidade da institucionalización da prostitución cara ás mulleres, mentres os homes manteñen o seu rol de putañeiros sen cuestionamentos.

Así, monopolízase o sentido crítico e ético para co fenómeno e as poucas e determinadas vítimas de trata sexual que son identificadas, serven de coartada para calmar unha conciencia social que mira constantemente cara outro lado para non afrontar a cuestión de fondo, que é a prostitución e a violencia sexual, física, psicolóxica, económica e estrutural que representa esta nas nosas sociedades contemporáneas.

Con todo, a prostitución segue a ser o «punto cego» da violencia de xénero e a trata sexual o seu chivo expiatorio.

BIBLIOGRAFÍA

Asociación In género (2021). *El impacto de la Covid-19 en la vida de las personas que ejercen la prostitución: un estudio en cinco comunidades autónomas de España*.

BOURDIEU, Pierre (1988). *La distinción*. Taurus.

Centro de intelixencia contra el terrorismo y el crimen organizado, CITCO (2024). *Trata y explotación de seres humanos en España. Balance estadístico 2019-2023*. Ministerio del Interior, Madrid.

Consello de Europa (2023). *12th General Report GRETA (Group of experts on action against trafficking in Human Beings)*.

De HAAS, Hein (2024). *Los mitos de la inmigración*. Peninsula

Diario Oficial de la Unión europea. Directiva (UE) 2024/1712 del Parlamento Europeo y del Consejo de 13 de junio de 2024.

Fiscalía General do Estado (FGE). *Memoria 2022*. Ministerio de Justicia

Fiscalía General do Estado (FGE). *Memoria 2023*. Ministerio de Justicia

Fundación para la Convivencia Aspacia (2023). *Juzgadas y Discriminadas. La (no) respuesta judicial en casos de Violencia Sexual contra las Mujeres Migrantes en España*. Ministerio de Igualdad.

GAVILÁN RUBIO, María (2015). "Delitos relativos a la prostitución y a la trata de seres humanos con fines de explotación sexual. Algunas dificultades en la fase de instrucción". *Anuario jurídico y económico Escorialense*, XLVII, 103-130.

Impacto de una posible normalización profesional de la prostitución en la viabilidad y sostenibilidad futura del sistema de pensiones de protección social (Escode), MALGESINI, Graciela (2006). (coord) Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Indexa Geodata (2024). *Macroestudio. Trata, explotación sexual y prostitución de mujeres: una aproximación cuantitativa*. Ministerio de Igualdad, Madrid.

IOM, International Organization for Migration (2024). *A Decade of documenting migrant deaths*. Global migration data analysis centre.

Médicos del Mundo (2023). *Prostitución en contextos digitales*. Ministerio de igualdad, Madrid.

Organización profesional de inspectores de Hacienda del Estado (IHE). *Reforma Fiscal española y «agujeros negros» del fraude. Propuestas y recomendaciones*. IHE.

PÉREZ FREIRE, Silvia (2012). *Trata de personas en Galicia*. Xunta de Galicia.

____ (2017). Entrevistas e grupos focales para a Tese "Victimización en la trata sexual: imaginarios e invisibilización" [Dossier de campo]. Universidade de Vigo (Disponible en archivo privado).

____ (2023). Social Imaginaries of Prostitution: transferences in the circle of sexual victimization in Irujo, en *Prostitution in the Basque Country and Nevada*. Center for Basque Studies and University of Nevada, Reno.1 pp.91-107.

Píkara Magazine (2022). "Contar sin legitimizar. Violencias machistas en los medios de comunicación". Ministerio de Igualdad.

PINTOS DE CEA-NAHARRO, Juan L. (2014). Algunas precisiones sobre el concepto de imaginarios sociales. *Revista Latina de Sociología*, 4, 1-11.

PUÑAL RAMA, Ana Belén (2017). Inmigración y prostitución en los contenidos mediáticos. Un análisis diacrónico alrededor de la construcción de la Otra en la prensa gallega y estatal. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 20(Especial), 179-190

<https://doi.org/10.5209/MADR.56231>

Real Academia Española (2014). *Diccionario de la lengua* (23ªed.).

RODRÍGUEZ MAGDA, Rosa María (2019). *La mujer molesta: feminismos postgénero y trasidentidad sexual*. Trincheras.

THOMAS, William I., THOMAS, Dorothy S. (1928). *The child in America: Behavior problems and programs*. Knopf.

TOLEDANO BUENDÍA, Carmen y Del POZO TRIVIÑO, Maribel (2014). *Interpretación en contextos de violencia de género*. Tirant lo Blanch.

United Nations Office on drugs and Crime, UNODC (2017). *Cuestiones probatorias en casos de trata de personas. Compendio de casos*. Naciones Unidas.

United Nations Office on drugs and Crime, UNODC (2023). *Global Report on Trafficking in Persons 2022*. Naciones Unidas.

Xunta de Galicia (2022). *Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024*. Santiago de compostela

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

ADRA é unha revista con periodicidade anual.

Os temas que se abordan na revista son todos aqueles relacionados cunha visión ampla da realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego.

O ámbito preferente da revista é Galicia sen deixar de atender miradas cara outras realidades vinculadas coa nosa cultura ou en contraste con ela.

A revista conta cun sistema de avaliación externa. Unha vez recibido un orixinal, de acordo coas especificacións formais abaixo sinaladas, será enviado a dúas persoas expertas anónimas quen emitirán un informe coas correspondentes modificacións (se foran necesarias) ou rexeitamento (incluíndo os seus pertinentes e razoados argumentos) no prazo máximo de 3 meses desde o acuse de recibo.

Autores e autoras poderán corrixir unha proba de imprenta do seu artigo, sempre e cando remitan as correccións no prazo que lle indique o Consello de Edición que non será superior a 15 días.

O enderezo para o envío de orixinais é:

revistaadra@museodopobo.gal

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores.

O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

Presentación.

Os artigos irán precedidos dunha folla na que figure: título, nome dos autores e autoras, filiación institucional, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.

Levará tamén un pequeno resumo do contido do artigo en galego e inglés, cunha extensión non superior a 10 liñas e entre tres e cinco palabras chave.

Os orixinais presentaranse vía telemática.

A extensión dos artigos será dun mínimo de 12.000 e un máximo de 30.000 caracteres en letra Arial 12 e incluídas fotografías, planos, gráficos e bibliografía

Imaxes.

As imaxes e ilustracións deben ir en arquivo aparte, en formato jpg, con unha resolución mínima de 300 píxeles por pulgada, así como os oportunos

dereitos de reprodución e indicando a súa posición no texto e o pé de foto pertinente.

Citas literais.

Cando sexan breves irán incorporadas no texto, se superan as catro liñas, destacarase nun paragrafo separado, sempre entre comiñas. Todas as citas levarán, tras o peche das comiñas e entre paréntese, a referencia que inclúe: apelido, ano de edición e páxinas. Ex.: (Sierra Rodríguez, 2020, p. 149).

Notas ao pé.

Se prefire a eliminación das notas ao pé mais de ser necesarias deberán numerarse consecutivamente.

Referencias:

As referencias limitaranse aos libros e artigos citados no texto. Presentaranse alfabeticamente ao final do artigo. Se hai varias referencias dun autor irán ordenadas por ano de edición de máis antigo ao máis recente. O enlace electrónico incluírase sempre que sexa DOI ou páxina web da editora ou revista.

A forma de presentar as referencias bibliográficas deben seguir o seguinte modelo:

Libros:

Calo Lourido, F. (2019). *Vida e traballo no mar dos galegos*. Museo do Pobo Galego.

Artigos en publicacións periódicas:

Méndez García, R.M. (2023). Manuscritos e impresos: Arquivo e Biblioteca do Museo do Pobo Galego. *Adra. Revista de socios e socias do Museo do Pobo Galego*, 17, pp. 5-18.

https://www.museodopobo.gal/sites/default/files/2024-05/adra_17_web_0.pdf

Participación en obra colectiva:

Arias Vilas, F., Calo Lourido, F. e Fariña Busto, F. (2022). Justo Beramendi visto por tres patróns do Museo. En Diéguez Cequiel, U.B. e Fernández Cerviño, M. X. (Eds). *Justo Beramendi: galego por elección* (pp. 121-128). Museo do Pobo Galego.

Webgrafía:

Museo do Pobo Galego. (29 de novembro 2024). *Biblioteca e arquivo*. <https://museodopobo.gal/gl/biblioteca-e-arquivo>

Socios patrocinadores

Cortizo Cartera, S.L.
FINSA. Financiera Maderera S. A.
Televés S.A.

Socios protectores

AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias)
Arumia S. L.
Bodegas Terras Gauda
Caixa Rural Galega S. C. C. L. G.
Clínica Dermalar
CRIXP Carne de Vacún de Galicia
Fundación Juana de Vega
Fundación Rodríguez Iglesias
Gadisa Retail S. L. U.
J.J. Chicolino
Leite Noso S.L.
O 16 Casa de Xantar
Pedra Salgada S. L.
Progando S. L.
R. Cable y Telecomunicaciones S.A.U.
Restaurante La Bodeguilla
Restaurante María Castaña



Museo do Pobo Galego

Colabora:



**XUNTA
DE GALICIA**